DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 13 de setembro de 2024

**RPT-6654235

RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 13 DE SETEMBRO DE 2024.

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 8/24, do 24 de xullo.

2. Aprobación da corrección dos erros materiais do borrador da acta da sesión plenaria celebrada o 28 de xuño de 2024.

3. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 17 de xullo ata o 6 de setembro de 2024.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís

4. Aprobación da segunda modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a I Acción positiva contra a toxicidade na rede e Diálogos entre feministas

5. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega para cofinanciar o Programa de actos culturais do ano 2024.

6. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario para cofinanciar a Programación cultural do ano 2024: Ciclo "Martes das artes".

7. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á asociación Amigos da Ópera da Coruña para cofinanciar a realización da Programación Lírica de A Coruña 2024

Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

8. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Culleredo para cofinanciar o Mantemento xeral e reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional "A Escada" no ano 2024 e o correspondente convenio de colaboración.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

9. Aprobación da continuidade da prestación dos servizos de mantemento das licenzas de uso das aplicacións Sicalwin, Firmadoc, GPA e AYTOSFACTUR@ da Deputación Provincial da Coruña, así como o das entidades locais da provincia da Coruña.

10. Aprobación inicial da Memoria de aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros para a regulación do Servizo de xestión do Centro de Produción Virtual VPxR, nomeado " A Coruña, Estudo Inmersivo" (CEI), para o exercicio de esta actividade de carácter económico en réxime de libertade de concorrencia co sector privado da economía, configurada como servizo público provincial de xestión indirecta, mediante un contrato de concesión de servizos.

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

11. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento de marxes da estrada entre Miodelo e San Fiz de Vixoi ata a CP-0801" do Concello de Bergondo, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional

2/2023 co código 2023.2102.0506.0 e levantamento das condicións ás que quedou sometida a aprobación definitiva deste investimento

12. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do saneamento e pavimentación na rúa Doutor Fleming", do Concello de Corcubión, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0350.0

13. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación viais núcleo de Cambeiro (Outes)", do Concello de Outes, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024, co código 2024.2000.0213.0

14. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de viais na parroquia de Velouzás" do Concello de Paderne, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 primeira fase, co código 2022.2102.0425.0

15. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación de servizos e pavimentación no Barrio Campo (Corme Porto) e estación de bombeo de augas residuais en Ponteceso" do Concello de Ponteceso, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 co código 2023.2100.0029.0

16. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Instalación de cuberta en pista de pádel na rúa Santiago do Campo", do Concello de Sobrado incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024 co código 2024.2000.0253.0 levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

17. Dación de conta das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2025.

18. Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a xuño de 2024 e proxección a 31/12/2024.

19. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a xuño de 2024.

20. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a xullo de 2024.

21. Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao segundo trimestre de 2024.

22. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e do seu ente dependente correspondente ao segundo trimestre de 2024.

23. Aprobación da baixa da Deputación da Coruña como socio no Grupo de Acción Local

"Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes".

24. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Camariñas respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Antifraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

25. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Pontedeume. (Recadación voluntaria e executiva da Taxa de recollida de lixo e da Taxa por ocupación de postos no mercado municipal, de carácter non periódico).

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

26. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Coristanco polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da "XLI Festa da pataca"

27. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do "Apoio á candidatura de Ferrol a Patrimonio Mundial da Unesco. Plan de acción 2024"

28. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítima (EXPONAV) para financiar os "Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construción Naval 2024"

29. Aprobación da Addenda ao Convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de sostibilidade turística en destino Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

30. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Asociación Protectora de Animais Gatocan para cofinanciar o proxecto "Ampliación das instalacións para protección de animais domésticos da provincia da Coruña".

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

31. Aprobación do proxecto da obra Reforzo do pavimento na DP 4604 entre o punto quilométrico 12+000 ao punto quilométrico 16+450 (TOQUES E SOBRADO) incluído no Plan de Conservación 2024.

32. Aprobación técnica do proxecto da obra Mellora da seguridade viaria na DP 2502 en Vilaboa (VALDOVIÑO) incluído no Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2024.

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

1.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, en relación ás medidas do Goberno central que supoñen un encarecemento a Galicia das xestións sostibles municipais.

2.Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE en relación á suba do canon que os Concellos abonan a SOGAMA pola xestión dos seus residuos.

3.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG relativa á situación da Educación na Provincia da Coruña.

ROGOS E PREGUNTAS

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 13 de setembro de 2024.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 13 de setembro de 2024, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado de la Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María Del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad De Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María Del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Excusado:

José Ramón Rioboo Castro	PSOE

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deptuación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:10 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

**RPT-6654235

Sr. Presidente

Moi bo día. Empezamos coa orde do día do Pleno ordinario, co primeiro punto deste.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 8/24, do 24 de xullo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 8/24 do 24 de xullo.

2.- Aprobación da corrección dos erros materiais do borrador da acta da sesión plenaria celebrada o 28 de xuño de 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a corrección dos erros materiais do borrador da acta da sesión plenaria celebrada o 28 de xuño de 2024.

3.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 17 de xullo ata o 6 de setembro de 2024.

Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Presidencia desde o 17 de xullo ata o 6 de setembro de 2024.

4.- Aprobación da segunda modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a I Acción positiva contra a toxicidade na rede e Diálogos entre feministas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a segunda modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad de A Coruña correspondente á subvención nominativa concedida polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o 29 de setembro de 2023 no que se refire aos prazos para realización e xustificación do proxecto obxecto do convenio, así como ao prazo de vixencia, de xeito que o texto definitivo do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar a *I Acción positiva contra a toxicidade na rede e Diálogos entre feministas*

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna._____en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____ en nome e representación da Universidade da Coruña

Os/as comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

EXPOÑEN

Primeiro.- A Universidade da Coruña é unha entidade de dereito público que, de acordo co artigo 3 dos seus Estatutos, para o mellor cumprimento dos seus fins, poderá articular as súas actividades con outras universidades, dentro e fóra do sistema universitario galego, e manterá relacións con centros de investigación e institucións culturais e sociais.

De acordo co artigo 4, na realización das súas actividades a Universidade aterase aos principios reitores do Estado social e democrático de dereito, defensa da autonomía e liberdade de cátedra, promoción da calidade e a súa avaliación e o mellor servizo á sociedade e aos membros da comunidade universitaria.

Segundo.- O Centro de Estudos de Xénero e Feministas (CEFEX) constitúe un centro de investigación interdisciplinario que se enmarca no contexto dos centros propios da Universidade da Coruña, un espazo de formación onde se desenvolven cursos en torno a diversas temáticas e dirixidos a distintos tipos de público, co obxectivo de ofertar contidos e formatos de gran calidade que redunden nunha mellora tanto da actividade investigadora como da práctica profesional no caso de persoas que traballan ou queren traballar no eido da igualdade. Tamén é un espazo de encontro e de diálogo en permanente contacto coa realidade social máis próxima, así coma con redes de traballo e comunicación que permiten establecer conexións con outras latitudes

Terceiro.- A Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e ao benestar social.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Universidade da Coruña, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade da Coruña, con CIF Q6550005J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento da *I Acción positiva contra a toxicidade na rede e Diálogos entre feministas,* co obxecto de traballar en diversas perspectivas das desigualdades e violencias que teñen no xénero un factor explicativo.

Os obxectivos son afondar no estudo dos tipos de acoso e outras formas de violencia ás que se ven sometidas ás mulleres políticas nas redes sociais e desenvolver unha acción positiva que contribúa a visibilizar e contrarrestar este fenómeno e tamén achegar á cidadanía diferentes posicionamentos, teóricas e correntes feministas e fomentar unha perspectiva crítica a través do diálogo entre feminismos.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Universidade da Coruña.

A Universidade da Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto		Importe
I acción positiva - Eixe 1. Desenvolvemento do proxecto • Persoal (Contrato media xornada graduada comunicación x 3 meses) • Persoal (Contrato xornada completa graduada informática x 8 meses) • Software - Eixe 2. Difusión proxecto (Participación xornadas, congresos, publicacións, seminarios,..)	 4.989,40 18.638,39 300,00 1.200	**25.127,79**
Diálogos feministas - Honorarios conferencias	 5.175,28	**5.175,28**
Custes UDC: Coordinación proxecto - Persoal propio (investigadora comunicación , 5 horas/mes x 4 meses) - Persoal propio (investigadora informática, 5 horas/mes x 8 meses)	 2.694,00 6.056,00	**8.750,00**
Custes xestións Fundación da UDC		**4.696,93**
Total		***43.750,00***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **35.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80 %**.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 **%**, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23122/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidade da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Universidade da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Universidade da Coruña, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

Empregarase en todas as actividades realizadas o logotipo oficial da Deputación e o de Igualdade que descargarase do apartado de imaxe coorporativa

https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/?utm_source=MenuGlobal&utm_campaign=MenuCabecera&utm_medium=Web

2. Co obxecto de ter información das actividades que se realizan no marco do convenio, a Universidade comunicaranlle á Sección de Servizos Sociais a través do enderezo electrónico igualdade@dacoruna.gal a realización daquelas actividades abertas ao público en xeral.

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da Universidade da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Universidade da Coruña unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo/a representante legal da Universidade da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, materiais editados, de ser o caso, e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os/as acredores/as co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas desde o 1 de xaneiro de 2023 ao 31 de decembro de 2024.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Certificación** na que a Universidade da Coruña acredite que ten as autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro 2023 e o 31 de decembro de 2024**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Universidade da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se

teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financieira indicada pola Universidade da Coruña.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Universidade da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Universidade da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade da Coruña poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo

o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2023**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para

o Exercicio de 2025 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Universidade da Coruña, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes prececeptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

5.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega para cofinanciar o Programa de actos culturais do ano 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión duhna subvención nominativa, por importe de **60.000,00 €**, á Real Academia Galega para cofinanciar o *Programa de actos culturais do ano 2024*, cun orzamento subvencionado de 75.000 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por

entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2025 autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega para financiar o *Programa de actos culturais do ano 2024.*

Na Coruña, a

REUNIDOS

D/Dna. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. _____, en nome e representación da Real Academia Galega.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Real Academia Galega é unha institución científica, con personalidade xurídica propia, que ten como obxectivo fundamental o estudio da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego, tal e como consta nos estatutos vixentes, aprobados por Real decreto 271/2000, do 25 de febreiro.

Esta circunstancia refórzase tamén polas disposicións do Decreto 392/2003, do 23 de outubro da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia que *"en atención á importante labor que no fomento da cultura e da investigación realizan as Academias"* regula as competencias da Comunidade Autónoma en materia de Academias de Galicia.

No dito decreto *"se procede á definición destes institutos xurídicos como corporacións de dereito público que teñen como finalidade primordial o fomento, a investigación e o desenvolvemento das ciencias, das artes, das letras e da cultura, en xeral. Esta natureza pública venlles dada como órganos que son asesores da Administración nos termos establecidos en cada caso pola normativa vixente."*

2.- De conformidade co artigo 2 dos Estatutos, son finalidades da Real Academia Galega:

a) Establecer as normas referidas ao uso correcto da lingua galega, conforme ao disposto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización lingüística en Galicia, do Parlamento de Galicia.

b) Estudar e propoñer a restauración da onomástica galega.

c) Velar polos dereitos do idioma galego.

d) Defender e promover o idioma galego.

e) Asesorar aos poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social.

f) Estudar e dar a coñecer o patrimonio literario e documental da institución.

g) Decidir a personalidade literaria á que cada ano se lle dedica o día das letras galegas.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Real Academia Galega,** con CIF: Q1568003F, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da *Programa de actos culturais do ano 2024,* que se indica deseguido:

Actividade 1: XXXIV edición dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas. Galego sen fronteiras.

Actividade 2: Primavera das Letras 2024 dedicada a Luísa Villalta.

Actividade 3: Serie documental Luísa Villalta: rebelión da palabra.

Actividade 4: Ingreso de Anxo Angueira Viturro como académico numerario da Real Academia Galega.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Actividade 1: XXXIV edición dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas. Galego sen fronteiras

Bolsas de estudos: 42 bolsas x 400,00 € e 7 bolsas x 600,00 €	21.000,00
Conferenciantes: 200,00 € x 5	1.000,00
Docentes de nivel superior: 500,00 € x 2 e 600,00 € x 2	2.200,00
Docentes de nivel medio: 1.000,00 € x 1	1.000,00
Docentes de nivel elemental: 1.000,00 € x 2	
2.000,00	
Docentes de prácticas de nivel elemental e medio: 700,00 € x 4	2.800,00
Actividades culturais	1.500,00
Excursións	900,00
Gastos de desprazamento	200,00

Persoal de administración, organización, dirección	1.900,00
Gastos de seguridade social	1.400,00
Gastos de papelería e similares	400,00
Total actividade 1	*36.300,00 €*

Actividade 2: Primavera das Letras 2024 dedicada a Luísa Villalta

Ilustracións para a biografía de Luísa Villalta e dereitos de reprodución	1.913,15
Texto literario infantil, biografía de Luísa Villalta	2.500,00
Maquetación biografía infantil de Luísa Villalta	589,85
Reportaxe fotográfica presentación Primavera das letras	199,65
Concurso "Contádenos o voso Día das Letras galegas", compra de libros premio	1.000,00
Contádenos o voso Día das Letras galegas:autobuses e outros desprazamentos	1.800,00
Merchandising, gastos de papelería e similares	311,86
Total actividade 2	*8.314,51 €*

Actividade 3: Serie documental Luísa Villalta: rebelión da palabra.

Produción e guión	6.050,00
Gravación en 15 xornadas	4.961,00
Montaxe da serie	3.448,50
Dereitos musicais	1.573,00
Subtitulado 6 vídeos	484,00
Postprodución	2.117,50
Identidade visual e deseño gráfico	1.089,00
Viaxes e dietas gravacións	605,00
Total actividade 3	*20.328,00*

Actividade 4: Ingreso de Anxo Angueira Viturro como académico numerario da RAG.

Impresión discurso	1.895,92
Streaming, emisión en directo	868,87
Reportaxe fotográfica	381,15
Interpretación linguaxe signos	300,00
Gastos de papelería	228,00
Total actividade 4	*3.673,94*

Gastos indirectos

*Gas*tos correntes e de funcionamento necesarios para o desenvolvemento das actividades propostas	6.383,55
Total gastos indirectos	*6.383,55*
Total orzamento	***75.000,00 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000 €,** o que representa unha porcentaxe do 80,00 %**.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está

financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre o que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Real Academia Galega, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos proveedores; entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audivisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Real Academia Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2024.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Real Academia Galega para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financieira indicada pola Real Academia Galega na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Real Academia Galega terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de

colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2025, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia Galega, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as dispoisicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

6.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario para cofinanciar a Programación cultural do ano 2024: Ciclo "Martes das artes".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de 20.000,00 €, á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario para cofinanciar a *Programación cultural do ano 2024: Ciclo "Martes das artes" e actividades culturais na provincia da Coruña*, cun orzamento subvencionado de 25.000 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidenta da Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15 de xullo de 2024.

3- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2025 autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da *Programación cultural do ano 2024: Ciclo "Martes das artes" e actividades culturais na provincia da Coruña.*

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a ……., en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a ……., en representación da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario

EXPOÑEN

1.- A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, fundada por Real decreto do 31 de outubro de 1849, é unha institución científica, con personalidade xurídica propia, que ten como obxectivo fundamental o cultivo das belas artes en todas as súas varias manifestacións dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como consta nos estatutos vixentes, aprobados por Decreto 141/2004, do 25 de xuño.

Esta circunstancia refórzase tamén polas disposicións do Decreto 392/2003, do 23 de outubro da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia que *"en atención á importante labor que no fomento da cultura e da investigación realizan as Academias"* regula as competencias da Comunidade Autónoma en materia de Academias de Galicia.

No dito decreto *"se procede á definición destes institutos xurídicos como corporacións de dereito público que teñen como finalidade primordial o fomento, a investigación e o desenvolvemento das ciencias, das artes, das letras e da cultura, en xeral. Esta natureza pública venlles dada como órganos que son asesores da Administración nos termos establecidos en cada caso pola normativa vixente."*

2.- Nos fins da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario resaltan o estudo, salvagarda e promoción das artes e, por conseguinte, do patrimonio

cultural galego. Funcións especificadas nos seus estatutos e desenvoltas a través dos plenarios e en actividades, polos académicos numerarios, de honra e correspondentes, todos eles profesionais e especialistas de recoñecido prestixio nas seccións de Pintura, Gravado, Arquitectura, Arqueoloxía e Museoloxía, expertos nas Artes e Artes da Imaxe.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, da administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura e, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio das actividades presentadas pola Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario

4.- Polas razóns sinaladas e co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, co NIF: Q1568002H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial d***a Programación cultural do ano 2024: Ciclo "Martes das Artes" e actividades culturais na provincia da Coruña.***

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Servizos de profesionais independentes	
Honorarios conferenciantes	5.000,00
Honorarios músicos: concertos	2.000,00
Gravación de conferencias, concertos, e actividades culturais	5.000,00
Coordinación das actividades organizadas dentro do "Martes das artes"	5.808,00
Comisariado dos distintos ciclos dentro do Programa "Martes das artes"	3.692,00
Publicidade, propaganda e relacións públicas	
Material gráficos e difusión das actividades	2.600,00
Subministracións	
Gastos xerais	900,00
Total orzamento	**25.000,00**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria

que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, asumindo, xa que logo, as conseguintes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación se achegarán copias das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario queda

sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable,.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

7.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á asociación Amigos da Ópera da Coruña para cofinanciar a realización da Programación Lírica de A Coruña 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"**1.-** Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á asociación Amigos da Ópera da Coruña, por importe de **90.000 €**, para cofinanciar *a realización da Programación Lírica da Coruña 2024,* cun orzamento subvencionado de *357.772,00 €*, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidenta da Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 26 de agosto de 2024.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar *a realización da Programación Lírica da Coruña 2024*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a –---------- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e
Don/a –---------- en representación da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

EXPOÑEN

1.- No ano 1952 constituíuse a asociación Amigos da Ópera da Coruña, entidade de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é o de cultivar e fomentar a ópera, mediante a organización, tanto de representacións, como de todas aquelas actividades que poidan conducir á expansión e coñecemento dela.

Para acadar estes fins realizaranse representacións de ópera, concertos, conferencias, exposicións, proxeccións e todas aquelas relacionadas cos fins da asociación.

O día 1 de febreiro de 1989, e, ao amparo do disposto na Lei de Asociacións 191/64, aprobáronse os seus estatutos vixentes e, por acordo da Xunta Xeral do 18 de febreiro de 2003, adecuáronse ao modelo proposto na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo.

2.- Amigos da Ópera da Coruña, decana entre as asociacións españolas, goza dun enorme prestixio recoñecido por galardóns como o Premio de Honra da Lírica Española, que en 2018 concedéronlle por unanimidade todos os teatros e festivais de ópera estatais.

3.- As súas propostas atraen non só ao público galego senón ao resto de España e

mesmo a nivel internacional, facendo da cidade da Coruña, e por extensión de toda Galicia, un escaparate musical de recoñecida tradición, vitalidade e actualidade musical, apoiado pola afluencia dun gran público fiel que asiste ás actividades que se realizan cada ano, esgotando as localidades, e constituíndo, por tanto, un reclamo turístico de primeira orde que se necesita apoiar.

A través da organización da Programación Lírica da Coruña, Amigos da Ópera brinda desde 1953 o espazo para canalizar esas actividades nun ámbito tan importante como o do xénero lírico, o principal das artes escénicas.

4.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura e, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio das actividades de promoción da ópera no ano 2024.

5.- Polas razóns sinaladas e co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da asociación Amigos da Ópera da Coruña co NIF G15037930, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da ***realización da Programación Lírica da Coruña 2024*** que terá lugar entre os meses de setembro e novembro deste ano, coa seguinte programación:

➢*Óperas*

- L'elisir D'Amore de Gaetano Donizetti. Teatro Colón da Coruña. 27 e 29 de setembro,19:00 horas

- Pálido Punto Azul. Ópera de Javier Otero Neira (estreo absoluto) Teatro Rosalía de Castro. 12/11/2024, 19:00 Horas

➢*Actividades Paralelas*

- Conferencia "Elisir D`Amore" Arturo Reverter. Auditorio Afundación. 26/10/2024, 19:00 horas

- Conferencia "Pálido Punto Azul" polo autor. Auditorio Afundación. 11/11/2024, 19:00 horas

- Proxección das Óperas: A Rondine, Edgar e A Fanciulla del West

- Proxección da película de Juan Vara "Só hai horizonte" e posterior coloquio: Auditorio Afundación. 15/11/2024, 19:00 horas

- Proxección das películas: A Bohème, de King Vidor 1926, Puccini, Carmine Gallone 1953 e Hechizo de Luna, Norman Jewison 1987

- Ópera Kids: Auditorio Afundación (día a determinar).

**RPT-6654235

➢*Recitais:*

- Nosos intérpretes. Teatro Rosalía de Castro. 15/9/2024, 19:00 horas Canción Galega e Española. Javier Franco, barítono e José Ramón Martín, piano

- Concerto de clausura ao Curso Maxistral de Canto Carlos Álvarez. Auditorio Afundación. 5/10/2024, 19:00 horas. Ópera e zarzuela alumnos do curso de Interpretación 2024

- Long time ago. Teatro Rosalía de Castro. 23/10/2024, 19:00 horas. Donaudy, Hahn Schubert, Bellini, Ravel, Copland, Shostakovich, Mussorgsky. Thomas Marko Mímica, baixo-barítono e Marcos Madrigal, piano

- Ciclo lírica inclusiva. Centros cívicos da cidade da Coruña 12 ao 19 e 26 de outubro. 19:00 horas

- Xeración ascendente. Auditorio Afundación. 22/11/2024, 19:00 horas. Ópera, zarzuela e canción: Mónica Redondo

- Novas voces. Museo de belas artes da Coruña, 19:00 horas. Canción formal galega e actual. Andrea Rey, mezzo soprano e Aurelio Viribay, piano

➢*Clases maxistrais de CARLOS ÁLVAREZ. Do 30 ao 5 de outubro no Conservatorio da Coruña.*
Concerto final Auditorio Afundación 7 de outubro, 20:00 horas

➢*Gala final Hui He, Beatrice Veneci e a OSG. Teatro Colón. 29 de novembro, 19:00 horas.*
Peche da 72º Tempada de Amigos de la Ópera de A Coruña

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola asociación Amigos da Ópera da Coruña

A asociación Amigos da Ópera da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Contratacións externas

Cachés, persoal técnico de dirección e dirección artística
217.223,00

Compras de bens destinados á actividade

Produción, escenografía e outros técnicos (tramoyistas, electricistas, sastras…)
96.445,00

Publicidade

Publicidade, marketing, audiovisuais, imprenta e comunicación
26.364,00

Desprazamentos

Gastos de viaxes e aloxamento
17.740,00

Total
357.772,00€

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha **achega en metálico**, por importe máximo de **90.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **25,15569 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 25,15569 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que a asociación Amigos da Ópera da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle á asociación Amigos da Ópera da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á asociación Amigos da Ópera da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas dentro da Programación lírica da Coruña 2024, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Amigos da Ópera da Coruña nun máximo de dous prazos, unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma SUBTEL) a seguinte documentación:

* Memoria das actividades realizadas, subscrita polo representante legal da Asociación Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Para o cobro do último prazo, ademais, presentarase a seguinte documentación:

* Memoria final de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Liquidación final dos gastos realizados e dos ingresos públicos ou privados obtidos, a fin de determinar que o importe dos ingresos non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a

achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2024.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á asociación Amigos da Ópera da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á asociación Amigos da Ópera da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola asociación Amigos da Ópera da Coruña.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A asociación Amigos da Ópera da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta

subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a asociación Amigos da Ópera da Coruña poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a asociación Amigos da Ópera da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da asociación Amigos da Ópera da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á asociación Amigos da Ópera da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da asociación Amigos da Ópera da Coruña, realizada polo menos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuádruplo exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

8.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Culleredo para cofinanciar o Mantemento xeral e reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional "A Escada" no ano 2024 e o correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 70.000,00 €, ao Concello de Culleredo para cofinanciar o *Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional "A Escada" no ano 2024,* cun orzamento subvencionado de 164.549,41€, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidenta da Comisión de Política Social, Educación e Mocidade, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 26 de agosto de 2024.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no centro ocupacional "A Escada" no ano 2024*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a –---------- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a –----------en representación do Concello de Culleredo.

EXPOÑEN

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo

o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

Na lei de servizos socias para Galicia 13/2008, art. 63 mencionánse as competencias da Deputación no apoio xurídico económico e técnico cara aos concellos, nos temas da súa competencia, sendo os programas de inserción e integración das persoas con discapacidade de competencia dos concellos, polo que está xustificado o apoio desta Deputación para levar adiante o programa de actividades do que se trata no convenio, consistente en facilitar ás persoas con diversidade funcional o acceso a actividades ocupacionais, o que supón unha actividade de integración e de mellora da calidade de vida destas.

Que o Concello de Culleredo no ámbito das súas competencias, ten un Centro ocupacional para persoas adultas con discapacidade intelectual, denominado “A Escada”.

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Culleredo, con NIF P1503100H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no centro ocupacional “A Escada” no ano 2024.*

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Culleredo.

O Concello de Culleredo desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
Gastos de persoal	Pedagoga	57.140,62 €
	Monitora taller	35.891,22 €
	Pedagogo	29.733,67 €
	Auxiliar administrativa	4.479,00 €
	Xefa de Sección de Atención especializada	8.875,90 €
Mantemento de edificio e maquinaria	Mantemento alarma e reparacións eléctricas, maquinaria taller, mantemento calefacción, contenedores hixiénicos, extintores, fontanería, pintura do centro, limpeza, etc	9.000,00 €
Subministracións	Obradoiros artesanía, cociña, teléfono, vestiario, farmacia, gas, luz, etc	3.000,00 €
Transporte		14.100,00 €
Seguros		320,00 €
Traballos a realizar por outras empresas	- Obradoiro físico deportivo	2.009,00 €
TOTAL GASTOS		164.549,41 €

**RPT-6654235

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **70.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 42,54041 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 42,54041 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Culleredo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Culleredo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Culleredo, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as actividades do Concello de Culleredo, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

O logotipo da Deputación Provincial da Coruña debe figurar na paxina web de inicio do Centro Ocupacional A Escada.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Culleredo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Culleredo do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2023.

* **Orzamento** da entidade para o exercicio 2024**,** plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Culleredo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*** Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Culleredo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Culleredo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demáis responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Culleredo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financieira indicada polo Concello de Culleredo.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Culleredo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Culleredo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a

utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Culleredo deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Culleredo poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Culleredo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Culleredo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de

protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Culleredo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Culleredo, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten naturaleza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

9.- Aprobación da continuidade da prestación dos servizos de mantemento das licenzas de uso das aplicacións Sicalwin, Firmadoc, GPA e AYTOSFACTUR@ da Deputación Provincial da Coruña, así como o das entidades locais da provincia da Coruña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"APROBAR A continuidade da prestación dos SERVIZOS DE MANTEMENTO DAS LICENZAS DE USO DAS APLICACIÓNS SICALWIN, FIRMADOC, GPA E AYTOSFACTUR@ DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, ASÍ COMO O DAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA. EXPEDIENTE PCO.001.2018.00393, nas mesmas condicións que o contrato principal, con arranxo aos Pregos que o rexen, aprobados mediante Resolución da Presidencia número 19113 de data 3 de xuño de 2019, que será realizada polo adxudicatario do contrato principal AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.L.U, con NIF B41632332 e domicilio na Avda. Blas Infante, 6, 2ª Planta; 41400 Écija (Sevilla), nas seguintes condicións:

- Prazo: Dende o 27 de setembro de 2024 até o 26 de xuño de 2025 (nove meses) ou até que se formalice o novo contrato que está en tramitación identificado co número de expediente PCO.001.2024.00583, de ser anterior ao 26 de xuño de 2025

- Prezo: A prórroga realizarase pola parte fixa do contrato, correspondente aos servizos de soporte e mantemento, cun máximo de:

Servizos parte fixa	Presuposto 9 meses IVE incluído
Mantemento Exclusive Deputación, Servizos centrais	38.903,50
Mantemento Exclusive de 98 Entidades Locais da provincia da Coruña	106.722,00
Mantemento Exclusive aytosFactur@	8.712,00
Presuposto anual parte fixa	00

- Financiamento: A prórroga poderá financiarse do seguinte modo:

ANUALIDA DE	PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	NÚMERO OPERACIÓN	IMPORTE
2024	1 trimestre 2024	0730/49121/22799	RC 220240037906	12.967,83
		0730/49122/22799		38.478,00
2025	2 trimestres 2025	0730/49121/22799	RCP 220249000499	25.935,67
		0730/49122/22799	RCP 220249000500	76.956,00
			0	**00**

O financiamento da prórroga queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito idóneo e suficiente para financiar os deberes derivados do contrato no exercicio correspondente (2025).

Así mesmo queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio de acordo coa normativa vixente no momento."

10.- Aprobación inicial da Memoria de aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros para a regulación do Servizo de xestión do Centro de Produción Virtual VPxR, nomeado " A Coruña, Estudo Inmersivo" (CEI), para o exercicio de esta actividade de carácter económico en réxime de libertade de concorrencia co sector privado da economía, configurada como servizo público provincial de xestión indirecta, mediante un contrato de concesión de servizos.

INTERVENCIÓNS

Sr. Presidente

Aquí hai unha emenda técnica presentada polo departamento, explícaa o deputado.

Sr. Penas Corral

Bo día a todas e a todos. Neste sentido, con respecto ao que se presentou na Comisión do servizo, hai unha modificación, unhas pequenas modificacións que eu paso a ler onde din respecto, ao código CPV recollido nos pregos, modificar onde di "920001 Servizo de Esparcemento, Cultura e Deportivos", por "9210002, Servizo de Cine e Vídeo".

No que é a epígrafe 7 do anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares, non o vou ler enteiro porque é moi longo, pero o redactado final sería a epígrafe 7, cláusula 8, prazo de presentación de ofertas: "As ofertas presentaranse no prazo de 30 días naturais, a contar desde o día seguinte ao data da publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante. O anuncio de licitación non se publicará no perfil de contratante antes da súa publicación no *Diario Oficial da Unión Europea*. Con todo, en todo caso, poderá publicarse se o órgano de contratación non recibiu notificación da súa publicación a 48 horas de confirmación da percepción do anuncio enviado á Oficina de Publicacións da Unión Europea".

A outra é: Na cláusula 38 do prego de cláusulas administrativas, modificar onde di: «De igual maneira, o adxudicatario deberá realizar os maiores esforzos para que as producións de cinema e ficción realizadas no centro fagan difusión da súa condición de beneficiarios indirectos do apoio facilitado por estas institucións mediante instalación destes logos nos títulos de crédito, baixo a frase "Coa participación do Centro de Produción Virtual VPR A Coruña, Estudio Inmersivo", substituíndoa por: "De igual maneira, o adxudicatario deberá realizar os maiores esforzos para que as producións de cinema e ficción realizadas no centro fagan difusión da súa condición de beneficiarios indirectos do apoio facilitado por estas institucións mediante inserción destes logos nos títulos de crédito baixo a frase "Coa participación da Deputación da Coruña CEI Coruña, Estudio Inmersivo". Estas son as modificacións que se propón. Tedes a documentación, o que pasa é que creo que a documentación se fixo chegar no día de hoxe, creo.

Sr. Presidente

Moi ben. Procedemos á votación da emenda primeiro.

Vótase a emenda:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Seguidamente, vótase o ditame coa emenda incorporada:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta membros presentes que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

"PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Memoria de aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros para a regulación do Servizo de xestión do Centro de Produción Virtual VPxR, nomeado " A Coruña, Estudo Inmersivo" (CEI), para o exercicio de esta actividade de carácter económico en réxime de libertade de concorrencia co sector privado da economía, configurada como servizo público provincial de xestión indirecta, mediante un contrato de concesión de servizos.

A tal efecto, quedan integrados na Memoria e son obxecto de aprobación conxunta, os seguintes documentos :

1º. O Regulamento do servizo (Anexo I)
2º. O Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá o contrato (Anexo II)
3. O Prego de prescricións técnicas (Anexo III).

SEGUNDO.- Proceder á exposición pública da Memoria e os documentos Anexos que a acompañan mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro electrónico por prazo de TRINTA DÍAS, durante os que todas as persoas interesadas poderán presentar as suxestións ou alegacións que estimen convenientes. Para este efecto, o texto desta Memoria quedará insertado na páxina web da Deputación e tamén na sede electrónica, posibilitándose así o seu coñecemento, coa configuración dun formulario para a presentación, no seu caso, de suxestións e alegacións.

Transcorrido este prazo de exposición pública, o Pleno da Corporación á vista das suxestións e alegacións adoptará o acordo que proceda; porén, no caso de que non se presente suxestión ou reclamación ningunha, o acordo elevarase automáticamente a definitivo, publicándose no Boletín Oficial da Provincia co texto íntegro da Memoria e os seus anexos, unha vez transcorrido o prazo do artigo 65.2 da Ley 7/1985, de 2 de abril.

TERCEIRO.- Condicionar a aprobación do expediente de contratación para a concesión do servizo á aprobación definitiva do regulamento do servizo, no que se contén o réxime xurídico básico de dito servizo, e en consecuencia adiar o anuncio de licitación ata que se produza a dita aprobación definitiva.

Condicionar o inicio da actividade económica á aprobación da Ordenanza reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias, que será obxecto de aprobación unha vez adxudicado o contrato de concesión de servizos, tomando en consideración as tarifas propostas polo adxudicatario na súa oferta."

MEMORIA DOS ASPECTOS SOCIAIS, XURÍDICOS, ECONÓMICOS, FINANCEIROS E TÉCNICOS PARA O EXERCICIO DA INICIATIVA PÚBLICA ECONÓMICA NO MARCO DO PROXECTO ECOSISTEMA DIXITAL DO SECTOR AUDIOVISUAL DA CORUÑA (EDAGA),
"A CORUÑA ESTUDIO INMERSIVO (CEI)"

- **EXPEDIENTE: 2023000021366**
- **DESTINO: PLENO DA CORPORACIÓN E PERSOAS INTERESADAS EN XERAL.**
- **AUTORES: MEMBROS TÉCNICOS DA COMISIÓN POLÍTICO-TÉCNICA DESIGNADA NA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA 21085/2023, MODIFICADA POLA RESOLUCIÓN 36442/2023, DE 2 DE OUUBRO.**

I. INTRODUCIÓN.

O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, dependente da Vicepresidencia Primeira do Gobierno, convocou a través de Red.es unha liña de axudas destinadas a crear ecosistemas dixitais no sector audiovisual. Estas axudas estas con fondos Next Generation EU, en concreto no marco do compoñente 25 Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que incorpora unha reforma (R1) e un investimento (I1) para converter a España no Hub Audiovisual de Europa (Spain AVs/AVS/AVs/AVS Hub).

A propia Comisión Europea considera que o sector audiovisual é crucial para protexer a soberanía e diversidade cultural. Con esta idea presente, tenta fornecer a industria con vistas a mellorar a alfabetización mediática e potenciar a distribución transfronteiriza das obras audiovisuais.

Neste contexto e tendo en conta os retos que debe afrontar o sector e a propia estratexia establecida no Plan de impulso ao sector audiovisual, a Deputación da Coruña, a través da Oficina Next Generation presentouse á convocatoria cun proxecto para a creación dun estudio de produción virtual que será pioneiro en España.

Con data de 29/11/2022, o Director de Servizos Públicos Dixitais da Entidade Pública Empresarial, M.P., e Órgano Instrutor da Convocatoria de axudas no ámbito da Sociedade da Información para a creación dun ecosistema dixital no sector audiovisual, segundo o disposto na Orde ETD/677/2022, do 14 de xullo, propón a concesión dunha axuda á Deputación provincial da Coruña de 5.041.000,00 €, para un orzamento de execución de 6.746.960,00€ (Nº de expediente na convocatoria: 2022-H221-00207935):

DEPUTACIÓN DA CORUÑA	1.705.960,00 € (25,28 5)
FONDOS NEXT GENERATIONEU	5.041.000,00 € (74,72 %)
TOTAL	6.746.960,00 €

Co proxecto Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual de Galicia (EDAGA), Coruña Estudio Inmersivo (CEI), a entidade provincial quere impulsar o sector audiovisual galego, pola súa aportación á economía, á identidade cultural galega e á proxección de Galicia e España no exterior, dotando tecnicamente un plató virtual de última xeración de 735,10 m2, que o situará na vangarda internacional no dito ámbito, o que permitirá potenciar o nivel competitivo das empresas do audiovisual galego.

**RPT-6654235

O proxecto foi concibido como un espazo especializado na produción virtual, permitindo xerar contidos inmersivos de ficción, realidade virtual e aumentada, contidos de aplicación no ámbito cinematográfico, televisivo, publicitario e de videoxogos, que a súa vez xerarán un produto final de aplicación para sectores como a educación ou o turismo.

Neste contexto, dispor no futuro inmediato dun estudio virtual dotado de ferramentas, software e equipamento evitará que as produtoras galegas teñan que desprazarse a outros territorios para realizar parte dos seus traballos, ou que sigan improvisándose estudios en grandes espazos comúns sen os recursos adecuados. Isto redundará nunha mellora da eficiencia das empresas do sector e nunha maior xeración de valor engadido e riqueza para Galicia.

Por outra banda, a dispoñibilidade deste tipo de instalacións en Galicia tamén resulta moi atractiva para outras produtoras españolas e estranxeiras que, cada día con máis intensidade, están a desprazarse a Galicia ou España para rodar os seus exteriores.

É pois un proxecto que se aliña plenamente con algúns dos eixos definidos polo Hub Audiovisual e da Industria Cultural, situando a Galicia como un territorio idóneo e competitivo para a localización de rodaxes, producións e pos producións.

En definitiva, este proxecto estará integrado na Cidade das TIC que permitirá crear importantes sinerxías entre os sectores TIC e Audiovisual. Ademais, a Universidade da Coruña xa imparte actualmente o “Grao en Comunicación Audiovisual” e o “Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos”, así como o “Máster en produción xornalística e audiovisual, promovendo o talento dixital que innegablemente vai necesitar o sector audiovisual nun futuro cada vez máis próximo e que require infraestruturas especializadas como a que creará a Deputación da Coruña, a través deste estudo de produción virtual.

II. ANÁLISE SOCIECONÓMICA: O SECTOR AUDIOVISUAL NA CONTORNA ECONÓMICA DA PROVINCIA DA CORUÑA[1].

1. O sector audiovisual en Galicia e na Provincia da Coruña.

O sector audiovisual representa o 28,3% do conxunto das industrias culturais e estas, á súa vez, o 2,4% do PIB español. No caso de Galicia, ten un peso económico cada vez maior. De feito, o audiovisual galego está formado por máis de 400 empresas, cunha facturación próxima aos 500 millóns de euros e con máis de 2.300 empregos directos. En concreto, a provincia da Coruña alberga a máis do 50% das empresas do sector existentes en Galicia.
Galicia sitúase entre as catro primeiras autonomías en xeración de contidos audiovisuais de toda España. A nosa comunidade está á vangarda da ficción nacional, con empresas líderes na industria cinematográfica e televisiva e con datos alentadores.
Ademais, o Informe Anual de Contidos Dixitais España 2020 establece que a facturación da industria de contidos dixitais alcanzou no ano 2019 os 14.550 millóns de euro, cunha variación interanual de +9,1%.

O número de empresas dedicadas a actividades relacionadas co desenvolvemento, edición, distribución e comercialización de contidos alcanzou en 2019 as 9.979 cun

1 Este epígrafe foi redactado polo asesor externo Don Antonio Paz García, pertecente á entidade ESTRATEGA CONSULTING GLOBAL, S.L., empresa contratada para o asesoramento técnico neste proxecto segundo Resolución da Presidencia 2024/16970, de 25 de abril.

**RPT-6654235

emprego xerado 94.906 persoas.

O Informe sobre o estado da cultura en España establece que o sector audiovisual incrementou a súa actividade económica a nivel mundial, repercutindo moi positivamente no emprego e xerando un efecto dinamizador noutros sectores da economía.

Segundo o estudo Global Screen Production – The Impact of Film and Television Production on Economic Recovery from COVID/COVID-19Lo o sector audiovisual xera a nivel mundial 14,2 millóns de empregos, dos cuales 9,8 millóns pertencen a outros sectores incorporados á cadea de valor da produción. Non ámbito das industrias culturais (ICC), a industria audiovisual é unha industria máis grande que os sectores musicais ou editoriais, e tamén exerce un efecto multiplicador sobre o ICC.

2. A produción virtual.

A produción virtual (VP) é un campo emerxente que combina técnicas cinematográficas tradicionais con tecnoloxía de vangarda para crear contornas e experiencias inmersivas en tempo real. Esta tecnoloxía está a transformar a industria audiovisual, ofrecendo novas posibilidades creativas e optimizando os fluxos de traballo de produción.
Entre os seus principais características poden destacarse as seguintes:

- Integración de mundos físico e dixital: A VP combina elementos reais e virtuais nun mesmo espazo, permitindo crear escenarios complexos e custosos de maneira máis eficiente.

- Visualización en tempo real: Os actores e o equipo poden ver os resultados da produción de forma instantánea, facilitando a colaboración e a toma de decisións.

- Redución de custos e tempos de produción: A VP elimina a necesidade de construír decorados físicos ou filmar en locaciones remotas, o que pode aforrar tempo e diñeiro.
- Maior flexibilidade creativa: A VP abre un abano de posibilidades creativas sen precedentes, permitindo crear mundos e experiencias que antes eran imposibles.

Actualmente, o mercado da produción virtual atópase en auxe, cun crecemento anual estimado do 25% ata 2028. Este pulo vese impulsado pola adopción da tecnoloxía por parte de diversos sectores, como o cinema, a televisión, os videoxogos, a publicidade e os eventos en vivo. Ademais, espérase que a produción virtual continúe crecendo nos próximos anos, a medida que a tecnoloxía se volva máis accesible e sofisticada. A VP ten o potencial de revolucionar a forma en que se crea e se expón o contido, ofrecendo experiencias máis inmersivas e atractivas para as audiencias.
Entre os factores que impulsan este crecemento atópase, fundamentalmente, os seguintes:

- Avances tecnolóxicos: A mellora na potencia dos computadores, a calidade das pantallas LED e o software de realidade virtual está a impulsar a innovación na produción virtual.
- Demanda de contido inmersivo: As audiencias buscan cada vez máis experiencias envolventes e realistas, o que converte á VP nunha ferramenta atractiva para os creadores de contido.
- Redución de custos: A VP pode ser unha solución máis rendible que a produción tradicional, especialmente para proxectos a gran escala ou con localizacións complexas.

3. A incidencia social e económica do proxecto.

A posta en marcha do Centro de Produción Virtual VPxR na Cidade das TIC da Coruña ten potencial de xerar un impacto significativo na economía, a sociedade e a cultura a nivel local, provincial e rexional. A continuación, preséntase unha breve análise preliminar sobre os posibles impactos, tanto directos como indirectos e inducidos:

3.1. Impacto económico.

- **Creación de emprego:** Estímase que o VPxR podería supoñer un relevante impacto en termos de emprego e xa non só polos directamente xerados no centro, senón os indirectos a nivel de industria auxiliar e complementaria.
- **Desenvolvemento de provedores locais:** O centro estimulará a demanda de produtos e servizos de provedores locais, como empresas de cátering, aloxamento, transporte e servizos técnicos.
- **Atracción de investimentos:** O centro podería atraer investimentos de empresas do sector audiovisual e doutras industrias relacionadas, como a realidade virtual, a realidade aumentada e os videoxogos.
- **Aumento do PIB:** derivado de todo iso, o VPxR podería xerar un impacto notable en termos de PIB para A Coruña.

3.3. Impacto social

- **Mellora da formación:** O VPxR ofrecerá oportunidades de formación en novas tecnoloxías de produción audiovisual, o que beneficiará aos profesionais do sector e aos estudantes.
- **Maior inclusión:** O centro podería promover a inclusión social ao ofrecer oportunidades de emprego e formación a persoas con diferentes perfís e habilidades.
- **Mellora da calidade de vida:** O VPxR contribuirá a mellorar a calidade de vida na Cidade das TIC e na Coruña en xeral, creando unha contorna máis dinámica e atractivo para vivir e traballar.

3.4. Impacto cultural.

- **Fomento da creatividade:** O VPxR proporcionará un espazo para que os creadores de contido exploren novas posibilidades creativas e experimenten coas últimas tecnoloxías.
- **Promoción da cultura galega:** O centro podería ser utilizado para producir contido que promova a cultura e o patrimonio de Galicia a nivel nacional e internacional.
- **Consolidación da Coruña como un hub audiovisual:** O VPxR contribuirá a consolidar á Coruña como un referente no sector audiovisual a nivel nacional e internacional.

3.5. Impactos indirectos e inducidos

Ademais dos impactos directos mencionados anteriormente, o VPxR tamén xeraría impactos indirectos e inducidos na economía, a sociedade e a cultura da rexión. Estes impactos inclúen:

- **Creación de empresas:** O centro podería estimular a creación de novas empresas no sector audiovisual e noutras industrias relacionadas.
- **Aumento do turismo:** O VPxR podería atraer a turistas interesados en coñecer as novas tecnoloxías de produción audiovisual e a cultura galega.
- **Mellora da imaxe da Coruña:** O centro contribuiría a mellorar a imaxe da Coruña como unha cidade moderna, innovadora e atractiva para investir e vivir.

En conclusión, a posta en marcha do Centro de Produción Virtual VPxR na Cidade das TIC da Coruña ten o potencial de xerar un impacto positivo e significativo na economía, a

sociedade e a cultura da rexión.

O centro podería crear empregos, atraer investimentos, estimular a formación, fomentar a creatividade e consolidar A Coruña como un referente no sector audiovisual a nivel nacional e internacional.

4. Previsións sobre a demanda e oferta de produción virtual.

4.1. Previsións sobre a demanda.
A produción virtual (VP) está a revolucionar a industria audiovisual, ofrecendo novas posibilidades creativas e económicas para a produción de películas, series de televisión, publicidade, videoxogos e outros contidos.
4.1.1. Mercado a nivel mundial.
Segundo as publicacións especializadas, a dimensión do mercado da produción virtual a nivel mundial alcanzou en 2023 os 2.500 M€, o cual distribúese do seguinte modo:

- Segundo aplicación: un 40% para cinema e televisión, un 30% para publicidade, un 20% para videoxogos e un 10% para eventos en vivo.
- Segundo tecnoloxía: 70% en pantallas LED, 20% en proxección e 10% en realidade aumentada.

Ademais, é probable que a crecente demanda de efectos visuais (VFX) nos estudos de produción cinematográfica de todo o mundo e o crecente alcance da aplicación da produción virtual en anuncios comerciais impulsen o crecemento do mercado.

A concentración de usuarios finais no mercado atópase nun nivel moderado. O segmento de películas e televisión domina actualmente o mercado, seguido polo segmento de anuncios e vídeos online. Ademais, espera que a diversificación cara a eventos en vivo, xogos e turismo virtual reduza a concentración do mercado durante o período previsto
Por segmentos , o de software representou a maior participación nos ingresos do 41,8% en 2023 e espera que manteña o seu dominio de 2024 a 2030. Espera que as crecentes aplicacións de efectos visuais e gráficos xerados por computadora en películas e anuncios comerciais inflúan positivamente no crecemento do mercado. Un aumento na implementación da produción virtual e a expansión de diversos produtos na industria do xogo tamén terán un impacto positivo no crecemento do mercado. Ademais, os continuos avances tecnolóxicos nas solucións de software de produción virtual permiten o desenvolvemento de contido atractivo mediante a incorporación de funcións VFX avanzadas. Ademais, espera que a crecente inclusión da aprendizaxe automática e a aprendizaxe profunda nas solucións de produción virtual impulse o desenvolvemento de software con características de maior valor agregado, impulsando o crecemento do segmento.

Prevese que o segmento de hardware se expanda a un ritmo significativo e espérase que ocupe a segunda posición, en termos de ingresos de mercado, de 2024 a 2030. Isto pódese atribuír ao aumento considerable no uso de pantallas de vídeo wall LED de produción virtual para imaxes de fondo en tempo real necesarias para sesións fotográficas internas.

Asemade, espérase que o uso cada vez maior de tecnoloxía de produción virtual en estudos de cinema e programas de televisión impulse a demanda de hardware, como estacións de traballo de captura de movemento, sistemas de cámaras virtuais e cámaras de simulación. Considérase que a crecente popularidade dos deseños 3D e os personaxes virtuais realistas para películas e videoxogos impulse a demanda de tarxetas gráficas para computadora. Por exemplo, en xaneiro de 2022, Sony Corp. engadiu un

cristal LED para mellorar a súa produción de vídeo.

Sony Innovation Studios redefiniu os escenarios para producións de cinema e televisión coa súa tecnoloxía máis recente que xera datos de nubes de puntos volumétricos 3D no Xapón. Prevese que o segmento de servizos xurda como o segmento de máis rápido crecemento entre 2024 e 2030. O crecente número de vídeos novos en diversas plataformas de transmisión está a fomentar o crecemento do segmento de servizos. Prevese que o segmento rexistre a CAGR máis alta do 20,1% de 2024 a 2030.
O segmento de películas representou a segunda maior participación nos ingresos do 28,5% en 2023. Un aumento substancial nos orzamentos de produción cinematográfica e o alto uso de VFX en Hollywood e outros estudios cinematográficos rexionais impulsan o crecemento deste segmento. A crecente tendencia de trasladar a transmisión de películas de salas de cinema e multicines a plataformas over-the-top (OTT) permite aos cineastas chegar a unha audiencia máis ampla, o que espera que impulse o crecemento do segmento de 2024 a 2030. O segmento de series de televisión é espera que rexistre a CAGR máis rápida de 2024 a 2030.

Isto pode atribuírse á maior penetración de televisores nas rexións en desenvolvemento. Ademais, a crecente adopción de televisores intelixentes con características tecnolóxicas avanzadas, como Internet integrada e web interactiva, permite aos usuarios acceder a Internet, ver páxinas web, ver vídeos e ver presentacións de fotografías nestes dispositivos. Prevese que o segmento eclipsará ao segmento de películas, en termos de ingresos totais do mercado, e terá a maior participación ao final do período de prognóstico.

O segmento de posproducción representou a maior participación nos ingresos do 50,7% en 2023. Isto pódese atribuír ao seu papel crucial na edición e colaboración de vídeos posteriores á filmación con gráficos e efectos visuais (VFX). Espera que o segmento sexa testemuña de oportunidades de crecemento prometedoras durante o período de prognóstico debido ao aumento constante de novos proxectos de produción de vídeo en varias plataformas de vídeo a nivel mundial e aos cineastas que adaptan os métodos de produción virtual debido ás limitacións causadas polo brote de COVID-19. Por exemplo, en agosto de 2023, Mo-Sys Engineering anunciou a incorporación de Content Server Solution VP Prol XR LED na Universidade Solent en Southampton, Reino Unido. Está equipado cunha parede LED e un panel de iluminación Mimik, que ofrece unha combinación de iluminación e reflexos cinematográficos. Esta configuración, xunto con StarTracker e VP Prol XR de Mo-Sys, está destinada a mellorar os cursos de produción cinematográfica na Universidade de Solent. Prevese que o segmento de produción rexistre unha CAGR prometedora de 2024 a 2030.

Por rexións, o mercado de produción virtual en América do Norte representou a maior participación do 36,5% en 2023. Isto pódese atribuír á ampla aplicación da produción virtual nos principais estudios cinematográficos da rexión, incluídos NBC Universal, Viacom CBS, Warner Media e Walt Disney Estudios. Ademais, os importantes investimentos de empresas da rexión en actividades de I+D para desenvolver solucións avanzadas de software de produción virtual tamén apoian o desenvolvemento do mercado rexional. Espérase que o mercado de produción virtual de EE.UU. creza a unha taxa composta anual do 15,9% de 2024 a 2030 debido á destacada innovación tecnolóxica nos EE.UU.

Por exemplo, en decembro de 2022, Amazon presentou a etapa de produción virtual de paredes LED máis importante dos EE.UU. Estudos. O escenario en forma de tambor ten 26 pés de alto e 80 pés de circunferencia, un pé menos que un escenario de Vancouver

que actualmente se considera o máis grande do mundo.

Espérase que o mercado de produción virtual en Europa experimente un crecemento significativo de 2024 a 2030 debido ao avance das tecnoloxías de efectos visuais. que a prevalencia de categorías de cinema e televisión baseadas en VFX e as recentes innovacións en produción virtual estimulen a expansión do mercado na área.

O mercado de produción virtual do Reino Unido tivo unha participación significativa en 2023. O goberno do Reino Unido revelou recentemente un investimento substancial nos sectores creativos do país, incluída a produción virtual. Prevese que este gasto contribúa ao desenvolvemento da infraestrutura necesaria para apoiar a crecente demanda de servizos, incluídos escenarios de son e instalacións de produción virtual.

Prevese que o mercado de produción virtual en Asia Pacífico rexistre a CAGR máis alta de 2024 a 2030. O crecemento é atribuíble a unha das taxas máis altas de implementación de tecnoloxía de produción virtual en estudos cinematográficos de Australia, China, Xapón, Corea do Sur e India. os principais países que impulsan a demanda de tecnoloxías de produción virtual. Por exemplo, en maio de 2022, Mo-Sys Engineering Ltd., unha destacada empresa de produción de medios, anunciou unha asociación con GMS International, unha empresa de desenvolvemento de software. A través desta asociación, fan que as solucións de produción virtual e AR sexan accesibles para emisoras e cineastas en Corea do Sur.

Prevese que o mercado de produción virtual da India experimente a CAGR máis rápida de 2024 a 2030 debido ao rápido aumento da demanda de contido de transmisión OTT orixinal no país, impulsada pola utilización de banda larga móbil e a redución dos cargos de datos. Ademais, a India Brand Equity Foundation (IBEF) informa que en 2021, as aplicacións de xogos baseadas en teléfonos representarán o 86% de todas as aplicacións de xogos, e a industria do xogo india superou recentemente á de EE.UU. en termos de poboación de usuarios, alcanzando os 300 millóns.

En definitiva, os principais factores de crecemento céntranse no aumento da demanda de contido inmersivo, a redución de custos de produción, a maior flexibilidade e eficiencia na produción e a progresiva adopción por parte de diversas industrias.

De feito, dentro de 10 anos, o mercado global da produción virtual espera que alcance os 18.000 M€ (2033) tras un crecemento anual do 35%. Neste caso, os factores de crecemento esperados céntranse na maior sofisticación da tecnoloxía VP, a redución dos custos do hardware e software VP e unha maior adopción por parte das empresas.

Finalmente, dentro de 20 anos, o mercado global da produción virtual espera que alcance os 90.000 M€ (2043), apoiándose en factores de crecemento como a converxencia da VP con outras tecnoloxías como a intelixencia artificial e o blockchain, o crecemento do metaverso e as experiencias virtuais ou a maior integración da VP na vida cotiá.

4.1.2. Mercado a nivel europeo.

No caso europeo, estímase que o mercado da produción virtual alcanzou en 2023 os 720M€, cunha segmentación similar á global e con factores de crecemento tamén similares aos globais, cun forte impulso por parte da Unión Europea para a innovación tecnolóxica.

Dentro de 10 anos, espera que o mercado europeo da produción virtual alcance os 5.400 M€ (2033) tras un crecemento anual do 30% e con factores similares aos globais.

Dentro de 20 anos, espera que o mercado europeo da produción virtual podería alcanzar os 27.000 M€ (2043) con factores de crecemento igualmente similares aos globais.

4.1.3. Mercado a nivel español.
Por último, a nivel español, estímase que o mercado de produción virtual alcanzou en 2023 os 36 M€ cunha segmentación similar á global e a europea, aínda que cun forte enfoque na produción publicitaria e con factores de crecemento asociados ao crecente interese pola innovación tecnolóxica no sector audiovisual español, ao apoio do goberno español á industria audiovisual e á maior demanda de contido inmersivo por parte das empresas españolas.

Dentro de 10 anos, espera que o mercado español da produción virtual alcance os 216 M€ (2033), tras un crecemento anual do 35% e con factores de crecemento similares aos globais e europeos.

Finalmente, estímase que o mercado español de produción virtual podería alcanzar os 1.100 M€.

4.2. Previsións sobre a oferta.

No devandito contexto, os estudios VPxR que utilizan pantallas LED de alta resolución e seguimento de movemento para crear contornas virtuais en tempo real, constitúen unha compoñente clave.

4.2.1. Estudios virtuais a nivel mundial.
A nivel mundial, estímase que existen máis de 100 estudios VPxR en funcionamento, a maior parte dos cuales atópanse nos Estados Unidos, China, Reino Unido, Alemaña e Canadá e sendo a rexión de Asia Pacífico a que está a experimentar un maior crecemento no número de estudios VPxR.

A taxa de ocupación actual dos estudios VPxR a nivel mundial estímase ao redor do 60%, aínda que espera que a taxa de ocupación aumente nos próximos anos, debido ao crecemento da demanda de contidos VP.

4.2.2. Estudios virtuais a nivel europeo
No caso europeo, estímase que existen máis de 40 estudios VPxR en funcionamento, sendo os países con maior número Reino Unido, Alemaña, Francia, España e Italia, aínda que espera que o número de estudios VPxR en Europa aumente significativamente nos anos vindeiros.

A taxa estimada de ocupación actual dos estudios VPxR a nivel europeo estímase ao redor do 50%, aínda que espera que aumente máis rapidamente que no resto do mundo, debido ao maior investimento en tecnoloxía VP por parte das empresas europeas.
En concreto, entre os principais estudios virtuais existentes a nivel europeo destacan os seguintes:

ALEMAÑA	
Nome	**Características**
DARK BAY	Este estudo de produción virtual alberga un escenario xiratorio único cun diámetro de 21 m (69 pés)
HYPERBOWL	Con sede nunha antiga base aérea de Baviera desde xaneiro de 2022

**RPT-6654235

STUDIO-xR de PRG	400 m^2 completo con Teito, chan e parede traseira LED

AUSTRIA	
Nome	**Características**
Take 2 Studios	Fundado polo equipo de irmáns Viktoria e Felix Brandstetter, o estudo creativo XR Take 2 Studios se esfuerza por ofrecer aos seus clientes unha produción virtual áxil, rendible, fiable e sostible. ambiente

BÉLXICA	
Nome	**Características**
Magic Cloom	Os primeiros estudos de produción virtual de cinema de Bélxica ofrecen volumes LED personalizados con superficie baixo demanda e tamaño de píxel axustado segundo o proxecto

FRANCIA	
Nome	**Características**
A Planète Rouge	Con sede en Provence Studios, The Next Stage ten unha parede LED de 60 millóns de píxels e 12 servizos de renderizado 3D en tempo real
Plateau Virtuel	Nun decorado de 700 m² *nos* Estudos de Lendit, preto En París álzase unha pantalla LED Sony Crystal de 90 m² *destinada* á produción virtual de calidade a escala internacional
Virtual Display Services	Estudo de produción virtual de 915 m^2 nos arredores de París

FINLANDIA	
Nome	**Características**
Fireframe Studios	A parede curva deste estudo mide 18,5 mx 5 m e está construída con 370 paneis ROE Visual Ruby, o que eleva o número total de píxels a máis de 17 millóns

ITALIA	
Nome	**Características**
T6 Green Virtual Studio	Cinecittà Film Studios é o primeiro estudo de produción virtual de Europa que conta cunha pantalla verde de 360 graos

LETONIA	
Nome	**Características**
LEDunit	Parede curva de 180 graos de 32 mx 5 m con teito trapezoidal de 100 m2 nunha superficie de 1.500 m^2.

NORUEGA	
Nome	**Características**
Xvision	No estudo de 430 metros cadrados de Xvision hai unha configuración de produción virtual que comprende unha parede traseira LED (14 mx 5 m, 2,6 mm); teito LED (6m x 3m, 3,9mm, móbil); e parede reflectora LED (4 mx 3 m, 3,9

**RPT-6654235

	mm, móbil). A instalación tamén conta con nodos de renderizado baseados en A6000, computadoras piloto de barra cerebral e un sistema de seguimento Optitrack Prime 41

PAÍSES BAIXOS	
Nome	**Características**
HeadQ	Nos suburbios de Ámsterdam atopará este escenario interno de 130 m^2 con iluminación suave de 180 graos parede infinita verde
Lukkien	Hogar dos estudos VP máis grandes dos Países Baixos, a configuración de Lukkien inclúe unha pantalla curva de 22 mx 5 m con paneis ROE Diamond e un procesador Megapixel VR Helios 8K Led
ReadySet Studios	ReadySet Studios está equipado cunha pantalla ROE de 14 mx 5,5 m cun gran teito LED e unha pantalla LED móbil adicional

REINO UNIDO	
Nome	**Características**
80six	O renovado 80six ten 11,743 pés cadrados (1091 pés cadrados). m) a instalación reabriu as súas portas en maio de 2022 logo dunha expansión planificada
ARRI X/X CT	Con sede na sede de ARRI no Reino Unido, este centro ofrece 708 m^2 de espazo de estudo con parede LED de 343 m^2.
Broadley Studio	Situado na Zona 1 Marylebone, NW1, Broadley Studio conta con dous espazos de estudo totalmente equipados que poden utilizarse para proxectos de produción virtual
CUBE Studio	Trátase dun estudo de produción virtual de 6500 pés cadrados, situado nos arredores de Londres, que ofrece unha solución de servizo completo para axencias de publicidade, produtoras de cinema e televisión…
FoSho Studios	O 'Mini Virtual Production Studio' (MVPS) de FoSho ten como obxectivo facer que a tecnoloxía de produción virtual estea dispoñible para un público máis amplo. Ofrecerá producións virtuais de servizo completo utilizando o seu Mini VPS interno desde o seu estudo no centro de Glasgow a partir de 2024
Garden Studios	Espazo de produción virtual de 445 m^2 de Garden Studios, coa súa parede LED principal curva de 12 mx 4 m con paso de 2,6 mm, é unha das xoias da coroa do seu complexo de produción cinematográfica
ILM StageCraft Stage	O seu volume de LED é de aproximadamente 75 pés de ancho x 90 pés de longo x 23 pés de alto (23 mx 27 mx 7 m)
The Imaginarium Studios	Especialízase en aplicar e desenvolver ferramentas de captura de performance e produción virtual para crear personaxes dixitais cribles e emocionalmente atractivos para contar historias. en cinema, televisión, xogos, AR, VR e realidade mixta
MARS Volume by Bild	Inaugurado no verán de 2021, Bild Studios ten 1.400 m^2. A instalación ten a opción de crear unha pantalla LED dentro de cámara de 270 graos de ata 38,5 mx 5,5 m e unha pantalla

**RPT-6654235

REINO UNIDO	
Nome	**Características**
	LED fose da cámara de 176 m^2
MVXR de MOOV	Novo centro de produción virtual LED e estudo virtual XR en Ealing Broadcast Centre, cunha resolución de 7,5 x Pantalla LED ROE de 3,5 m (paso de píxels de 2,83 mm)
PROTO	Inaugurado en marzo de 2023, AMP en PROTO ofrece cineastas e outros creativos un escenario de produción virtual de vangarda cunha pantalla LED curva de 8×3,5 m
Ramaz Studios	Pantalla LED central, con 1,5 mm de paso de píxels total e resolución de 3840 x 2160, xunto cun sistema de seguimento "Ao vivo".
Silvertown Studios	Estudo sonorizado nos 6.000 pés cadrados (557 pés cadrados) de Silvertown. m) O sitio de Royal Docks ten unha pantalla LED de 12 mx 5 m. Tamén ten un estudo en Elephant and Castle cunha pantalla de 5,5 mx 3 m
Warner Bros V/V Stage	Nos estudos Warner Bros preto de Watford, este estudo de produción virtual conta con 7.100 Escenario de produción virtual envolvente de 660 m2 cunha matriz de máis de 2600 paneis LED
V/V-Studios de Film Soho	O primeiro escenario de produción virtual do Soho, cunha pantalla de 10m x A parede LED de 5 m inaugurarase a finais deste ano
Distortion	Están equipados con equipos de última xeración, incluído un volume LED curvo de 11 x 4 m , Paneis LED ROE Black Pearl 2 V2, paneis LED móbiles Wild Wall de 2x2x3m, sistema de seguimento 2x Stype RedSpy, Stage Precision, Pixera Media Servers e procesamento Brompton
VERO	En lugar de ter un estudo virtual permanente instalado no seu centro de Bristol, O equipo de VERO constrúe pantallas por traballo
Dock10	Ofrece tecnoloxía de produción virtual nos 10 sitios de última xeración de Dock10. -estudos de arte, con espazos de 1,000 a 12,500 pés cadrados (93 a 1161 m2)
Pathway	Estudo de produción virtual de 554 m2 de Pathway alberga unha planta principal curva de 10,5 mx 4 m Parede LED con paso de 2,3 mm e sistema de seguimento de cámara Mo-Sys StarTracker
Prox & Reverie	Ten a súa sede no estudo experimental The Forge e presenta unha Escenario libre de 2000 pés cadrados (186 m^2).
Recode XR, Manchester	Conta cunha parede LED curvada de 150 graos de 16 mx 4 m con 100 metros cadrados de volume LED

SUECIA	
Nome	**Características**
Virtual Star Studios	Algunhas das marcas coas que traballou este estudo de produción virtual sueco inclúen Warner Bros, Dell e Lindex

4.2.3. Estudios virtuais a nivel español

Finalmente, no caso español estímase que existen (entre os que xa están operativos e os que se atopan en proceso de posta en marcha) entre 5 e 10 estudios VPxR, cun nivel de

ocupación actual ao redor do 40%. De novo, espera que tanto o número de estudios VPxR como a súa taxa de ocupación creza a un ritmo similar ao resto de Europa.
En concreto, o maior estudio VPxR de España sería o promovido pola Deputación da Coruña na Cidade das TIC, aínda que tamén cidades como Sevilla, Madrid, Las Palmas de Gran Canaria, Murcia ou Marratxí (Mallorca) están a tratar de poñer en marcha estudios virtuais. De feito, só en Cataluña cóntanse varias, como a que presentou a principios de 2023 Gestmusic (Banijay Iberia) ou pouco despois a anunciada por Grup Mediapro cun investimento de 3,5 millóns de euros para instalar no Distrito 22@ de Barcelona un estudo de produción virtual de 500 m^2, cunha pantalla LED de 235 en paredes e teito.

Lavinia anunciou tamén o seu propio estudio para produción virtual, inicialmente de pequeno tamaño, pensado para anuncios publicitarios, eventos e algúns programas de entretemento, que abriron tamén para a formación de novos talentos por parte dalgunhas escolas. Ademais, está prevista a ampliación do Parc Audiovisual de Catalunya en Terrassa cun proxecto que podería albergar un espazo de produción virtual.

Dentro do sector público, os novos Gran Canaria Estudios contarán igualmente cun estudio virtual, para o cual lanzou recentemente unha licitación de case 6 millóns de euros para instalar un estudo virtual de realidade estendida destinado a producións cinematográficas. Tamén o concello de Murcia tiña previsto poñer en marcha un hub audiovisual que inclúe un estudio virtual.

Outro dos espazos existentes para a produción virtual en España atópase en Dos Hermanas (Sevilla), onde a produtora 16 Chanzos abriu o seu estudio fixo multicámara de realidade estendida xa en novembro de 2022.

Por suposto, tamén cabe mencionar MR Factory en Tres Cantos (Madrid).

Segundo as consultas efectuadas, e aínda que a tarifa varía en función do tamaño, equipamento e localización do estudio, adoitan roldar entre a 500 €/h e a 2.000 €/h ou, o que é o mesmo, entre 4.000 €/día e 16.000 €/día.

III. ANÁLISE XURÍDICO - PROCEDIMENTAL: A INICIATIVA PÚBLICA ECONÓMICA E A CREACIÓN DUN SERVIZO PÚBLICO[2].

1. A iniciativa pública na actividade económica.

A Constitución Española de 1978 foi elaborada e aprobada para permitir no seu seo as máis variadas fórmulas da actividade económica. Por unha banda recoñécese **o Principio de liberdade de empresa e de mercado** (artigo 38), así como o dereito de propiedade (artigo 33); pero, doutra banda, o artigo 128, despois de manifestar que toda a riqueza do país está subordinada ao interese xeral, consagra o coñecido Principio de intervencionismo do sector público nos seguintes termos:

> *" Recoñécese a iniciativa pública na actividade económica. Mediante Lei poderase reservar ao sector público recursos ou servizos esenciais, especialmente en caso de monopolio, e así mesmo acordar a intervención de empresas cando así o esixise o interese xeral".*

Neste precepto contémplanse dous tipos de intervencionismo público: o primeiro é o

2 Este apartado está redactado polo Interventor adxunto Juan Bautista Suárez Ramos.

exercicio dunha simple actividade económica por un ente do sector público, en réxime de liberdade de mercado; o segundo, o exercicio dunha actividade económica en réxime de monopolio, reservando ao sector público recursos ou servizos esenciais, así como a intervención de empresas para asegurar o interese xeral. Admítese, por tanto, a participación do sector público na vida económica, máis aló da utilización polo Estado dos instrumentos de política económica e de política fiscal. Trátase, sen dúbida, dunha manifestación máis do Estado social e unha superación do Estado liberal do famoso principio *"laissez faire, laissez passer".*

Aínda que o principio de intervencionismo público na economía e mesmo o que permite a reserva ao sector público de recursos ou servizos esenciais parece opoñerse simétricamente ao principio de liberdade de empresa, ambos han de ser interpretados de acordo coa doutrina da "conformidade ou equilibrio" entre dous bens xurídicos ou valores. Esta doutrina naceu en Alemaña e estendeuse a toda Europa e pon de manifesto precisamente que, cando varios preceptos da Constitución entran en conflito, debe evitarse a aplicación excluínte dun en prexuízo doutro, para que os dous resultan só parcialmente danos e ambos manteñan o seu núcleo esencial.

2. **A iniciativa pública no ámbito da Administración local.**

Tamén no ámbito da lexislación local permitiuse a iniciativa pública na actividade económica. Así, o artigo 86.1 LBRL dispón literalmente:

"1. As Entidades locais poderán exercer a iniciativa pública para o desenvolvemento de actividades económicas, sempre que estea garantido o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e de sostibilidade financeira para o exercicio das súas competencias. No expediente acreditativo da conveniencia e oportunidade da medida haberá de xustificarse que tal iniciativa non xera risco para a sostibilidade financeira do conxunto da facenda municipal, debendo conter unha análise de mercado, relativo á oferta e á demanda existente, a rendabilidade e aos posibles efectos da actovodade local sobre a concorrencia empresarial,
Corresponde ao pleno da respectiva corporación local a aprobación do expediente, que determinará a forma concreta de xestión do servizo".

Xa que logo, co límite establecido no cumprimento dos Principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, o precepto establece a posibilidade de exercitar actividades económicas con absoluta liberdade, debendo tramitarse un expediente para acreditar a conveniencia e oportunidade da medida.

No apartado 2 deste precepto afóndase no intervencionismo público local e permítese a reserva, **en réxime de monopolio**, de determinados servizos ou actividades esenciais, que estiveron tradicionalmente en mans da xestión pública local: abastecemento e depuración de augas, recollida, tratamento e aproveitamento de residuos, e transporte público de viaxeiros). Máis que de puras actividades económicas, nestes casos trátase de auténticos servizos públicos, declarados así por Lei ou ben pola propia normativa das Corporacións Locais. Para o seu exercicio en réxime de monopolio hase de seguir un expediente de carácter bifásico, con aprobación plenaria, por maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, e ulterior aprobación pola Comunidade Autónoma.

3. **Iniciativa pública económica e a creación dun servizo público: as notas**

características.

O precepto comentado no apartado anterior, partindo da idea de posibilitar ampliamente a iniciativa pública local na actividade económica, remata cun último inciso no que, logo de atribuir ao pleno corporativo a competencia para a aprobación do expediente, indícase que lle corresponde tamén a este órgano "*a forma concreta de xestión do servizo*". Deste xeito parece que o lexislador está a referirse a que actividade económica a realizar se configure xurídicamente coma un servizo público local, isto é, a realización dunha actividade de carácter prestacional.

Dende un punto de vista estritamente legal, non hai nas normas positivas vixentes un concepto preciso e unívoco de servizo público, utilizándose esta expresión nun sentido máis amplo e xeral nalgúns casos, namentres que noutros aparece nun sentido técnico e estrito. Así, por exemplo, parece que o artigo 85.1 da LRBRL presenta unha acepción moi ampla do termo, mesmo de carácter tautolóxico, ao dicir lacónicamente "*son servizos públicos locais os que prestan as entidades locais no exercicio das súas competencias",* dando así a entender que todas as actividades que fai unha entidade local teñen o carácter de servizo público, sempre no marco das súas competencias.

Con todo, hai outros textos normativos que presentan un concepto máis delimitado e estrito de servizo público, sendo moi significativo o vetusto, pero aínda vixente, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais do 17 de xuño de 1955 (RSCL, en diante), que mantén a tradicional distinción entre os tres tipos de actividade das entidades locais: actividade de policía ou intervención administrativa, actividade de fomento e actividade de servizo público.

Sen definir o concepto directamente, tamén a Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP en adiante)**,** fai unha referencia ao mesmo no artigo 15, ao configurar o concepto de contrato de concesión de servizos, diferenciando claramente dos outros contratos administrativos típicos, delimitando así de forma implícita e negativa o concepto de servizo público, imposibilitando que se considere servizo público toda a actividade administrativa que pertence ao ámbito material dos restantes contratos típicos. Logo máis adiante, ao regular polo miúdo este contrato no Capítulo III do Título I do Libro II (artigos 284 e seguintes), refírese á necesaria configuración do réxime xurídico do servizo público deste xeito:

"*2.* *Antes de proceder a la contratación de una concesión de servicios, en los casos en que se trate de servicios públicos, deberá haberse establecido su régimen jurídico, que declare expresamente que la actividad de que se trata queda asumida por la Administración respectiva como propia de la misma, determine el alcance de las prestaciones en favor de los administrados, y regule los aspectos de carácter jurídico, económico y administrativo relativos a la prestación del servicio*".

Historicamente, o concepto de "*service public"* elabórase en Francia ao longo do Século XIX. Entre os estudosos deste concepto e a súa aplicación práctica destaca Leon Duguit e os seus seguidores da "escola realista", quen consideraba que toda actuación administrativa é servizo público, con independencia de que a Administración actúe a través de actos de autoridade ou a través de actos de xestión.

Con todo, esta concepción tan ampla foi matizada con posterioridade pola doutrina do Consello de Estado francés, ao comprobarse na práctica que a Administración realizaba certas actividades alleas á devandita noción, como a consistente en producir bienes para o mercado (actividade empresarial da Administración).

En España non se defendeu un concepto tan amplo de servizo público, senón que

seguindo a doutrina tradicional de JORDANA DE POZAS, diferenciouse entre **actividade administrativa de policía, actividade de fomento e actividade de servizo público**, entendendo que esta última é a consistente en realizar prestacións individualizadas a favor de determinados administrados, que reciben a denominación de usuarios. Agora ben, nin sequera pódese considerar toda a actividade prestacional como servizo público, pois hai que diferenciar os casos nos que a Administración Pública exerce unha actividade económica sen máis, en virtude do recoñecemento constitucional e legal da iniciativa pública na actividade económica, daqueloutros nos que a Administración asume formalmente a titularidade dunha actividade prestacional e configúraa como servizo público (con ou sen monopolio).

Xa que logo, dende un punto de vista doutrinal, para que exista un servizo público deben concorrer os dous seguintes requisitos:

- **Primeiro:** Débese tratar dunha actuación administrativa consistente en realizar **prestacións técnicas, asistenciais ou económicas a favor dos administrados**, que serán admitidos ao goce do servizo de acordo coas regulamentacións técnicas aprobadas para o efecto. Esta actuación pode ir destinado á xeneralidade da poboación ou ben a usuarios determinados.

- **Segundo:** A actividade debe ser asumida formalmente pola Administración como propia da mesma, entrando no denominado por GARCÍA DE ENTERRÍA "*xiro ou tráfico administrativo*". Por tanto, a Administración asume formalmente a titularidade da actividade, ben porque xa se previu así legalmente (artigo 26 de LBRL), ben porque existe unha publificación do servizo (o que denominou MEILÁN GIL "***publicatio praevia***"). Ao mesmo tempo que se declara a actividade como servizo público, apróbase o regulamento que regula as prestacións para realizar, as condicións para a admisión dos usuarios, etc.

A *"publicatio"* da actividade prestacional, é dicir, a asunción da titularidade pública do servizo, non impide a coexistencia da mesma coa iniciativa privada, posto que o servizo público non esixe unha situación de monopolio. Só se dará tal situación cando exista unha previsión legal de reserva da actividade a favor da Administración e esta utilícea efectivamente (monopolio de dereito), ou ben cando a iniciativa privada non leve a cabo esta actividade por non resultar rendible economicamente (monopolio de feito).

Como xa se comentaba nun apartado anterior, na lexislación local vixente, só pode producirse un monopolio de dereito nos casos previstos no artigo 86.2 LBRL,: abastecemento e depuración de augas; recollida, tratamento e aproveitamento de residuos e transporte público de viaxeiros. Para a efectiva realización en réxime de monopolio requírese tramitar o correspondente expediente bifásico, con aprobación ulterior polo Consello de Gobierno da Comunidade Autónoma.

3. As potestades da Administración Pública en relación cos servizos públicos.

Nas consideracións realizadas ata este momento, estableceuse claramente que as Administracións Públicas teñen plena potestade para realizar unha actividade económica, manténdoa como tal ou ben declarándoa servizo público e procedendo á súa regulamentación, normativa que determinará o contido dos dereitos e obrigacións do usuario do devandito servizo. Agora ben, hai determinados servizos públicos que veñen configurados como tal directamente pola Lei, establecéndose tamén un unha norma do devandito rango o seu contido básico, así como o conxunto de prestacións a realizar a favor dos usuarios (servizo de sanidade, servizo de educación, etc.).

En canto á súa organización, as administracións públicas teñen plena facultade para decidir o modo en que han de prestar os servizos da súa competencia, salvo se trata dun servizo público que implica exercicio de autoridade, nese caso só cabe a prestación directa pola propia Administración.

Agora ben, como se dicía anteriormente, hai servizos públicos cuxa creación vén imposta directamente pola Lei, sendo un dereito dos veciños esixir o seu establecemento e prestación (art. 18.1g) LRBRL). Este dereito pode ser exercido en calquera momento, aínda que é na aprobación do Orzamento inicial onde se atopa a ocasión máis propicia para presentar unha reclamación conforme ao disposto no Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, pois se non se inclúen os créditos necesarios para a implantación do servizo municipal obrigatorio existe un dos motivos taxados de oposición ao documento orzamentario, podendo carrexar a súa nulidade.

Se a Administración ten a potestade de crear un servizo público, tamén ten a posibilidade de modificalo por razóns de interese público e, fóra dos casos de servizos impostos legalmente, pódese finalmente acordar a súa supresión, debendo argüirse igualmente razóns de interese público.

4. **As formas de xestión dos servizos públicos locais.**

Na lexislación tradicional nesta materia, recollida maxistralmente no vetusto Regulamento de servizos das Corporacións Locais de 17 de xuño de 1955, regulábase cunha ampla liberdade discrecional a potestade conferida ás entidades locais para elexir a forma concreta de xestión dun servizo público.

Mais logo da crise económica e financeira internacional de 2008 e a conseguinte afectación ás finanzas públicas, no período inmediato seguinte no que se impuxeron fortes restriccións e controis máis exhaustivos do gasto público, o lexislador español aprobou a Lei 27/013. De 27 de decembro, de Reforma e sostibilidade da Administración local, modificando de xeito significativa esta materia no artigo 85 da LBRL, mesmo introducindo dous novos artigos con este mesmo número, nomeados bis e ter para diferencialos así do primeiro, que era único na redacción orxinal da Lei.

Coa nova regulación contida nestes preceptos, os servizos públicos locais teñen que xestionarse "*da forma máis sostible e eficiente*" de entre as distintas posibilidades legais previstas. Polo tanto, xa non hai unha absoluta libertade discrecional para a elección da forma de xestión, senón que a decisión vén xa orientada polos Principios de sostibilidade e eficiencia na na aplicación dos fondos públicos necesarios.

Neste marco limitativo, deseguido o texto legal que se está a comentar, mantendo a clasificación tradicional, distingue entre formas de xestión directa (pola propia entidade local, mediante a creación dun organismo autónomo, a creación dunha entidade pública empresarial local ou mesmo unha entidade mercantil) e a xestión indirecta, facéndose unha remisión en branco á regulación contida na lexislación de contratos do sector público (actualmente a Lei 9/2017).

No tocante ás formas de xestión directa, namentres que para a xestión centralizada pola propia entidade ou creación dun organismo autónomo non hai ningunha restricción, para a creación dunha entidade pública empresarial ou entidade mercantil o precpeto esixe unha memoria expresa na que se xustifique se serán fórmulas máis eficientes e sostibles, requríndose preceptivamente un informe do órgano interventor local, no que se valore especialmente a sostibilidade financeira da fórmula elexida.

**RPT-6654235

Logo, xa nos artigos 85 bis, referido aos organismos autónomos, e no artigo 85 respecto das entidades mercantís, detállase unha regulación mais concreta das formas de xestión directa.

5. **A xestión indirecta mediante o contrato de concesión de servizos.**

Como se explicaba no apartado anterior, para a xestión indirecta dos servizos públicos locais, o apartado B) do artigo 85.2 LBRL realiza unha remisión en branco á lexislación contractual do sector público, que no momento da redacción de dito artigo pola Lei 27/2013 aínda era o Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público de 2011 (Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro), pero que actualmente está contida na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola la que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Como resulta xa ben coñecido, nas Directivas de contratación os contratos que se regula para a xestión indirecta de servizos público, so a concesión de obras públicas e a concesión de servizos, prevéndose o primeiro para o caso de que se lle encargue tamén ao contratista a construcción da obra sobre a que se vai explotar o servizo, e limitándose o segundo a mera explotación do servizo.

Polo tanto, xa desapareceu da vixente lexislación contractual o contrato de xestión de servizos públicos que se viña regulando tradicionalmente en España, reconfigurado agora como contrato de concesión de servizos, sendo a súa característica máis destacable a da transferencia do risco operacional, isto é, o risco económico de obter beneficios ou perdas, ao contratista. Así o establece clarmente o artigo 15.2, cando dispón textualmente:

"*2.**El derecho de explotación de los servicios implicará la transferencia al concesionario del riesgo operacional**(…)"*,

E para definir este concepto de risco operacional, o precepto remítese ao regulado no apartado 4 do precepto inmediato anterior, regulador do contrato de concesión de obras, cando dispón, traspoñendo ao pé da letra a regulación contida na Directiva 24/2014:

" 4. *El derecho de explotación de las obras, a que se refiere el apartado primero de este artículo, deberá implicar la transferencia al concesionario de un riesgo operacional en la explotación de dichas obras abarcando el riesgo de demanda o el de suministro, o ambos. Se entiende por riesgo de demanda el que se debe a la demanda real de las obras o servicios objeto del contrato y riesgo de suministro el relativo al suministro de las obras o servicios objeto del contrato, en particular el riesgo de que la prestación de los servicios no se ajuste a la demanda.*

Se considerará que el concesionario asume un riesgo operacional cuando no esté garantizado que, en condiciones normales de funcionamiento, el mismo vaya a recuperar las inversiones realizadas ni a cubrir los costes en que hubiera incurrido como consecuencia de la explotación de las obras que sean objeto de la concesión. La parte de los riesgos transferidos al concesionario debe suponer una exposición real a las incertidumbres del mercado que implique que cualquier pérdida potencial estimada en que incurra el concesionario no es meramente nominal o desdeñable

É dicir, é o concesionario ao que se lle encomenda a xestión do servizo o que se expón ás regras e incertezas propias do mercado, non asegurándolle a administración a obtención duhha rendabilidade segura da explotación económica, aínda que no estudo inicial estea prevista tal posibilidade.

En síntese, nesta forma de xestión indirecta, a administración mantén dende logo a titularidade do servizo e a súa potestade regulatoria do mesmo, mais despréndese dos posibles riscos de explotación económica, transferíndollos mediante un contrato de concesión a un operador económico privado.

6. **As contraprestación económicas a percibir pola entidade concesionaria e a súa natureza xurídica.**

Na configuración xa tradicional dos contratos de concesión administrativa de servizos, a retribución do concesionario viña consistindo na percepción de contraprestacións pagadas polos usuarios receptores de cada unha das prestacións, en virtude da potestade delegada que a administración concedente lle confería para percibirlas, reservándose en todo caso esta a potestade tarifaria para determinar a súa cuantificación.

Ás veces, cando o sumatorio das contraprestacións pagadas polos usuarios resultaba insuficiente para manter o equilibrio económico do contrato, a administración concedente complementaba os seus importes mediante o pago dun prezo adicional, nomeada impropiamente subvención de explotación, pois conceptualmente non resultaban ser atribucións económicas a título gratuido (característica nuclear do concepto de subvención).

A idea que se vén de expor está contida na regulación actual do contrato de concesión de servizos, cando se dispón no artigo 289,1 LCSP:
"*1.* *El concesionario tiene derecho a las contraprestaciones económicas previstas en el contrato, entre las que se incluirá, para hacer efectivo su derecho a la explotación del servicio, una retribución fijada en función de su utilización que se percibirá directamente de los usuarios o de la propia Administración*".

Nesta redacción legal, parece claro que o Lexislador pretende que a a retribución veña determinada por unidade de prestación ou, polo menos, que sexa equivalente ao grao de utilización do servizo, permitíndolle á administración concedente a alternativa de repercutirlle ditos importes unitarios a cada un dos usuarios ou ben que sexan directamente asumidos por ela. E tamén, aínda que non se diga expresamente, resulta posible un sistema mixto, nos termos expostos na idea inicial deste epígrafe.

Como novidade de significativo alcance xurídico é a introducida pòla LCSP na elección do "*nomen iuris*" e mesmo natureza xurídica das contraprestacións, pois aínda manténdose a denominación xenérica e tradicional de tarifas, específicase que a súa natureza xurídica é de "*prestacións patrimoniais non tributarias* " acudindo así a un concepto acuñado na propia Constitución de 1978 (artigo 31.3) e que pretende recoller a doutrina do Tribunal Constitucional ao respecto da súa correcta interpretación (senteza 185/95, entre outras), determinando o supremo intérprete da Carta Magna que, con independecia do nome que en cada momento se escolla polo Lexisador, o certo é que as contraprestacións esixidas coactivamente pòla prestación de servizos públicos, cando estes se presten en réxime de monopolio ou resultan indispensables para a vida particular ou social do solicitante, teñen que respectar o coñecido Principio de reserva de Lei enunciado no mencionado precepto constitucional, no que se establece leiterlamente que "***solo pueden establecerse prestaciones patrimoniales pùblicas con arreglo a la Ley***".

Pois ben, despois dun longo debate doutrinal e xurisprudencial que foi evolucionando nos derradeiros trinta anos, estas tarifas que poden cobrar os concesionarios de servizos

públicos, en virttude da potestade delegada da administración concedente, aínda tendo esta natureza xurídica de prestacións patrimoniais de carácter público, poden integrase na contabilidade do concesionario, isto é, son ingresos ordinarios na súa conta de explotación económica. Mais polo seu carácter público, dende logo que deben ser reguladas previamente poloa administración no exercicio da súa potestade tarifaria, obriigándose ao concesionario a levar unha contabilidade especial e separada das mesmas, de xeito que a administración concedente poida verificar en calquera momento a súa regularidade e cuantificación. Así o establece o artigo 289.2, cando dispón literalmente:
"En la contabilidad diferenciada que el concesionario debe llevar respecto de todos los ingresos y gastos de la concesión, y que deberá estar a disposición de la entidad contratante, quedarán debidamente reflejados todos los ingresos derivados de las contraprestaciones pactadas en la forma prevista en el apartado 6 del artículo 267".

Como complemento necesario desta lexislación cotractual, a Disposición final duodécima da LCSP instroducíu un apartado 6 no artigo 20 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, co seguinte teor literal:
" ***6*** *Las contraprestaciones económicas establecidas coactivamente que se perciban por la prestación de los servicios públicos a que se refiere el apartado 4 de este artículo, realizada de forma directa mediante personificación privada o mediante gestión indirecta, tendrán la condición de prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario conforme a lo previsto en el artículo 31.3 de la Constitución.*
En concreto, tendrán tal consideración aquellas exigidas por la explotación de obras o la prestación de servicios, en régimen de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariales, sociedades de capital íntegramente público y demás fórmulas de Derecho privado.
Sin perjuicio de lo establecido en el artículo 103 de la Ley de Contratos del Sector Público, las contraprestaciones económicas a que se refiere este apartado se regularán mediante ordenanza. Durante el procedimiento de aprobación de dicha ordenanza las entidades locales solicitarán informe preceptivo de aquellas Administraciones Públicas a las que el ordenamiento jurídico les atribuyera alguna facultad de intervención sobre las mismas.

En síntese, cando un servizo público realiza prestacións que deben ser recibidas de xeito coactivo polos usuarios, -entendéndose que hai coactividade tamén nas situacións de monopolio de feito ou de dereito, por non existir competencia no sector privado-, as tarifas a percibir polo ooncesionario de servizos públicos teñen que configurarse xurídicamente como prestacións patrinoniais de carácter público, debendo aprobarse no ámbito local mediante a correspondente ordenanza polo propio pleno da corporación local respectiva.

En canto ao momento procedimental oportuno para a súa aprobación, cabe a posibilidade de que a proposta de tarifas sexa presentada por cada un dos licitatores no procedmento contractual. Logo, unha vez escolleita a oferta máis vantaxosa, a proposta presantada polo licitador ao que se propoña a adxudicación do contrato, deberá ser obxecto de tramitación e aprobación polo Pleno da Corporación.

7. **O canon a prol da Administración concedente.**

No réxime xurídico e financeiro dos servizos públicos que se está comentado, queda un último aspecto a considerar: a posibilidade de que a administración concedente poida esixir un canon ao seu favor, aspecto regulado no apartado 3 do artigo 289 LCS, co seguinte teor literal:

**RPT-6654235

"***3.*** *Si así lo hubiera establecido el pliego de cláusulas administrativas particulares, el concesionario abonará a la Administración concedente un canon o participación, que se determinará y abonará en la forma y condiciones previstas en el citado pliego y en la restante documentación con contractual*".

Da redacción do precepto, parece deducirse que a esixencia ou non de canon é unha facultade que reside na autonomía da vontade da administración cocedente, debendo decidirse ao respecto , instroducindo esta posibilidade ou non no prego de cláusulas administrativas particulares.

Agora ben, aínda partindo desta economía de opción que se lle atribúe á administración concedente, dende un punto de vista económico e patrimonial parece de todo razoable que se unha administración crea un servizo público e o dota da infraestructura necesaria, utilizando para tal fin un importe significativo de recursos públicos, no contrato de concesió a prol dun empresario particular se reserve unha forma de participación nos posibles beneficios, recuperando asi, cando menos, unha parte do investimento realizado.

IV. O ESTUDO ECONÓMICO-FINANCEIRO: A VIABILIDADE ECONÓMICA DA INICIATIVA[3].

Inclúese unha detallada desagregación dos principais parámetros económicos que se tomaron en consideración para a elaboración deste estudo.
Deseguido desenvólvense os fundamentos xustificativos desas cifras.

1. Estimación dos ingresos.

1.1. Ingresos por alugueiro do estudio.

Tendo en conta da existencia dun considerable mercado no ámbito da produción virtual que, ademais, presenta unhas notables taxas de crecemento no medio-longo prazo, a estimación dos ingresos por alugueiro do estudio virtual exporanse cun enfoque de oferta en base aos seguintes criterios:

- A tarifa de alugueiro do estudio fíxase en 5.000 €/día, é dicir, no tramo medio-baixo dos prezos de mercado identificados. Á devandita tarifa aplícaselle un incremento do 1% cada dous anos.
- Dos 365 días dispoñibles, estímase unha ocupación máxima de 230 días (63%) descontando fins de semana, festivos…
- Destes 230 días de ocupación máxima, considérase que en 170 días poderíase aplicar a tarifa/día completa, mentres que en 60 días aplicaríase a tarifa reducida (ao 50%) por tratarse de xornadas dedicadas a instalacións, montaxes, probas…
- A ocupación inicial do estudio estima nun 30%, con posteriores incrementos do 10% entre os anos 2º e 6ª, do 5% entre os anos 7º e 11ª, do 3% entre os anos 12º e 15º, do 2% entre os anos 16º e 19% e do 1% no ano 20º.

Aplicando estes criterios, pódense estimar os seguintes ingresos anuais por alugueiro do estudio:

3 O estudo de viabilidade económica e toda a redacción deste epígrafe foi realizada por Don Antonio Paz García da entidade ESTRATEGA CONSULTING GLOBAL,S.L., empresa contratada para o asesoramento técnico heste proxecto segundo Resolución da Presidencia 2024/16970, do 25 de abril.

**RPT-6654235

Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	Ano 6	Ano 7	Ano 8	Ano 9	Ano 10
474.783	527.483	580.232	644.638	709.101	787.812	827.202	877.248	921.110	976.837

Ano 11	Ano 12	Ano 13	Ano 14	Ano 15	Ano 16	Ano 17	Ano 18	Ano 19	Ano 20
1.006.143	1.046.690	1.078.091	1.121.538	1.155.184	1.190.071	1.213.872	1.250.531	1.275.542	1.301.180

Estas cifras supoñerían uns **ingresos totais por alugueiro do estudio** de 18.965.286 **€** durante o período dos primeiros **vinte anos**.

Polo que se refire aos cinco exercicios correspondentes á posible prórroga, e mantendo os mesmos criterios anteriormente explicados para o conxunto do período de vinte anos, estímanse os seguintes ingresos anuais por alugueiro do estudio:

Ano 21	Ano 22	Ano 23	Ano 24	Ano 25
1.314.192	1.340.607	1.354.013	1.381.229	1.395.041

Xa que logo, estas estimacións supoñerían uns **ingresos totais por alugueiro do estudio** de 6.785.081 **€** durante o período dos **cinco anos de posible prórroga**.
En consecuencia, estímase que os **ingresos totais por alugueiro do estudio durante os posibles vinte e cinco anos** de explotación ascenderían a 25.750.368 **€**.

1.2. Outros ingresos.
Á marxe do alugueiro do estudio virtual, poderase facturar igualmente por outros servizos complementarios como sería o caso de:

- Ingresos por servizos de persoal e material (auxiliar, salas…), estimado nun 20% sobre o importe do alugueiro do estudio.
- Ingresos por subministración de enerxía eléctrica ao estudio, a un prezo de venda de 0,45 €/kWh sobre o consumo efectivo rexistrado.
- Ingresos por servizos de cátering, estimados cun 5% sobre o valor dos gastos efectivos do servizo de cátering.
- Ingresos por servizos de limpeza, vixilancia, transporte…, estimados nun 5% sobre o importe do alugueiro do estudio.

Aplicando estes criterios, pódense estimar os seguintes “outros ingresos”:

Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	Ano 6	Ano 7	Ano 8	Ano 9	Ano 10
407.910	450.019	495.021	546.135	600.748	662.793	695.932	732.922	769.568	810.489

Ano 11	Ano 12	Ano 13	Ano 14	Ano 15	Ano 16	Ano 17	Ano 18	Ano 19	Ano 20
834.803	862.464	888.338	917.792	945.326	967.208	986.552	1.009.409	1.029.597	1.043.146

**RPT-6654235

Estas cifras supoñerían un **importe total por "outros ingresos"** de 15.656.174 **€** durante o período dos primeiros **vinte anos**.

Durante os cinco exercicios correspondentes á posible prórroga, e mantendo os mesmos criterios anteriormente explicados para o conxunto do período de vinte anos, estímanse os seguintes importes como "outros ingresos":

Ano 21	Ano 22	Ano 23	Ano 24	Ano 25
1.053.578	1.067.465	1.078.140	1.092.374	1.053.578

Polo tanto, estas estimacións lanzarían un resultado de 5.345.134 **€** no concepto de "outros **ingresos"** durante o período dos **cinco anos de posible prórroga**.

En consecuencia, estímase un total de 21.001.308 **€** en concepto de "outros **ingresos" durante os posibles vinte e cinco anos** de explotación.

1.3. Ingresos totais.

A partir dos datos anteriormente estimados, poden calcularse que os **ingresos totais ao longo dos primeiros 20 anos de explotación** ascenderían a 34.621.460 **€** coa seguinte distribución anual:

Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	Ano 6	Ano 7	Ano 8	Ano 9	Ano 10
882.692	977.503	1.075.253	1.190.772	1.309.850	1.450.604	1.523.135	1.610.170	1.690.679	1.787.326

Ano 11	Ano 12	Ano 13	Ano 14	Ano 15	Ano 16	Ano 17	Ano 18	Ano 19	Ano 20
1.840.946	1.909.154	1.966.429	2.039.330	2.100.510	2.157.278	2.200.424	2.259.940	2.305.139	2.344.326

Pola súa banda, durante os **cinco anos correspondentes á posible prórroga** totalizaríanse uns **ingresos totais** de 12.130.216 **€** coa seguinte distribución anual:

Ano 21	Ano 22	Ano 23	Ano 24	Ano 25
2.367.769	2.408.072	2.432.153	2.473.603	2.448.619

Polo tanto, os **ingresos totais** estimados para o **período total de explotación (prórroga incluída)** ascendería a 46.751.676 **€**.

2. Previsión de gastos.

Os conceptos de gasto que se tiveron en conta para a elaboración deste estudo son os asociados de maneira razoable á xestión dun emprazamento destas características e coa finalidade pretendida. A continuación, analízanse estes gastos.

2.1. Gastos de persoal.

As necesidades de persoal estimadas para unha correcta prestación dos servizos previstos fíxanse nos seguintes perfís:

Persoal	Nº
Director Xerente	1
Comercial Fixo	1
Comercial Variable	1
Director Marketing	1
Administrativo/Recepcionista	2
Director Técnico/Mantemento	1
Técnico/Mantemento	1
Supervisor VFX	1
Supervisor CG	1
Produtor VFX	1
Coordinador de Produción	1
Editor VFX	2

Dado que se trata de perfís novos que aínda non forman parte do catálogo habitual de postos relacionados coa industria audiovisual, leva a cabo unha equiparación dos mesmos cos incluídos no *III/III Convenio colectivo de ámbito estatal da industria de produción audiovisual (BOE/BOE nº 85 do 6 de abril de 2024)*, chegando así á seguinte correspondencia:

Persoal	Nº	Equiparación convenio
Director Xerente	1	Director de Produción
Comercial Fixo	1	Xefe de Produción
Comercial Variable	1	-
Director Marketing	1	Xefe Superior Persoal Administrativo
Administrativo/Recepcionista	2	Auxiliar administrativo
Director Técnico/Mantemento	1	Xefe de Produción
Técnico/Mantemento	1	Auxiliar de produción
Supervisor VFX	1	Xefe de Produción
Supervisor CG	1	Xefe de Produción
Produtor VFX	1	Xefe de Produción
Coordinador de Produción	1	Axudante de Produción
Editor VFX	2	Editor de vídeo

A partir desa equiparación, e tendo en conta que o citado convenio presenta as táboas salariais para os diferentes grupos profesionais segundo se operan no ámbito da produción televisiva, cinematográfica ou cinematográfica de baixo orzamento (menos de 1.125.000 €), procédese a estimar os custos de persoal do centro de produción virtual do seguinte modo:

- Tómase o salario mensual (incluíndo a prorrata das pagas extras e o plus de flexibilidade) pactado para o ano 2024 tanto para o ámbito da produción televisiva como da cinematográfica de baixo orzamento (considerando que poden ser inicialmente os segmentos de demanda máis habitual) e calcúlase a media entre ambos os importes.

- Calcúlase o salario anual multiplicando polos 12 meses.

Persoal	Nº	Equiparación segundo convenio	Salario basear mensual (inclúe prorrata pagas extras + plus flexibilidade 2024)	Salario basear anual

**RPT-6654235

			TV	Cinema (baixo ppto.)	Media	**medio**
Director Xerente	1	Director de Produción	2.860,48 €	4.740,47 €	3.800,48 €	45.605,70 €
Comercial Fixo	1	Xefe de Produción	2.462,50 €	3.655,40 €	3.058,95 €	36.707,40 €
Comercial Variable	1	-	-	-	-	-
Director Marketing	1	Xefe Superior Persoal Administrativo	1.902,76 €	1.902,76 €	1.902,76 €	22.833,12 €
Administrativo/Recepcionista	2	Auxiliar administrativo	1.596,11 €	1.596,11 €	1.596,11 €	19.153,32 €
Director Técnico/Mantemento	1	Xefe de Produción	2.462,50 €	3.655,40 €	3.058,95 €	36.707,40 €
Técnico/Mantemento	1	Auxiliar de produción	1.669,10 €	1.809,11 €	1.739,11 €	20.869,26 €
Supervisor VFX	1	Xefe de Produción	2.462,50 €	3.655,40 €	3.058,95 €	36.707,40 €
Supervisor CG	1	Xefe de Produción	2.462,50 €	3.655,40 €	3.058,95 €	36.707,40 €
Produtor VFX	1	Xefe de Produción	2.462,50 €	3.655,40 €	3.058,95 €	36.707,40 €
Coordinador de Produción	1	Axudante de Produción	1.865,52 €	2.281,76 €	2.073,64 €	24.883,68 €
Editor VFX	2	Editor de vídeo	2.164,02 €		2.164,02 €	25.968,24 €

- A continuación, incorpórase o custo relativo ás diferentes cotizacións á Seguridade Social que, no seu conxunto, estímase nun 33%

- E, finalmente, multiplícase polo número de profesionais previstos en cada categoría.

Persoal	Equiparación Convenio	Nº	€/ano	SS	Custo Emp.
Director Xerente	Director de Produción	1	45.606	33%	60.656
Comercial Fixo	Xefe de Produción	1	36.707	33%	48.821
Comercial Variable	-	1	-	33%	-
Director Marketing	Xefe Persoal Administrativo	1	22.833	33%	30.368
Administrativo/Recepcionista	Auxiliar administrativo	2	38.307	33%	50.948
Director Técnico/Mantemento	Xefe de Produción	1	36.707	33%	48.821
Técnico/Mantemento	Auxiliar de produción	1	20.869	33%	27.756
Supervisor VFX	Xefe de Produción	1	36.707	33%	48.821
Supervisor CG	Xefe de Produción	1	36.707	33%	48.821
Produtor VFX	Xefe de Produción	1	36.707	33%	48.821
Coordinador de Produción	Axudante de Produción	1	24.884	33%	33.095
Editor VFX	Editor de vídeo	2	51.936	33%	69.076

No caso da Comercial “Variable”, os seus honorarios estímanse nun 5% do total de ingresos por alugueiro do estudio, sempre que superen o 18.000 €/trimestre.

**RPT-6654235

A partir do primeiro ano, exponse un incremento salarial anual do 1,5% en cada un dos seguintes exercicios.

Deste xeito, o **gasto de persoal total durante os primeiros 20 anos de explotación** ascendería a 12.661.957 **€**, coa seguinte distribución:

Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	Ano 6	Ano 7	Ano 8	Ano 9	Ano 10
547.576	555.789	564.126	572.588	581.177	589.894	598.743	607.724	616.840	626.093

Ano 11	Ano 12	Ano 13	Ano 14	Ano 15	Ano 16	Ano 17	Ano 18	Ano 19	Ano 20
635.484	645.016	654.691	664.512	674.479	684.597	694.866	705.289	715.868	726.606

Polo que se refire aos **cinco exercicios correspondentes á posible prórroga**, e mantendo os mesmos criterios anteriormente explicados para o conxunto do período de vinte anos, estímase un total de 3.799.823 **€** en concepto de gastos de persoal coa seguinte distribución anual:

Ano 21	Ano 22	Ano 23	Ano 24	Ano 25
737.505	748.568	759.796	771.193	782.761

En consecuencia, estímase que o **gasto de persoal total durante os posibles vinte e cinco anos** de explotación ascendería a 16.461.780 **€**.

2.2. Gastos de explotación.

Entre os gastos que explotación que poden ser directamente facturables ao cliente segundo a política habitual do sector, atópanse os seguintes:

- Enerxía Eléctrica: tendo en conta a porcentaxe de ocupación do estudio, os seus metros cadrados (750 m^2), o seu consumo estimado (2.000 kWh) e a pinza de prezos existente (entre 0,16 €/kWh e 0,25 €/kWh).
- Gastos de servizo de cátering: tendo en conta a porcentaxe de ocupación do estudio, a presenza dunhas 25 persoas no centro e unha dieta estimada de 13 €/día.
- Gastos de servizo de limpeza, vixiancia, mantementos, transporte…: estimado nun 5% sobre o importe derivado do alugueiro do estudio.

Aplicando estes criterios, os **gastos de explotación totais durante os primeiros 20 anos de explotación** ascenderían a 7.390.392 **€**, coa seguinte distribución

Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	Ano 6	Ano 7	Ano 8	Ano 9	Ano 10
194.479	214.188	235.607	259.487	285.435	314.369	330.088	347.026	364.377	194.479

Ano 11	Ano 12	Ano 13	Ano 14	Ano 15	Ano 16	Ano 17	Ano 18	Ano 19	Ano 20

**RPT-6654235

383.080	394.572	406.928	419.135	432.265	445.233	454.727	463.821	473.717	488.667

Polo que se refire aos **cinco exercicios correspondentes á posible prórroga**, e mantendo os mesmos criterios anteriormente explicados para o conxunto do período de vinte anos, estímase un total de 2.521.689 **€** en concepto de gastos **de explotación** coa seguinte distribución anual:

Ano 21	Ano 22	Ano 23	Ano 24	Ano 25
493.554	499.153	504.144	509.870	514.968

En consecuencia, estímase que o **gasto de explotación total durante os posibles vinte e cinco anos** de explotación ascendería a 9.912.080 **€**.

2.3. Gastos xerais.

Entre os gastos xerais, normalmente subcontratados, e que non son facturables ao cliente segundo a política habitual do sector, atópanse os seguintes:

- Limpeza: crecente en función da ocupación prevista no estudio, estímase como mínimo en dúas persoas a un custo de 1.000 €/udad/mes.
- Mantemento: crecente en función da ocupación prevista no estudio, estímase como mínimo nunha persoa a un custo de 1.300 €/udad/mes.
- Contabilidade: crecente en función da ocupación prevista no estudio, estímase como mínimo nunha persoa a media xornada a un custo de 1.000 €/udad/mes.
- Técnicos: crecente en función da ocupación prevista no estudio, estímase como mínimo en seis persoas a un custo de 3.000 €/udad/mes.
- Xestoría Laboral: crecente en función da ocupación prevista no estudio, estímase como mínimo nunha persoa a 1/3 da súa xornada e a un custo de 1.000 €/udad/mes.
- Servizos informáticos: constante con independencia da ocupación do estudio, estímase como mínimo nunha persoa ao 80% de dedicación e a un custo de 1.500 €/udad/mes.
- Vixiancia e control de accesos: constante con independencia da ocupación do estudio, estímase como mínimo en dúas persoas a un custo de 1.200 €/udad/mes.

Aplicando estes criterios, os **gastos xerais totais durante os primeiros vinte anos** de explotación ascenderían a 4.733.125 **€**, coa seguinte distribución:

Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	Ano 6	Ano 7	Ano 8	Ano 9	Ano 10
131.400	140.220	151.523	164.142	178.232	193.963	203.876	214.441	225.700	237.699

Ano 11	Ano 12	Ano 13	Ano 14	Ano 15	Ano 16	Ano 17	Ano 18	Ano 19	Ano 20
246.539	255.781	265.443	275.544	286.104	294.678	303.555	312.746	322.261	329.279

Polo que se refire aos **cinco exercicios correspondentes á posible prórroga**, e mantendo os mesmos criterios anteriormente explicados para o conxunto do período de vinte anos, estímase un total de 1.758.007 **€** en concepto de gastos **xerais** coa seguinte

distribución anual:

Ano 21	Ano 22	Ano 23	Ano 24	Ano 25
493.554	499.153	504.144	509.870	514.968

En consecuencia, estímase que os **gastos xerais totais durante os posibles vinte e cinco anos** de explotación ascenderían a 6.491.132 **€**.

2.4. Outros gastos.

Polo que se refire ao resto dos gastos necesarios para completar o correcto funcionamento do centro de produción virtual, atópanse os seguintes:

- «Gasto base» de enerxía eléctrica (sen uso de estudios): estimado en 5.000 €/mes.
- Seguro de Danos: estimado en 15.000 €/ano.
- Seguro de RC: estimado en 7.000 €/ano.
- Impostos, tributos e taxas: estimados en 8.000 €/ano.
- Servizos profesionais (asesorías, avogados, auditores…): estimados en 20.000 €/ano.
- Reparación e conservación de activos: estimado nun 15% do importe da amortización anual neta (descontada subvención) correspondente aos equipos que integran o investimento inicial.
- Marketing (Web, Redes Sociais, Relacións Públicas…): estimado nun 8% dos ingresos totais.
- Outros gastos de estrutura (viaxes, teléfono, comidas…): estimados nun 4% dos ingresos totais.
- Amortización: tense en conta a amortización lineal correspondente ao investimento comprometido de 5.000 €/ano, unha vez transcorridos os primeiros dez anos de explotación. Deste xeito, a amortización total durante os vinte anos de explotación ascendería a 275.000 € coa seguinte distribución:

11	12	13	14	15	16	17	18	19	20
5.000 €	10.000 €	15.000 €	20.000 €	25.000 €	30.000 €	35.000 €	40.000 €	45.000 €	50.000 €

Durante os posibles cinco anos de prórroga aplicaríanse outros 250.000 € en concepto de amortización coa seguinte distribución:

21	22	23	24	25
50.000 €	50.000 €	50.000 €	50.000 €	50.000 €

- Gastos financeiros: considérase un préstamo ICO a 20 anos e con tres de carencia por un importe de 1 M€, mantendo un saldo medio de 250.000 €. Pola súa banda, como tipo de xuro de referencia para o cálculo do financiamento tomouse o dun préstamo ICO a 20 anos[4].

Tomando como referencia estes criterios, os **"outros gastos"** estimados durante os primeiros **vinte anos de explotación** ascenderían a 6.876.271 **€**, coa seguinte distribución:

Concello	207.191,57	203.336,99	-3.854,58	
Total	470.900,52	467.045,94	-3.854,58	

2.- Considerar cumpridas as condicións ás que fora sometido este investimento por achegarse toda a documentación xustificativa correspondente e, en consecuencia, levantar ás ditas condicións e aprobalo definitivamente dentro do Plan.

3.- Na aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta actuación que se mantén invariable, aínda que este investimento experimenta unha diminución no seu orzamento de contrata por importe de 3.854,58 €, esta redución se imputará integramente á achega do concello, que con esta modificación reducirá o seu importe na cantidade citada, sendo agora o importe total da achega municipal de 203.336,99 €.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Bergondo para os efectos oportunos."

12.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do saneamento e pavimentación na rúa Doutor Fleming", do Concello de Corcubión, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0350.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Corcubión do proxecto modificado do investimento denominado “Mellora do saneamento e pavimentación na rúa Doutor Fleming”, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0350.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 23 de xuño do 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación número 2022/33529, do 27 de xullo do 2022 e o acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 29 de xullo do 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Logo de ver que mediante Resolución da Presidencia número 40603/2022 do 29/09/2022, considerouse aprobada a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles previstos no Plan Complementario ao POS+ 2022 Base, entre eles o investimento do concello de Corcubión conforme se indica na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Corcubión	2022.2102.0350.0	Mellora do saneamento e pavimentación na rúa Doutor Fleming	80.345,61	0,00	80.345,61

Logo de aprobar o Concello de Corcubión un proxecto modificado deste investimento, que xa está adxudicado e pendente de xustificar na súa totalidade, asinado dixitalmente o día 11 de xullo de 2024, polo arquitecto e director da obra, Antonio Martínez Domínguez, cun orzamento de contrata de 80.345,61 €, idéntico ao do proxecto inicial incluído no Plan, coa finalidade de adecualo á realidade existente que non permite a realización dalgunhas das actuacións previstas e que varía as medicións dalgunhas partidas e crea partidas novas.

Visto o informe de supervisión favorable emitido o 13 de agosto de 2024 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, así como os informes ténicos e xurídicos favorables e a conformidade do contratista adxudicatario da obra.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 26 de novembro do 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 30 de novembro do 2021 e modificadas mediante acordo plenario provincial do 27 de maio do 2022 para a regulación do POS+ Adicional 2/2022 (BOP número 102 do 31 de maio do 2022).

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora do saneamento e pavimentación na rúa Doutor Fleming”, do Concello de Corcubión, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0350.0, co mismo orzamento de contrata que o proxecto inicial, que está adxudicada e pendente de executar, que foi aprobado para adecualo á realidade existente unha vez iniciadas as obras, que conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, así como coa conformidade do contratista adxudicatario da obra e co informe de supervisión favorable emitido o 13 de agosto de 2024 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, sendo o seu cadro de financiamento o que se indica a continuación:

Proxecto modificado Concello de Corcubión “Mellora do saneamento e pavimentación na rúa Doutor Fleming” Código 2022.2102.0350.0	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO	
	Contrata	Adxudicación	Contrata	Adxudicación
Deputación	80.345,61	76.714,00	80.345,61	76.714,00
Concello	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	80.345,61	76.714,00	80.345,61	76.714,00

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Corcubión para os efectos oportunos."

13.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación viais núcleo de Cambeiro (Outes)", do Concello de Outes, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024, co código 2024.2000.0213.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Outes do proxecto modificado do investimento denominado “Pavimentación viais núcleo de Cambeiro (Outes)", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 co código 2024.2000.0213.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 31 de maio do 2024, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe este investimento do Concello de Outes, entre outros, cos seguintes datos:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Outes	2024.2000.0213.0	Pavimentación viais núcleo de Cambeiro (Outes)	35.497,18	0,00	35.497,18

Logo de aprobar o Concello de Outes un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 19 de abril de 2024 polo mesmo redactor do proxecto técnico inicial, o enxeñeiro de camiños, canles e portos Pablo Blanco Ferreiro, co mesmo orzamento de contrata que o proxecto inicialmente aprobado, co obxectivo de dar solución ás numerosas reclamacións veciñais e ao estado deficitario dos viarios, decidindo ampliar o ámbito de actuación e a substitución da solución adoptada .

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 24 de novembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 245, do 27 de decembro de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 2024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Pavimentación viais núcleo de Cambeiro (Outes)”, do Concello de Outes, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 co código 2024.2000.0213.0, que aínda non está adxudicado, que foi

aprobado polo Concello de Outes para dar resposta ás numerosas reclamacións dos veciños e ao estado deficitario dos viarios, decidindo ampliar o ámbito de actuación e a substitución da solución adoptada, que mantén o mesmo orzamento de contrata de 35.497,18 € do proxecto inicial, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

Concello de Outes **Pavimentacion viais núcleo de Cambeiro (Outes)** **2024.2000.0213.0**	**PROXECTO INICIAL**	**PROXECTO MODIFICADO**
Deputación	35.497,18	35.497,18
Concello	0,00	0,00
Total	**35.497,18**	**35.497,18**

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Outes para os efectos oportunos."

14.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de viais na parroquia de Velouzás" do Concello de Paderne, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 primeira fase, co código 2022.2102.0425.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Paderne do proxecto modificado do investimento denominado “Pavimentación de viais na parroquia de Velouzás”, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0425.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 23 de xuño do 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación número 2022/33529, do 27 de xullo do 2022 e o acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 29 de xullo do 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Logo de ver que mediante Resolución da Presidencia número 40603/2022 do 29/09/2022, considerouse aprobada a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por

maior achega provincial no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles previstos no Plan Complementario ao POS+ 2022 Base, entre eles o investimento do concello de Paderne, co código 2022.2102.0425.0 que, a día de hoxe está adxudicado e pendente de certificar na súa totalidade, tal como se indica na seguinte táboa:

		Contrata	Adxudicación	Certificado	Pendente certificar
Paderne Pavimentación de viais na parroquia de Velouzás 2022.2102.0425.0	**Deputación**	58.268,34	54.947,00	0,00	54.947,00
	Concello	0,00	0,00	0,00	0,00
	Total	**58.268,34**	**54.947,00**	**0,00**	**54.947,00**

Logo de presentar o Concello de Paderne un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o día 14 de xuño de 2024 por Antonio López Rodríguez, arquitecto que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 58.268,34 €, idéntico ao do proxecto inicial incluído no Plan, coa finalidade de modificar o trazado e axustar a medición daqueles traballos indetectábeis durante a redacción inicial para adecualo á realidade existente, e visto o informe de supervisión favorable emitido o 26 de xuño de 2024 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, así como os informes técnicos e xurídicos favorables e a conformidade do contratista adxudicatario da obra.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 26 de novembro do 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 30 de novembro do 2021 e modificadas mediante acordo plenario provincial do 27 de maio do 2022 para a regulación do POS+ Adicional 2/2022 (BOP número 102 do 31 de maio do 2022).

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de viais na parroquia de Velouzás", do Concello de Paderne, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0425.0. Este proxecto modificado ten un orzamento de **58.268,34 €** idéntico ao do proxecto inicial, segundo se reflicte máis adiante na táboa, xa está adxudicado e pendente de certificar na súa totalidade, foi redactado para modificar o trazado e axustar a medición daqueles traballos indetectábeis durante a redacción inicial para adecualo á realidade existente, conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, así como coa conformidade do contratista adxudicatario da obra e co informe de supervisión favorable emitido o 26 de xuño de 2024 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios provinciais e o seu financiamento é tal e como se indica a continuación:

Proxecto modificado Concello de Paderne "Pavimentación de viais na parroquia de Velouzás **"** **Código** 2022.2102.0425.0	**PROXECTO INICIAL**		**PROXECTO MODIFICADO**	
	Contrata	**Adxudicación**	**Contrata**	**Adxudicación**
Deputación	58.268,34	54.947,00	58.268,34	54.947,00
Concello	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	58.268,34	54.947,00	58.268,34	54.947,00

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 0430 /4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Paderne para os efectos oportunos."

15.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación de servizos e pavimentación no Barrio Campo (Corme Porto) e estación de bombeo de augas residuais en Ponteceso" do Concello de Ponteceso, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 co código 2023.2100.0029.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Ponteceso do proxecto modificado do investimento denominado “Renovación de servizos e pavimentación no Barrio Campo (Corne Porto) e estación de bombeo de augas residuais en Ponteceso”, do Concello de Ponteceso incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023, co código 2023.2100.0029.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o día 26 de maio do 2023, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 e o seu Plan Complementario

Logo de aprobar o Concello de Ponteceso un proxecto modificado deste investimento, que está adxudicado e parcialmente certificado, cun orzamento de contrata de 145.155,17 €, o que supón unha diminución de 18.846,38 €, en relación co seu orzamento de contrata inicial que ascendía a 164.001,55 €, que foi redactado debido a unha serie de eventualidades que fixeron necesaria unha modificación substancial das obras proxectadas para garantir a viabilidade do proxecto, e que conta cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, así como cun informe de supervisión favorable do Servizo de Asistencia Técnica a municipios desta deputación

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 25 de novembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 1 de decembro de 2022.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Renovación de servizos e pavimentación no Barrio Campo (Corne Porto) e estación de bombeo de augas residuais en Ponteceso” do Concello de Ponteceso, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2100.0029.0, asinado o día 13 de xuño de 2024 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Rubén Calvarro Ribadulla, que xa redactara o proxecto inicial, que foi redactado para realizar os cambios necesarios para garantir a viabilidade do proxecto, cun orzamento de contrata de 145.155,17 €, o que supón unha diminución de 18.846,38 €, en relación co seu orzamento de contrata inicial que ascendía a 164.001,55 €, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con diminución Renovación de servizos e pavimentación no Barrio Campo (Corne Porto) e estación de bombeo de augas residuais en Ponteceso Concello de Ponteceso: 2023.2100.0029.0						
Axentes financeiros	**Proxecto Inicial**		**Proxecto Modificado**		**Diferenza**	
	Orzamento de contrata	**Orzamento de adxudicación**	**Orzamento de contrata**	**Orzamento de adxudicación**	**Diferenza contrata**	**Diferenza adxudicación**
Deputación	164.001,55	158.589,50	145.155,17	140.365,05	18.846,38	18.224,45
Concello	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	**164.001,55**	**158.589,50**	**145.155,17**	**140.365,05**	**18.846,38**	**18.224,45**

2.- Na aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Ponteceso para os efectos oportunos."

16.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Instalación de cuberta en pista de pádel na rúa Santiago do Campo", do Concello de Sobrado incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024 co código 2024.2000.0253.0 levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Sobrado do proxecto modificado do investimento denominado “Instalación de cuberta en pista de pádel na rúa Santiago do Campo”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de

competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024, co código 2024.2000.0253.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 31 de maio do 2024, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 e o seu Plan Complementario no que se inclúe este investimento do Concello de Sobrado.

Tendo en conta que no apartado 2 do citado acordo plenario se indica que algúns dos investimentos que se detallan nos anexo IV e V teñen indicadas condicións singulares suspensivas, e quedará condicionada a súa aprobación definitiva ao cumprimento das condicións sinaladas, entre as que se encontra o seguinte investimento do Concello de Sobrado, cos datos que se indican na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS PENDENTES
Sobrado	2024.2000.0253.0	Instalación de cuberta en pista de pádel na rúa Santiago do Campo	41.072,40	0,00	41.072,40	- Patrimonio Cultural - Augas de Galicia - Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello

Logo de aprobar o Concello de Sobrado un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 27 de xuño de 2024 polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Pablo Couto López, que xa redactar o proxecto inicial, que corrixe os erros sinalados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seus informes desfavorables dos días 23 de febreiro e 14 de xuño de 2024 e que tamén recolle as determinacións indicadas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural notificada ao concello no mes outubro de 2023.

Logo de achegar o concello as Resolucións de autorizacións favorables da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e de Augas de Galicia, así como o certificado da secretaria interventora do concello do acordo plenario municipal do día 7 de agosto de 2024, de aprobación do proxecto técnico modificado e o informe sobre a capacidade económica para facer fronte á achega municipal da obra, asinado o día 19 de agosto de 2024,onde indica que nos orzamentos do ano 2024 que se encontran en fase de exposición pública existe partida económica para financiar o incremento que experimenta o proxecto coa súa modificación.

Logo de ver que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 16 de xullo do 2024 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 2024 de novembro do 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 20245, do 27 de decembro de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+adicional 1/2024 para gastos sociais

extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 202024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Instalación de cuberta en pista de pádel na rúa Santiago do Campo", do Concello de Sobrado, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024, co código 2024.2000.0253.0, que foi aprobado de forma condicionada á obtención das autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e de Augas de Galicia e á supervisión do proxecto corrixido e aprobación polo concello e que polo tanto, aínda non está adxudicado. Este proxecto que foi modificado para corrixir os erros sinalados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación nos seus informes desfavorables dos días 23 de febreiro e 14 de xuño de 2024 e recoller as determinacións indicadas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural notificada ao concello no mes outubro de 2023, conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o 16 de xullo do 2024 polo dito Servizo de Asistencia Técnica, e aínda que non supón unha variación nin do seu obxecto nin da súa finalidad, supón un incremento do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Sobrado tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello de Sobrado **Instalación de cuberta en pista de pádel na rúa Santiago do Campo** **2024.2000.0253.0**	**PROXECTO INICIAL**	**PROXECTO MODIFICADO**	**DIFERENZA**	**CONDICIÓNS CUMPRIDAS**
Deputación	41.072,40	41.072,40	0,00	- Patrimonio Cultural - Augas de Galicia - Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello
Concello	0,00	19.235,68	19.235,68	
Total	41.072,40	60.308,08	19.235,68	

2.- Considerar cumpridas as condicións singulares ás que foi sometido este investimento no do acordo plenario provincial de 31 de maio de 2024, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 e o seu Plan Complementario, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento e, en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento do Concello de Sobrado.

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Sobrado para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento".

17.- Dación de conta das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2025.

Dáse conta das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2025, de aprobación pola Presidencia.

18.- Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a xuño de 2024 e proxección a 31/12/2024.

PRIMEIRO.- Dar conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30 de xuño de 2024, que informa a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

SEGUNDO.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

TERCEIRO.- Se se teñen en consideración os criterios utilizados pola Administración do Estado na avaliación da estabilidade orzamentaria obtéñense os resultados que se recollen no anexo I e que supoñen o previsible incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ao longo do exercicio, coas estimacións deducidas do presente expediente, por importe de 40.331.355.75 € tal e como se recolle no citado Anexo I.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2024, aínda que as previsións actuais permiten estimar o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, porque se trata de estimacións previas e porque a orixe do posible incumprimento é o financiamento de novos gastos con remanente de tesourería do exercicio 2023 que ten a natureza de recurso financeiro propio e que ten un fundamento contable real e efectivo.

En todo caso tomarase en consideración a causa do incumprimento citado e a situación económico-financeira xeral da Deputación e os restantes elementos descritos no apartado 2 do artigo 21 da reiterada LOEPeSF.

CUARTO.- Informar periodicamente ao Pleno sobre o estado de execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

19.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a xuño de 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de xuño de 2024.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de xuño de 2024.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

20.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a xullo de 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de xullo de 2024.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de xullo de 2024.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

21.- Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao segundo

trimestre de 2024.

PRIMEIRO: Dáse conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao segundo trimestre de 2024, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

SEGUNDO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida no apartado anterior, para xeral coñecemento.

TERCEIRO: Dispor o envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma.

22.- Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e do seu ente dependente correspondente ao segundo trimestre de 2024.

Dáse conta da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña), correspondente ao segundo trimestre de 2024, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

23.- Aprobación da baixa da Deputación da Coruña como socio no Grupo de Acción Local "Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes".

INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

Simplemente es manifestar el sentido de nuestro voto, que será de abstención, y no por una cuestión de fondo, sino porque a día de hoy, por lo que nosotros tenemos conocimiento, nadie se ha puesto en contacto con el alcalde de Ordes o, lo que es peor, con el alcalde de Mesía, que no es de nuestro Partido, pero no tenía conocimiento de que la Diputación se iba a dar de baja de este grupo, Acción Local. Entonces, por una cuestión formal, yo creo que procedería que usted, presidente, o el diputado correspondiente pues hablara con ellos simplemente al efecto de transmitirle que se van a dar de baja y el motivo por el cual. Nosotros, habiendo escuchado las explicaciones técnicas, nos parece oportuna la decisión, lo que pasa que creemos que igual ha habido un defecto en la forma. Simplemente por eso nos vamos a abstener. Gracias.

Sr. Presidente

O motivo da baixa coñecédelo, que é unha cuestión técnica de, digamos de risco para a Deputación en función das instrucións que empeza a impartir ou impoñer o Ministerio de Facenda, e creo que tes toda a razón. Por tanto, pedirlle perdón publicamente e fareino persoalmente ao presidente do grupo, porque efectivamente

deberiamos ter comunicado a baixa, probablemente sen máis transcendencia, porque é certo que en nove anos non recibimos ningunha convocatoria desta entidade, co cal a relación coa Deputación da Coruña nese sentido é ningunha. Pero é certo que unha cousa non quita a outra.

E pasamos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños, e a abstención do PP, acorda:

"PRIMEIRO. Aprobar a baixa da Deputación como socio do Grupo de Acción Local Asociación Desenvolvemento da Comarca de Ordes con CIF 15796766 dada a nula vinculación coa actividade da mesma.

SEGUNDO. Notificar o acordo adoptado ao Grupo de Acción Local "Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes" e á Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local como órgano competente na xestión da Base de Datos Xeral de Entidades Locais (BDGEL). "

24.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Camariñas respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Antifraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta membros presentes que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

"PRIMEIRO.- Aceptar a adhesión do Concello de Camariñas ao Plan PREMADECOR, 3º GRAO, asumindo esta Deputación no referente aos fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), as funcións de avaliación de riscos, seguimento de medidas polo CADECOR e instrución dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia do Concello delegante.

SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento, indicándose no anuncio que contra este acordo

poderá interporse recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a súa publicación (artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.). E previamente poderase interpor recurso de reposición, ante o Pleno da Corporación, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a publicación, sen que se poidan simultanear ambos os dous recursos (artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local.). Tamén se poderá presentar calquera outro recurso que se estime procedente."

25.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Pontedeume. (Recadación voluntaria e executiva da Taxa de recollida de lixo e da Taxa por ocupación de postos no mercado municipal, de carácter non periódico).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta membros presentes que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

"1. Aceptar a delegación das competencias acordada polo Concello de Pontedeume en relación coas seguintes materias:

Recadación voluntaria e executiva da Taxa de recollida de lixo e da Taxa por ocupación de postos no mercado municipal, de carácter non periódico.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial."

26.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Coristanco polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da "XLI Festa da pataca"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa.

A Festa da Pataca, que vén de ser declarada Festa de Interese Turístico no presente 2024 ten como finalidade a de celebrar unhas xornadas festivas onde poñer en valor o produto máis importante do concello, a pataca de Coristanco, coa finalidade de dar a coñecer a calidade do produto gastronómico que atopa na terra de Coristanco un dos seus mellores lugares de cultivo.

A conxunción da climatoloxía húmida e temperada desta parte occidental de Galicia coas condicións dos seus solos resultan ser ingredientes estrelas para a súa produción. A pataca de Coristanco ofrece unha lectura alternativa da xeografía e da historia desta terra, e cada setembro este evento ofrece a posibilidade de gozar da tradición e das especificacións culinarias vencelladas ao territorio.

A Festa da Pataca constitúe un reclamo non só para o entorno máis achegado da comarca, senón que supón unha visita obrigada para todo aquel que queira desfrutar dunha das festas máis consolidadas e representativas da zona que enaltece o froito da labor de agricultores e produtores locais e xenera unha experiencia única para todos aqueles que deciden visitar Coristanco.

3º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os seguintes:

-Falta de motivación da singularidade da entidade e da xustificación da excepcionalidade da actividade realizada, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública en concorrencia competitiva da subvención proposta. O que supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do TRLRFL así como un incumprimento das condicións establecidas no artigo 22.2 da LXS para xustificar o carácter nominativo da subvención proposta. •

-Falta de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial que se ha conceder e do coeficiente de financiamento.

-Incumprimento do disposto no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións ao non xustificarse as razóns de interese público que dificultan ou impiden a súa inclusión no Plan Único POS+.

- Incumprimento do principio de anualidade orzamentaria

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE CORISTANCO con CIF P1502900B , para

financiar a “XLI FESTA DA PATACA ” cun orzamento total de 93.617,00 €

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 12.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 12.81818%.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE CORISTANCO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento da “XLI FESTA DA PATACA”.

En A Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte ....., en representación do CONCELLO DE CORISTANCO

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

EXPOÑEN

1 Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE CORISTANCO consideran de gran interese a celebración do PROXECTO "XLI FESTA DA PATACA " consistente en celebrar ten como finalidade a de celebrar unhas xornadas festivas onde poñer en valor o produto máis importante do concello, a pataca de Coristanco, coa finalidade de dar a coñecer a calidade do produto gastronómico que atopa na terra de Coristanco un dos seus mellores lugares de cultivo.

2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CORISTANCO, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE CORISTANCO, con CIF P1502900B , fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento da "XLI FESTA DA PATACA ".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

CONCEPTO GASTO	IMPORTE (euros)
Aluguer de mesas e sillas	798,60
Aluger de megafonía, equipos de son , audiovusuales	10.103,50
Organización e realización exaltación XLI Festa da pataca	12.412,23
Aluguer de vallas, casetas sanitarias e xerador	2.290,53
Aluguer de local para realizacion de actividades	3.476,23
	1.210,00
Espectáculo na rúa	562,50
Actuación musical do 17/09/2023	6.050,00
Servicio transporte sanitario preventivo durante a festa da pataca	1.350,00
Colocación de luces, cuadros electricos e outros servizos de electricidade	7.060,35
Servizo de seguridade dos recintos da Festa	2.364,92
Concerto musical do 16/09/2023	5.808,00
Suministro de material para Festa (carteis, tickets, etc.)	5.220,65
Diseño cartel Festa da pataca, impresión cartel e diseño da bolsa de patacas fritas da Festa da Pataca	9.228,67
Diseño adaptación de lonas publicitarias	1.058,75
Publicidade prensa escrita, dixital e radio	1.488,71
Envasado de pataca frita con logo: FESTA DA PATACA – CORISTANCO	17.208,36
Suministro de pataca de Coristanco para degustación e para a elaboración dos paquetes de patacas fritas	5.925,00
TOTAL GASTO	**93.617,00**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 12.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 12.81818 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 12.81818 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e

suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CORISTANCO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DE CORISTANCO. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE CORISTANCO, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE CORISTANCO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CONCELLO DE CORISTANCO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CORISTANCO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE CORISTANCO, unha vez

que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CORISTANCO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE CORISTANCO deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán carácter retroactivo e abranguerán as datas sinaladas na cláusula XIII..

2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CORISTANCO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CORISTANCO da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CORISTANCO na documentación achegada no prazo máximo de catro meses.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1 O CONCELLO DE CORISTANCO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura

deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CORISTANCO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CORISTANCO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DE CORISTANCO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE CORISTANCO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se deveñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do

reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CORISTANCO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE CORISTANCO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de marzo do 2024, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de agosto do 2025, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. O CONCELLO DE CORISTANCO deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 31 de xullo de 2025.

3. Para o caso de que o CONCELLO DE CORISTANCO non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación ante do 31 de xullo de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CORISTANCO perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

4. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CORISTANCO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do CONCELLO DE CORISTANCO,

A Secretaria Provincial"

27.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do "Apoio á candidatura de Ferrol a Patrimonio Mundial da Unesco. Plan de acción 2024".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa.

A declaración de Patrimonio Mundial é unha distinción que outorga a UNESCO a aqueles bens con características de excepcional valor que os fan únicos no mundo. España, cun total de 49 bens rexistrados na Lista de Patrimonio Mundial é o cuarto país con máis bens declarados.

A inclusión de bens na Lista de Patrimonio Mundial pon de manifesto nosa riqueza patrimonial, á vez que constitúe unha mostra do compromiso das administracións e os cidadáns pola súa conservación. É preciso considerar que a declaración de Patrimonio Mundial non é un fin en si mesmo, senón o principio dun camiño de responsabilidades e compromisos cuxa finalidade é o mantemento do Valor Universal Excepcional destas manifestacións para as xeracións futuras.

O Valor Universal Excepcional (VUE) constitúe o concepto crave da Convención de Patrimonio Mundial. Este significa que un ben posúe unha importancia cultural e/ou natural tan extraordinaria que transcende as fronteiras nacionais e cobra importancia para as xeracións presentes e vindeiras de toda a humanidade. Por tanto, a protección permanente deste patrimonio é de capital importancia para o conxunto da comunidade internacional.

Para preservalo é necesario establecer estratexias adecuadas que faciliten a xestión deste patrimonio a través da sustentabilidade económica e ambiental e da participación cidadá.

Este último aspecto é o que conforma o obxecto principal desta proposta de convenio, incidindo no aspecto de concienciación e complicidade do cidadán de Ferrol na importancia do proxecto, da posta en valor da súa historia e o seu patrimonio

3º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os

seguintes:

- Falta de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial que se ha conceder e do coeficiente de financiamento.

4º Apobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE FERROL con CIF P1503700E , para financiar as "APOIO Á CANDIDATURA DE FERROL A PATRIMONIO MUNDIAL DA UNESCO. PLAN DE ACCIÓN. ANO 2024 " cun orzamento total de 100.000,00 €

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 80.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80.00 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE FERROL polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do "APOIO Á CANDIDATURA DE FERROL A PATRIMONIO MUNDIAL DA UNESCO. PLAN DE ACCIÓN ANO 2024".

En A Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte ....., en representación do CONCELLO DE FERROL

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

EXPOÑEN

1 Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE FERROL consideran de gran interese o apoio á ""APOIO Á CANDIDATURA DE FERROL A PATRIMONIO MUNDIAL DA UNESCO. PLAN DE ACCIÓN ANO 2024 ", coa finalidade de impulsar a Candidatura a Patrimonio Mundial de "Cidade de Ferrol. Porto da Ilustración". Un dos puntos ou apartados importantes da folla de ruta da Candidatura é: A IMPLICACIÓN E O APOIO UNÁNIME DA CIDADANÍA. O apoio á candidatura implica o respaldo social e a complicidade cidadá, traballando eficientemente no proceso participativo e o deseño dos programas de información e difusión da mesma. Deste xeito o "APOIO Á CANDIDATURA DE FERROL A PATRIMONIO MUNDIAL DA UNESCO. PLAN DE ACCIÓN ANO 2024"" consiste no deseño dunha campaña de concienciación da cidadanía, o respaldo social e da complicidade cidadá.

2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO

DE FERROL, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE FERROL, con CIF P1503700E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do "APOIO Á CANDIDATURA DE FERROL A PATRIMONIO MUNDIAL DA UNESCO. PLAN DE ACCIÓN ANO 2024" ".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

CONCEPTO	ORZAMENTO
PLAN DE MEDIOS DA CANDIDATURA. SOCIAL MEDIA PLAN (RR.SS.)	12.000,00 €
MERCHANDISING	13.223,14 €
IV FESTIVAL ILUSTRADO DE FERROL	14.793,39 €
ACCIÓNS NA RÚA E DE STREET MARKETING	13.305,79 €
IV SEMANA DO PATRIMONIO INVISIBLE	14.454,55 €
ACTUALIZACIÓN DO EXPEDIENTE	14.867,77 €
SUBTOTAL	**82.644,64 €**
IVE 21 %	17.355,36 €
TOTAL	**100.000,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 80.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80.00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80.00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE FERROL obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DE FERROL. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE FERROL, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE FERROL deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CONCELLO DE FERROL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE FERROL.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE FERROL, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE FERROL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE FERROL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA teñen carácter retroactivo, e abranguerán as datas sinaladas na cláusula XIII..

2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo DOUS MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE FERROL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE FERROL da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE FERROL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE FERROL terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se deveñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE FERROL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE FERROL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE FERROL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DE FERROL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE FERROL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se deveñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE FERROL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE FERROL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de marzo do 2025, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do 2025. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria

2. O CONCELLO DE FERROL deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 30 de abril de 2025.

3. Para o caso de que o CONCELLO DE FERROL non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación ante do 30 de abril de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder

do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE FERROL perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

4. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE FERROL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do CONCELLO DE FERROL,

A Secretaria Provincial"

28.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítima (EXPONAV) para financiar os "Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construción Naval 2024"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento e no capítulo II: Os procedementos de concesións e xestión das subvencións da ordenanza xeral de subvencións e transferencias (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019). Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Este convenio está recollido no **PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS**.

3º.- Apreciánse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,como o incorporado no presente expediente:

- A Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de la Actividades Marítima (EXPONAV) ten como obxecto social reunir, expoñer e conservar o patrimonio técnico, ornamental e documental relativo á construción naval e ao sector marítimo; así como propiciar actividades complementarias relacionadas co mar e a construción naval, como son recopilación e mostras de fotografía e pintura, talleres de restauración de fondos, habilitación de salas de conferencias permanentes e temporais, exposicións, etc todo isto para acometer a organización da Exposición Naval de la Construción Naval, que ten a súa sede no edificio de Herrería do Arsenal Militar de Ferrol.

- A actividade proposta consiste en executar un programa global, que a través de múltiples e singulares accións, contribúan á dinamización do sector da construción naval e as actividades marítimas, no que existen poucas oportunidades e apoios para o emprego na localidade e na comarca, polo que se precisa aumentar a formación e o coñecemento dun sector tan importante como é a construción naval e as actividades marítimas, co obxectivo de diferenciar e diversificar a oferta tanto museística como patrimonial referenciada ás actividades marítimas.

- O Museo atópase moi comprometido coa comunidade educativa, a divulgación da cultura entre as novas xeracións é un obxectivo fundamental. Unha mostra son as visitas dos centros educativos e os obradoiros divulgativos e científicos, dirixido aos nenos e nenas da comarca e de diferentes puntos da xeografía galega.

- Por outra banda é preciso continuar co compromiso cultural adquirido coa sociedade de Ferrolterra e da comunidade galega non soamente a través do museo senón con diversos obradoiros, exposición, visitas, xornadas, conferencias, integración da comunidade educativa o que supón facerse cada vez máis presente na vida cultural e social.

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS EXPONAV para financiar o proxecto “Gastos de Funcionamento da Fundación e do Museo da

Construcións Naval".

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 125.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3331/481

7º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

Todo isto previo o preceptivo informe de Contratación e da Intervención Provincial.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

Na Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o en representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, en representación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Fundación para o Fomento do Coñecemento da Construcción Naval e das Actividades Marítimas EXPONAV consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización económica da provincia.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) CIF G-15944564, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto "Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construcción Naval". Entre estos gastos están as actividades de conserxería e atención ao público, auditoría, publicidade e publicacións, gabinete de prensa, a realización da primeira fase na implantación dos códigos QR, a fase terceira de

mantemento da sala de gálibos e a primeira do tratamento do teito primeira planta; a limpeza e mantemento da sala de grandes máquina, o almacén de maquetas e a zona exterior de sollados, ademais do mantemento do ascensor e das exposicións permanentes incluíndo a conservación preventiva así coma os seguros e material non inventariable.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Soldos e salarios incluída Seguridade Social	103.490,05 €
Mantemento	24.888,38 €
Servicios Externos	16.701,58 €
Publicacións/Publicidade	5.500,00 €
Material non inventariable	2.500,00 €
Seguros	3.169,99 €
TOTAL	**156.250,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **125.000,00 €,** o que representa unha porcentaxe de 80**%.** No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80**%** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/333.1/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto

efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV),deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Segundo o artigo 6 da ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019), queda establecido que ademais de facer constar a colaboración da Deputación na información gráfica ou audiovisual relativa á persoa beneficiaria e as súas actividades en cada convocatoria específica ou convenio regulador determinaranse de xeito detallado os medios de difusión para dar a coñecer o importe e porcentaxe do financiamento provincial da actividade ou proxecto subvencionado.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), unha vez asinado o convenio e logo que presente de xeito telemático, a traves da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

1º .- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2º.- Relación clasificada dos gastos realizados no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as

desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

3º.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4º.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5º.-Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

6º.-Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

7º.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre o **1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV),da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable e lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o

importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no capítulo IV: Procedemento de Control Financiero da ordenanza xeral de subvencións publicada no BOP Núm 72 de 15 de abril de 2019 o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención

pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos na lei Xeral de Subvención e a ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.-Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, dándolle en todo caso audiencia ao interesado

3.- Para os supostos de retrasos na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, dándolle en todo caso audiencia ao interesado

4.- Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de

Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. **O presente convenio de colaboración abranguerá os gastos devengados dende o día 1 de xaneiro do 2024 ata o 31 de decembro de 2024**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 30 de abril do ano 2025**, condicionada á existencia de crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación ante do **31 de marzo de 2025**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 31 de marzo de 2025.**

4. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV),"

29.- Aprobación da Addenda ao Convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de sostibilidade turística en destino Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Aprobar o texto da Addenda ao Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de sostilidade turística en destino Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, cuxa firma se realizou electronicamente o 5 de outubro de 2022.

O texto íntegro do Convenio é o seguinte:

ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL NO

MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXTGENERATIONEU

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E da outra, D. Xosé Regueira Varela, Vicepresidente da **Deputación Provincial da Coruña** e Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, (CIF P1500000C), que actúa en nome e representación de aquela por delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno recollida na Resolución de Presidencia 2023/29343 de 24/07/2023, e en virtude do contemplado nos artigos 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e os artigos 40.3, 41 e 42 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o 5 de outubro de 2022 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) da Deputación da Coruña, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística Litoral de Galicia da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a execución do mesmo.

A vixencia deste convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2024.

Segundo.- A Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do 28 de xullo do 2021, ratificou a aprobación da Estratexia de Sostibilidade Turística en Destino, marco das Convocatorias Extraordinarias de Plans de Sostibilidade Turística en Destino financiados con Fondos Next Generation.

A dita estratexia foi revisada e modificada posteriormente nas Conferencias Sectoriais de Turismo de marzo de 2022 e xaneiro de 2023.

O 17 de outubro de 2023, o Consello de Asuntos Económicos e Financeiros (ECOFIN) aprobou a Addenda ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), introducindo modificacións na redacción dos obxectivos e fitos CID do Programa Extraordinario de Plans de Sostibilidade Turística.

Froito desta modificación, modificase a Estratexia de Sostibilidade Turística en Destino na Conferencia Sectorial do 29 de decembro de 2023, de xeito que se eliminan os parágrafos que fan referencia aos porcentaxes por eixos de cumprimento das etiquetas e, no seu lugar, indícase que se modifica a redación dos CID, de acordo co texto aprobado pola Addenda.

Así mesmo, indícase que os PSTD contribuirán ao cumprimento das obrigas relativas ao etiquetado climático previstas nos CID 217, 218 e 219, de acordo ao Anexo 5 da Estratexia.
A nova redacción dos CID implica maior flexibilidade en canto a xustificación da contribución climática por eixos dos PSTD, nos seguintes termos:

Obxectivo n.º 217 do CID. Cuarto trimestre 2021: Publicación no BOE da adxudicación ás Entidades Locais de axuda para a aplicación dos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos», por un importe mínimo de 561 000 000 EUR, dos cales, o 35 % destinarase a medidas que aborden a transición verde, a sostibilidade e a eficiencia enerxética/electromobilidade nos destinos. Os criterios de selección garantirán o cumprimento da Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» (DO C 58 de 18.2.2021, p.1), dunha lista de exclusións e do acervo medioambiental pertinente da UE e nacional. Os criterios de selección deberán garantir que do orzamento total definitivo concedido para financiar a medida, 359 000 000 EUR, como mínimo, contribúa ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 %, e 519 000 000 EUR, como mínimo, aos relacionados cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Como alternativa, os criterios de selección garantirán que polo menos 1 788,6 millones EUR contribúan aos obxectivos relacionados co cambio climático con, en promedio, un coeficiente climático de polo menos o 31,7 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello. Este porcentaxe medio de contribución poderá alcanzarse sobre a base dos ámbitos de intervención indicados no anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241.

Obxectivo n.º 218 do CID. Cuarto trimestre 2022: Publicación no BOE da adxudicación ás Entidades Locais de axuda para a aplicación dos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos», por un importe mínimo de 1 173 000 000 EUR (valor de referencia: 31 de decembro de 2021), dos cales, o 35 % destinarase a medidas que aborden a transición verde, a sostibilidade e a eficiencia enerxética/electromobilidade nos destinos. Os criterios de selección garantirán o cumprimento da Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» (DO C 58 de 18.2.2021, p.1), dunha lista de exclusións e do acervo medioambiental pertinente da UE e nacional. Os criterios de selección deberán garantir que do orzamento total definitivo concedido para financiar a medida, 359 000 000 EUR, como mínimo, contribúa ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 %, e 519 000 000 EUR, como mínimo, aos relacionados cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Como alternativa, os criterios de selección garantirán que

polo menos 1 788,6 millóns EUR contribúan aos obxectivos relacionados co cambio climático con, en promedio, un coeficiente climático de polo menos o 31,7 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello. Este porcentaxe medio de contribución poderá alcanzarse sobre a base dos ámbitos de intervención indicados no anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241.

Obxectivo n.º 219 do CID. Cuarto trimestre 2023: Publicación no BOE da adxudicación ás Entidades Locais de axudas para a aplicación dos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos» por un importe mínimo de 1 788 600 000 EUR (valor de referencia: 31 de decembro de 2022), dos cales, o 35 % destinarase a financiar medidas que aborden a transición verde, a sostibilidade e a eficiencia enerxética/electromobilidade nos destinos. Os criterios de selección garantirán o cumprimento da Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» (DO C 58 de 18.2.2021, p.1), dunha lista de exclusións e do acervo medioambiental pertinente da UE e nacional. Os criterios de selección deberán garantir que do orzamento total definitivo concedido para financiar a medida, 359 000 000 EUR, como mínimo, contribúa ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 %, e 519 000 000 EUR, como mínimo, aos relacionados cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Como alternativa, os criterios de selección garantizarán que polo menos 1 788,6 millones EUR contribúan aos obxectivos relacionados co cambio climático con, en promedio, un coeficiente climático de polo menos o 31,7 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello. Este porcentaxe medio de contribución poderá alcanzarse sobre a base dos ámbitos de intervención indicados no anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241.

Adicionalmente ao anterior, a modificación do listado de etiquetas climáticas do Anexo 5 da Estratexia, entre as asignadas ao Compoñente 14, permite a revisión das etiquetas climáticas inicialmente previstas no convenio asinado o 5 de outubro de 2022.

Considerase que son as actuacións dos eixos 1 e 2 as que preferiblemente suman para computar o cumprimento do Obxectivo CID a nivel da Estratexia, recollidos no Anexo V.

Terceiro.- Os fitos e obxectivos CID son aqueles cuxa consecución é imprescindible para poder solicitar os desembolsos dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia que se inclúen na Decisión de Execución do Consello, Council Implementing Decision (CID), do 13 de xullo de 2021. O 17 de outubro de 2023 o Consello Europeo de Asuntos Económicos e Financeiros da Unión Europea aprobou a modificación da Decisión de Execución do Consello do 13 de xullo de 2021 relativa á avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España. A través da addenda ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, aprobada o 17 de outubro do 2023, actualízase o calendario de desembolsos, e, así mesmo, inclúe a actualización dos fitos 220 e 221.

O 29 de decembro de 2023, procedeuse a modificar o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, co obxecto de incorporar as modificacións dos ditos fitos:

Fito n.º 220 do CID: Cuarto trimestre 2024: As Comisións de Seguemento asegurararanse de que todos os destinos beneficiarios logren como mínimo as seguintes porcentaxes de execución de cada Plan de Sustentabilidade Turística.

- Execución do 50 % no caso dos destinos adxudicados en 2021.

- Execución do 30 % no caso dos destinos adxudicados en 2022.
- Execución do 15 % no caso dos destinos adxudicados en 2023.

Fito n.º 221 do CID: Segundo trimestre 2026: Finalización de todos os proxectos incluidos nos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos» e adxudicados en consonancia cos obxectivos 217, 218 e 219, o 35 % de cuxos fondos se destinarán a financiar medidas que aborden a transición verde, a sostibilidade e a eficiencia enerxética/electromobilidade nos destinos, de conformidade coa Guía técnica sobre a aplicación de principio de «non causar un prexuízo significativo» (DO C 58 de 18.2.2021, p.1) mediante o uso dunha lista de exclusións e o requisito de cumprimento da lexislación medioambiental pertinente da UE e nacional.

Polo tanto faise preciso introducir no convenio asinado o 5 de outubro de 2022 a nova porcentaxe de execución do 50% ao ser un destino adxudicado en 2021.

Cuarto.- De acordo coa Estratexia de sostibilidade Turística en Destino a Comunidade Autónoma poderá prever unha prórroga do prazo de execución dos plans de sostibilidade turística en destino, máis aló do prazo máximo de 3 anos previstos inicialmente, sempre que estea motivado e quede asegurado o cumprimento dos CID 220 e 221. A dita prórroga terá que ser comunicada á SETUR en comisión bilateral.
En coherencia co anterior, a posibilidade de prórroga do prazo de execución prevista na cláusula décimo sexta do convenio quedará condicionada ao cumprimento das condicións anteriores.

Quinto.- Que na reunión da comisión bilateral entre a Secretaría de Estado de Turismo e a Axencia de Turismo de Galicia celebrada o 30 de novembro de 2023 aprobouse unha reprogramación das actuacións debido ás modificacións solicitadas polas distintas entidades en base á distinta problemática que afecta ás súas actuacións, así como as necesidades de reasignación dos remantentes existentes de contratos xa adxudicados e as incorporacións dos fondos nos executados en anualidades anteriores, dentro do marco xeral de execución previsto para a execución dos plans. Ao tratarse de fondos finalistas, permítese que os fondos que non foron executados se incorporen na anualidade seguinte, dentro do período máximo de execución previsto no convenio e sempre e cando se asegure o cumprimento do Fito en decembro de 2024. A modificación consiste en actualizar o cadro inicial de actuacións previstas na cláusula terceira sen que implique cambios no resto do contido da cláusula así como a súa inclusión no anexo I.

Sexto.- Os convenios relativos ao Plan Territorial 2021 na súa cláusula novena, Comisión de seguimento, estipulaban que para o control e resolución de cantas cuestións se suscitasen ao redor da interpretación e aplicación da execución do convenio, quedaría constituída a comisión de seguimento desde a firma do convenio e ditaría as normas internas do seu funcionamento, debéndose reunir sempre que o solicitase algunha das partes e, en todo caso, polo menos tres veces ao ano. Coa fin de eliminar a carga administrativa aos beneficiarios e axilizar a resolución de consultas e dúbidas, así como non paralizar a execución das actuacións, decídese de mutuo acordo que as reunións das comisións de seguimento pasen a ser polo menos dúas resolvéndose as dudas de tramitación empregando outras formas máis áxiles.

Sétimo.- Nos convenios tramitados relativos aos PSTD 2021 facíase referencia á compatibilidade con outras axudas e subvencións. Agás permiso explícito recollido no Acordo de Conferencia Sectorial non procede a compatibilidade con outros fondos

Europeos segundo as Orientacións de 6 de marzo de 2023 en relación coa prevención da doble financiación no ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ditadas polo Ministerio de Hacienda y Función Pública; o dito permiso non está contemplado no acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 21 de decembro de 2021.

Oitavo.- A Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflicto de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia dictase en aplicación da disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, en relación coa análise sistemática do risco de conflicto de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, basado nunha ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España.
A presente orde establece o contido mínimo que obligatoriamente deberán ter as Declaracións de Ausencia de Conflicto de Interese (DACI). Tras a entrada en vigor desta orde faise preciso adaptar as DACI establecidas no convenio inicial ao previsto na Orde.

Noveno.- Visto o anteriormente exposto e unha vez asinado o convenio, faise necesaria a modificación do convenio asinado no relativo ás etiquetas, reprogramación de actuacións, o número de reunións da comisión de seguemento, as porcentaxes de execución, a compatibilidade con outras axudas, a actualización das DACI e a posibilidade de prórroga.

Por estes motivos, acórdase subscribir a presente addenda que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Modifícanse as cláusulas segunda, terceira, novena, décima, décimo terceira, décimo sexta e os anexos I e II, de forma que quedan redactadas do seguinte xeito:

“Segunda. Natureza

1. A relación de cooperación entre as administracións territoriais participantes articúlase mediante convenios interadministrativos asinados entre tres Administracións Públicas que pertencen á categoría dos regulados nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Esta relación resulta á súa vez coherente cos artigos 143 e 144 da LRXSP. Tal e como reza o artigo 143, as relacións de cooperación voluntaria entre as Administracións Públicas formalizaranse de maneira expresa por ambas as partes a través dos acordos nos seus órganos de cooperación ou en convenios.

Pola súa banda, o artigo 144 da devandita Lei indica que os convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

Ademais, de acordo co disposto no artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, desenvolverase con carácter voluntario, mediante os convenios administrativos que subscriban, como o presente. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Esta subvención estará sometida ao Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como a normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en España—Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/1031/2021— e, en especial a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento, LEI 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, en relación coa execución orzamentaria e contable, xestión das actuacións e proxectos vinculados ao do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3. Adecuación a etiquetas climáticas

I.- O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ten que contribuír polo menos nun 31,7% á transición ecolóxica. Para calcular esa contribución, a Unión Europea definiu un sistema de etiquetaxe común para clasificar as actividades económicas medioambientalmente sostibles. Esta metodoloxía recóllese no Anexo VI do Regulamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

II.- De acordo co previsto na Decisión de Execución do Consello, as actividades recollidas no PSTD contribuirán ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 % e a aqueles cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

III.- A medida C14.I1, submedida 2, contribúe a reforzar a transición verde e sustentable. As seguintes actuacións deste convenio, contribuirán previsiblemente as seguintes etiquetas climáticas identificadas con unha contribución a obxectivos climáticos do 100%:

Melloras na cualificación profesional do sector turístico: formación especializada.	01
Adecuación e mellora da rede de rutas de sendeirismo e BTT do territorio.	075
Mellora da eficiencia enerxética dos concellos do Xeoparque Cabo Ortegal.	026 bis

026bis: Renovación da eficiencia enerxética o medidas de eficiencia enerxética relativas a infraestruturas públicas, proxectos de demostración e medidas de apoio conformes cos criterios de eficiencia enerxética.

01: Contribución ás competencias e empregos verdes

075: Infraestrutura para bicicletas

As seguintes actuacións, contribuirán previsiblemente as seguintes etiquetas climáticas identificadas con unha contribución a obxectivos climáticos do 40%:

Creación dunha rede de Centros de interpretación do Proxecto de Xeoparque de Cabo Ortegal.	050
Promoción da gastronomía e os produtos agroalimentarios locais.	047
Plan de mellora e acreditación de pequenas empresas turísticas (aloxamentos, guías, actividades,...).	047
Deseño e creación de programas de actividades de xeoturismo (xeorrutas, visitas e outras).	050

047: Apoio a procesos de produción respetuosos co medio ambiente e eficiencia no uso de recursos nas pymes.

050: Protección da natureza e a biodiversidade, patrimonio e recursos naturais, infraestruturas verdes e azuis

Terceira. Custo das actuacións e gastos subvencionables.

O custo das actuacións previstas no presente convenio cífrase en 1.500.000 euros, que se financiará conforme a seguinte distribución:

Eixos programáticos	Nº	Actuacións	2022	2023	2024	Total
	17	Melloras na cualificación profesional do sector turístico: formación especializada.	0,00 €	0,00 €	64.863,26 €	64.863,26 €
	11	Deseño e creación de programas educativos e de fomento da investigación.	0,00 €	0,00 €	56.670,00 €	56.670,00 €
Eixo 1. Transición verde e sustentable	16	Promoción da gastronomía e os produtos agroalimentarios locais.	0,00 €	0,00 €	78.150,00 €	78.150,00 €
	18	Plan de mellora e acreditación de pequenas empresas turísticas (aloxamentos, guías, actividades, ...).	0,00 €	0,00 €	51.060,00 €	51.060,00 €
	19	Deseño e creación de programas de actividades de xeoturismo (xeorrutas, visitas e outras actividades).	0,00 €	0,00 €	54.450,00 €	54.450,00 €
	13	Creación dunha Rede de centros de interpretación do Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	54.450,00 €	54.450,00 €

		Total EIXO 1	**0,00 €**	**0,00 €**	**359.643,26 €**	**359.643,26 €**
Eixo 2. Mellora da eficiencia enerxética	**1**	Adecuación e mellora da rede de rutas de sendeirismo e BTT do territorio.	0,00 €	0,00 €	150.000,00	150.000,00 €
	2	Mellora da eficiencia enerxética dos concellos do Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	207.109,64€	207.109,64 €
		Total EIXO 2	**0,00 €**	**0,00 €**	**357.109,64 €**	**357.109,64 €**
Eixo 3. Transición dixital	**3**	Gabinete de comunicación e marketing online.	0,00 €	0,00 €	39.930,00 €	39.930,00 €
	4	Creación dunha central de reservas para servizos do Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	40.000,00 €	40.000,00 €
	6	Ampliación de funcionalidades e contidos da páxina web.	0,00 €	0,00 €	16.890,00 €	16.890,00 €
	7	Creación dunha App para a xestión e promoción do Camiño a Santo André de Teixido.	0,00 €	0,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €
	8	Formación e asesoramento para a mellora do posicionamento do destino en Google Travel Journey.	0,00 €	0,00 €	32.670,00 €	32.670,00 €
		Total EIXO 3	**0,00 €**	**0,00 €**	**179.490,00 €**	**179.490,00 €**
Eixo 4. Competitividade	**9**	Asistencia técnica para xestión do PSTD Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	214.131,19 €	214.131,19 €
	10	Implantación de indicadores ETIS e modelo de xestión DTS.	0,00 €	0,00 €	36.300,00 €	36.300,00 €
	12	Plan de márketing e estratexia de medios, online e offline.	0,00 €	15.376,52 €	0,00 €	15.376,52 €
	14	Dinamización e promoción do Camiño de peregrinación a Santo André de Teixido.	0,00 €	0,00 €	36.000,00 €	36.000,00 €
	15	Posta en valor de produtos do sector primario para o turismo.	0,00 €	0,00 €	72.600,00 €	72.600,00 €
	20	Deseño, creación e promoción de produtos e experiencias turísticas.	0,00 €	0,00 €	36.000,00 €	36.000,00 €
	21	Plan de difusión e uso da marca e identidade corporativa do Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	32.670,00 €	32.670,00 €
	22	Creación dun banco de imaxes e material audiovisual de promoción.	0,00 €	0,00 €	20.710,00 €	20.710,00 €
	23	Accións e material de promoción e publicidade para a mellora do posicionamento do produto.	0,00 €	0,00 €	45.300,00 €	45.300,00 €
	24	Organización de *fam trips* a outros xeoparques certificados.	0,00 €	0,00 €	43.880,00 €	43.880,00 €
	25	Presenza en feiras, xornadas e eventos.	0,00 €	0,00 €	18.119,39 €	18.119,39 €
	26	Deseño e elaboración de publicacións e material de difusión.	0,00 €	0,00 €	32.670,00 €	32.670,00 €
		Total EIXO 4	**0,00 €**	**15.376,52 €**	**588.380,58 €**	**603.757,10 €**
		TOTAL	**0,00 €**	**15.376,52 €**	**1.484.623,48€**	**1.500.000,00 €**

A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a contribuír ao financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das actuacións recollidas do antedito convenio, achegando un importe máximo de un millón quiñentos mil euros (1.500.000,00€) con

cargo ás aplicacións 05.A2.761A.7600 e 05.A2.761A.821.06 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para a anualidade 2022.

Para garantir a execución dos proxectos e evitar a posible perda de recursos comunitarios asignados á Axencia de Turismo de Galicia, esta anticipou á Deputación da Coruña o importe correspondente ao financiamento deste convenio. Por unha banda anticipouse a anualidade corrente e por outra o anticipo reembolsable correspondente ás anualidades 2023 e 2024.

As condicións do anticipo reembolsable son as descritas na cláusula sétima. A achega da Axencia de Turismo de Galicia efectuouse de acordo ao estipulado no Convenio asinado o 5 de outubro de 2022:

O anticipo da anualidade corrente con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.7600, código de proxecto 2022 0001 «Mecanismo de Recuperación e Resiliencia», por un importe de 456.990,00€. conforme ao establecido polo artigo 10 do Real Decreto-Lei 25/2020, do 3 de xullo.

O anticipo das anualidades 2023 e 2024 con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.821.06, código de proxecto 2022 00001, por un importe de 597.080,00 para a anualidade 2023 e 445.930,00 para anualidade 2024.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación queda exonerado da constitución de garantía.

A entidade local autoriza á comunidade autónoma a obter de forma directa, para os efectos do presente convenio, a acreditación de que a entidade local atópase ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa seguridade social.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirira a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

As actuacións contidas no PSTD da entidade local da Deputación da Coruña financiaranse con fondos da Unión Europea- Next Generation EU polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, establecido no Regulamento (UE) 2020/241 DO Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

Entenderanse como gastos financiables todos aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade, destínense a alcanzar o obxectivo 217 mediante a realización de actividades e resulten estritamente necesarios e realícense dentro do prazo establecido no presente convenio. Así mesmo considéranse custos financiables:

a) As contratacións externas de enxeñería, seguimento e obra civil.
b) Os contratos de compra de equipos, incluíndo equipamento tecnolóxico e equipos informáticos, relacionados coas actuacións financiables
c) A adquisición de licenzas de software de carácter especializado e destinado exclusivamente á actuación e que posibilite a utilización adecuada do equipamento adquirido.
d) As contratacións externas de consultoría, que leven a cabo dentro da actuación obxecto da subvención como parte da mesma. Os estudos de viabilidade e de enxeñería de detalle serán subvencionables sempre que

sexan necesarios para a realización da actuación. Poderán realizarse con anterioridade á data de elixibilidade, pero nese caso, o seu custo non sería elixible.

e) As contratacións externas para traballos de asesoramento legal, notaría, asesoramento técnico ou financeiro contabilidade ou auditoría, se están directamente ligados ao proxecto e son necesarios para a súa preparación ou desenvolvemento, a condición de que fosen contemplados no orzamento.

Segundo o artigo 31.8 de la Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os abona efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Así mesmo, non se considerarán custos financiables:

- Autorizacións administrativas, licenzas, permisos, custo de avais e/ou fianzas e multas.
- Calquera gastos asociados a xestións, contratacións, consultas ou trámites administrativos, aínda sendo necesarios para a obtención de permisos ou licenzas.
- Seguros subscritos polo solicitante.
- A vixilancia e seguridade durante a execución da obra ata a data de posta en marcha.
- Calquera custos financeiros.
- Custos asociados a sancións penais, así como gastos de procedementos xudiciais.
- Licenzas destinadas a sistemas operativos e aplicacións ofimáticas.
- Calquera gasto de operación e mantemento das actuacións ou gastos propios da administración

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valorprobatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa.

Os gastos subvencionables comprenden, en todo caso, os efectuados en relación ao PSTD realizados pola entidade beneficiaria desde o 1 de xaneiro de 2022.

Novena. Comisión de seguimento.

1. Para o control e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio, quedará constituída a comisión de seguimento desde a firma do presente convenio e ditará as normas internas do seu funcionamento, debéndose reunir sempre que o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos dúas veces ao ano.

2. A Comisión no seu funcionamento rexerase polo previsto no presente convenio e supletoriamente polo disposto na Sección Terceira do Capítulo II do Título Preliminar de Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

3. A Comisión é paritaria e está integrada polos seguintes membros:

Dous representantes da comunidade Autónoma

Dous representantes da entidade local.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

4. As funcións asignadas á Comisión de Seguimento consistirán na vixilancia, control, seguimento e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio.

Décima.- Prazo e forma de xustificación.

1. A Deputación da Coruña, finalizada a execución (En todo caso antes de 31 de decembro 2024), presentará a xustificación ante a Axencia de Turismo de Galicia como data límite o 30 de xuño de 2025 e presentará unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas e unha memoria económica, tendo en conta as singularidades establecidas no artigo 63 da Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, que conterá a seguinte documentación:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
b) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a axuda outórguese conforme un orzamento, indicaranse as desviacións acaecidas.
c) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago.
d) Os tres presupostos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, deba solicitar o beneficiario.
e) Certificado expedido polo Interventor, acreditativo da aplicación á súa finalidade dos fondos percibidos e o detalle dos pagos efectuados correspondentes ás actuacións subvencionadas obxecto da subvención.
f) Certificado emitido pola Deputación que acredite a realización da actividade e o cumprimento da finalidade, así como do informe emitido pola Intervención
g) Documento acreditativo sobre as medidas de difusión adoptadas para xeral coñecemento do financiamento polo Estado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia das actuacións obxecto da subvención.
h) Documentos de declaracións responsables, atendendo ás disposicións normativas sobre o sistema de xestión e de información establecidas na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

2. Deberá conservar toda a documentación orixinal, xustificativa e de aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

3. Así mesmo, a entidade local deberá presentar calquera outros informes ou documentos xustificativos que de acordo coa normativa europea ou nacional resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

4. A Axencia de Turismo de Galicia comprobará a documentación achegada e poderá solicitar a achega adicional doutros documentos ou datos aclaratorios que estime necesarios ou no seu caso, se fose preciso, do correspondente procedemento de reintegro dos importes non utilizados.

5. A fin de cumprir co previsto no Fito 220 recollido na Decisión de Execución do Consello, as Comisións de Seguimento asegurararanse de que todos os destinos beneficiarios logren como mínimo as seguintes porcentaxes de execución de cada Plan de Sustentabilidade Turística.

- Execución do 50 % no caso dos destinos adxudicados en 2021.
- Execución do 30 % no caso dos destinos adxudicados en 2022.
- Execución do 15 % no caso dos destinos adxudicados en 2023.

Por outra banda, en virtude do disposto no Fito 221, a finalización de todos os proxectos incluídos nos PSTD e adxudicados en consonancia cos obxectivos 217, 218 e 219, o 35 % de cuxos fondos se destinarán a financiar medidas que aborden a transición verde, a sustentabilidade e a eficiencia enerxética/ electromovilidade nos destinos, de conformidade coa Guía técnica sobre a aplicación de principio de DNSH, mediante o uso dunha lista de exclusións e o requisito de cumprimento da lexislación ambiental pertinente da UE e nacional. Producirase a devolución anticipada do anticipo reembolsable xunto cos intereses de demora, nos seguintes casos:

- Se se cancelase total ou parcialmente o proxecto por causas imputables aos beneficiarios ou aos seus contratistas/subcontratistas.
- Se se producise a resolución do presente convenio.
- Cando non se presentou da documentación xustificativa nos prazos indicados, ou esta non fose correcta.

Decima terceira.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións e ausencia de dobre financiamento

A percepción destas axudas non é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración, entes públicos ou privados.

Decima sexta.-Vixencia.

1.- O presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2024

2.- En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, os asinantes do Convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción, conforme ao disposto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Non obstante, a CCAA poderá aprobar unha prórroga do prazo de execución, sempre que estea motivado e quede asegurado o cumprimento dos CID 220 e 221. Ditas prórrogas terán que ser comunicadas á SETUR en comisión bilateral

ANEXO I
Actuacións, o calendario de actuación de conformidade cos fitos e obxectivos e o orzamento desagregado, por anualidades.

Eixos programáticos	Nº	Actuacións	2022	2023	2024	Total
Eixo 1. Transición verde e sustentable	17	Melloras na cualificación profesional do sector turístico: formación especializada.	0,00 €	0,00 €	64.863,26 €	64.863,26 €
	11	Deseño e creación de programas educativos e de fomento da investigación.	0,00 €	0,00 €	56.670,00 €	56.670,00 €
	16	Promoción da gastronomía e os produtos agroalimentarios locais.	0,00 €	0,00 €	78.150,00 €	78.150,00 €
	18	Plan de mellora e acreditación de pequenas empresas turísticas (aloxamentos, guías, actividades, ...).	0,00 €	0,00 €	51.060,00 €	51.060,00 €
	19	Deseño e creación de programas de actividades de xeoturismo (xeorrutas, visitas e outras actividades).	0,00 €	0,00 €	54.450,00 €	54.450,00 €
	13	Creación dunha Rede de centros de interpretación do Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	54.450,00 €	54.450,00 €
		Total EIXO 1	**0,00 €**	**0,00 €**	**359.643,26 €**	**359.643,26 €**
Eixo 2. Mellora da eficiencia enerxética	1	Adecuación e mellora da rede de rutas de sendeirismo e BTT do territorio.	0,00 €	0,00 €	150.000,00	150.000,00 €
	2	Mellora da eficiencia enerxética dos concellos do Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	207.109,64€	207.109,64 €
		Total EIXO 2	**0,00 €**	**0,00 €**	**357.109,64 €**	**357.109,64 €**
Eixo 3. Transición dixital	3	Gabinete de comunicación e marketing online.	0,00 €	0,00 €	39.930,00 €	39.930,00 €
	4	Creación dunha central de reservas para servizos do Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	40.000,00 €	40.000,00 €
	6	Ampliación de funcionalidades e contidos da páxina web.	0,00 €	0,00 €	16.890,00 €	16.890,00 €
	7	Creación dunha App para a xestión e promoción do Camiño a Santo André de Teixido.	0,00 €	0,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €
	8	Formación e asesoramento para a mellora do posicionamento do destino en Google Travel Journey.	0,00 €	0,00 €	32.670,00 €	32.670,00 €
		Total EIXO 3	**0,00 €**	**0,00 €**	**179.490,00 €**	**179.490,00 €**
Eixo 4. Competitividade	9	Asistencia técnica para xestión do PSTD Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	214.131,19 €	214.131,19 €
	10	Implantación de indicadores ETIS e modelo de xestión DTS.	0,00 €	0,00 €	36.300,00 €	36.300,00 €
	12	Plan de márketing e estratexia de medios, online e offline.	0,00 €	15.376,52 €	0,00 €	15.376,52 €
	14	Dinamización e promoción do	0,00 €	0,00 €	36.000,00 €	36.000,00 €

	Camiño de peregrinación a Santo André de Teixido.				
15	Posta en valor de produtos do sector primario para o turismo.	0,00 €	0,00 €	72.600,00 €	72.600,00 €
20	Deseño, creación e promoción de produtos e experiencias turísticas.	0,00 €	0,00 €	36.000,00 €	36.000,00 €
21	Plan de difusión e uso da marca e identidade corporativa do Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	32.670,00 €	32.670,00 €
22	Creación dun banco de imaxes e material audiovisual de promoción.	0,00 €	0,00 €	20.710,00 €	20.710,00 €
23	Accións e material de promoción e publicidade para a mellora do posicionamento do produto.	0,00 €	0,00 €	45.300,00 €	45.300,00 €
24	Organización de *fam trips* a outros xeoparques certificados.	0,00 €	0,00 €	43.880,00 €	43.880,00 €
25	Presenza en feiras, xornadas e eventos.	0,00 €	0,00 €	18.119,39 €	18.119,39 €
26	Deseño e elaboración de publicacións e material de difusión.	0,00 €	0,00 €	32.670,00 €	32.670,00 €
	Total EIXO 4	**0,00 €**	**15.376,52 €**	**588.380,58 €**	**603.757,10 €**
	TOTAL	**0,00 €**	**15.376,52 €**	**1.484.623,48€**	**1.500.000,00 €**

ANEXO II
Modelos de declaración
A.Ausencia de conflito de interese
A1. Modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI)

Expediente:
Contrato/subvención.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación/subvención arriba referenciado, o/os abaixo asinante/s, como participante/s no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara/declaran:

Primeiro. Estar informado/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as

autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimizade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopa/n incurso/s en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se compromete/n a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñezo que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data e firma, nome completo e DNI)

A2. Modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI)

Expediente:
Contrato/subvención.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de subvención arriba referenciado, a abaixo asinante, como participante no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara:

Primeiro. Estar informada do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou

nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal».

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de interese como «calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado deste, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación».

3. Que o apartado 3 da disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2023, establece que «A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e resto de persoal ao servizo de entidades decisoras, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións».

4. Que o apartado 4 da citada disposición adicional centésima décima segunda establece que:

– «A través da ferramenta informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida dar un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento».
– «Para a identificación das relacións ou vinculacións a ferramenta conterá, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2.d).iii) do Regulamento (UE) 241/2021, de 12 febreiro, obrantes nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscritos cos Colexios de Notarios e Rexistradores»

Segundo. Que, no momento da sinatura desta declaración e á luz da información obrante no seu poder, non se atopa incursa en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos previstos no apartado catro da disposición adicional centésima décima segunda, que poida afectar ao procedemento de licitación/concesión de subvencións.

Terceiro. Que se compromete a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses puidese coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en curso.

Cuarto. Que coñece que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data e firma, nome completo e DNI)

D. Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar dano significativo aos seis obxectivos ambientais no sentido do artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852, do 18 de xuño (principio do no significant harm - dnsh)

Información sobre a actuación no plan de recuperación
Identificación da actuación
Compoñente do PRTR ao que pertence a actividade
Compoñente 14. Modernización e competitividade do sector turístico
Medida (reforma ou investimento) do compoñente PRTR ao que pertence a actividade, indicando no seu caso, a submedida
Investimento 1:transformación do modelo turístico cara a sustentabilidade
Submedida 2: plans de sustentabilidade turística
Etiquetaxe climática e ambiental asignado á medida (reforma ou investimento) ou, no seu caso, á submedida do PRTR (anexo VI, regulamento 2021/241)

As seguintes actuacións deste convenio, encadradas tanto no eixe 1 como 2, están identificadas con etiquetaxe climática 100%:

Melloras na cualificación profesional do sector turístico: formación especializada.	01
Adecuación e mellora da rede de rutas de sendeirismo e BTT do territorio.	075
Mellora da eficiencia enerxética dos concellos do Xeoparque Cabo Ortegal.	026 bis

As seguintes actuacións perseguen un recoñecemento da súa contribución a obxectivos climáticos do 40%:

Creación dunha rede de Centros de interpretación do Proxecto de Xeoparque de Cabo Ortegal.	050
Promoción da gastronomía e os produtos agroalimentarios locais.	047
Plan de mellora e acreditación de pequenas empresas turísticas (aloxamentos, guías, actividades,...).	047
Deseño e creación de programas de actividades de xeoturismo (xeorrutas, visitas e outras).	050

Datos da persoa solicitante
Nome/razón social
Primeiro apelido
Segundo apelido
Nif

E, na súa representación (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)
Nome
Primeiro apelido
Segundo apelido
Nif

A persoa solicitante ou representante declara:

Que presentou solicitude á actuación arriba indicada para o proxecto denominado:

E este cumpre o seguinte:

A. As actividades que se desenvolven nel non ocasionan un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, segundo o artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento de un marco para facilitar os investimentos sustentables mediante a implantación de un sistema de clasificación (ou «taxonomía») das actividades económicas medioambientalmente sustentables:

1. Mitigación do cambio climático.
2. Adaptación ao cambio climático.
3. Uso sustentable e protección de os recursos hídricos e mariños.
4. Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos.
5. Prevención e control da contaminación a atmosfera, a auga ou o chan.
6. Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.

B. As actividades adecúanse, no seu caso, ás características e condicións fixadas para a medida e submedida do compoñente e reflectidas no plan de recuperación, transformación e resiliencia, e para o caso de actuacións que impliquen rehabilitación, equipamentos, Infraestruturas, o establecido na cláusula sexta.

Destacando:

1. A redución do consumo de enerxía primaria non renovable.
2. A mellora da adaptación dos destinos turísticos e as empresas que as conforman ás estratexias de economía circular, a redución do consumo de recursos hídricos e a protección dos recursos naturais, en especial os mariños.
3. Diminuír a presión da actividade turística sobre o territorio sobre a base da sustentabilidade.

C. As actividades que se desenvolven no proxecto cumprirán a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación.

Entre outras:

- Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios
- Lei 21/2013 de avaliación de impacto ambiental

D. As actividades que se desenvolven non están excluídas para o seu financiamento polo Plan conforme a Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia (2021/C 58/01) 2 , á proposta de Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España e ao seu correspondente anexo.

As actividades excluídas son:

1. Construción de refinerías de cru, centrais térmicas de carbón e proxectos que impliquen a extracción de petróleo ou gas natural, debido ao prexuízo ao obxectivo de mitigación do cambio climático.
2. Actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a súa utilización ulterior, excepto os proxectos relacionados coa xeración de electricidade e/ou calor utilizando gas natural, así como coa infraestrutura de transporte e distribución conexa, que cumpran as condicións establecidas no Anexo III da guía técnica da Comisión Europea.
3. Actividades e activos no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes. Cando se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro provocadas pola actividade subvencionada non van ser significativamente inferiores aos parámetros de referencia, deberá facilitarse unha explicación motivada respecto diso.
4. Compensación dos custos indirectos do RCDE.
5. Actividades relacionadas con entulleiras de residuos e incineradoras, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas dedicadas exclusivamente ao tratamento de residuos perigosos non reciclables, nin nas plantas existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a eficiencia enerxética, capturar os gases de escape para o seu almacenamento ou utilización, ou recuperar materiais das cinzas de incineración, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.
6. Actividades relacionadas con plantas de tratamento mecánico-biolóxico, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas de tratamento mecánico-biolóxico existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a súa eficiencia enerxética ou o seu reacondicionamiento para operacións de reciclaxe de residuos separados, como a compostaxe e a dixestión anaerobia de biorresiduos, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.
7. Actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente.

E. As actividades que se desenvolven non causan efectos directos sobre o medio ambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización, unha vez realizada a actividade.

O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente declaración dará lugar á obrigación de devolver as cantidades percibidas e os xuros de demora correspondentes.

Sinatura da persoa solicitante ou representante

Lugar e data

Segunda. Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas nesta.

Terceira. Condicións

Esta addenda rexerase polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado nesta addenda, asínana na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia
O director
José Manuel Merelles Remy

Pola Deputación da Coruña
O vicepresidente
Xosé Regueira Varela"

30.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Asociación Protectora de Animais Gatocan para cofinanciar o proxecto "Ampliación das instalacións para protección de animais domésticos da provincia da Coruña".

INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

Bueno, nosotros vamos a votar a favor de este punto, pero hoy me gustaría hacer mención a una moción que ya presentamos hace tiempo y pedir una reflexión por parte del Gobierno provincial, en el sentido de que el servicio de recogida de animales y tratar a los animales abandonados, etc., está suponiendo un grave déficit, primero de atención de posibilidades económicas, etc., por parte de todos los ayuntamientos de la provincia, y pediríamos que ustedes reflexionen en el sentido de intentar generar algún tipo de, en convenio con los ayuntamientos, en dos o tres zonas de la provincia, para poder dar este servicio, porque hay ayuntamientos que tienen serios problemas para dar este servicio. Simplemente pedir una reflexión al Gobierno provincial respecto a la iniciativa que en su momento presentamos y, si no, volveremos a traerla en próximos plenos. Gracias.

Sr. García Seoane

Ben, eu, xa o dixen na Comisión, vou votar que non a esta subvención, porque creo que os concellos, si, como dicía o portavoz do Grupo Popular, teñen que ter apoio nese aspecto. Cada vez hai máis cargas nos concellos; hai concellos que poden asumilas e outros, a inmensa maioría, non. Entón, algo haberá que estudar, pero desde logo non con empresas privadas porque, ao final, isto parece unha sociedade, unha fundación. Agora está moi de moda fundar fundacións para despois facer o que lles dá a gana a cada un e con fins que non teñen nada que ver co que se pretende. Por tanto, esta é unha empresa que se dedicou durante moito tempo ao tema da esterilización de gatos e cans, falábase dos concellos e eu entendo que non procede. Esa é a miña razón, creo que hai que apoiar os concellos e non empresas particulares.

Sr. Presidente

Somos conscientes, porque todos provimos do mundo municipal, de que é unha auténtica carga, sobre todo desde que se aproba unha Lei de benestar animal, que no Parlamento de Galicia, pois como acostuma ocorrer en xeral, cárgase con competencias aos concellos desde o punto de vista non competencial, pero si a carga económica de sostelas e, polo tanto, forma parte dese catálogo de actividades que temos que soster os concellos cun custo inasumible, que os veciños non coñecen o seu custo na realidade, e que cada vez é maior, pero que quen exerce a competencia non xunta unha memoria económica á lei que obriga aos concellos a asumilo. Polo tanto, este é un tema que se ten que falar no ámbito autonómico, que se ten que falar no ámbito de cooperación local, que é un tema que estamos, loxicamente, como socios integrantes da Fegamp, permanentemente formulando e que nós estamos dispostos a apoiar, que estamos dispostos a involucrarnos, a cofinanciar, pero dentro dunha competencia que non é provincial, por suposto, que non é municipal, e que ten un custo cada vez maior, isto non vai parar aquí, o custo vaise multiplicar exponencialmente e, polo tanto, é un tema que hai que falar non nunha moción da Deputación, senón que, evidentemente, desde o noso punto de vista, forma parte do seo da Fegamp. Debe ser un punto da orde do día da actividade da Fegamp urxentemente.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE e 6 do BNG).
Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños).
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE e BNG e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Asociación Protectora de Animais Gatocan para cofinanciar o proxecto “Ampliación das instalacións para protección de animais domésticos da provincia da Coruña”.

Visto tamén, que a natureza do asunto que se propón se axusta ás materias correspondentes á área de competencia desa “Comisión Informativa de Industria,

Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente",

Proponse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Asociación Protectora de Animais Gatocan, para regular a achega de 65.000,00 € para cofinanciar o proxecto "Ampliación das instalacións para protección de animais domésticos da provincia da Coruña", cun orzamento subvencionado de 250.945,74 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 25,902 % .

3. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220240026048, da aplicación orzamentaria 0520/17221/781, do vixente Orzamento Xeral.

4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Numero … /2024

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACION PROTECTORA DE ANIMAIS GATOCAN, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO "AMPLIACIÓN DE INSTALACIÓNS PARA A PROTECCIÓN DE ANIMAIS DOMÉSTICOS DA PROVINCIA DA CORUÑA"

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

D. ....., en representación da Deputación Provincial da Coruña

D. ....., en representación da Asociación Protectora de Animais Gatocan

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

M A N I F E S T A N

Que a Asociación Protectora de Animais Gatocan é unha asociación constituída en abril

de 2006 e declarada Asociación de Utilidade Pública e Interese Social no ano 2010, para fomentar o bo trato aos animais, protexer, asistir e coidar a aqueles que se atopan en situación de abandono, en especial no que se refire aos animais de compañía e desempeñar actividades tendentes a súa protección e adopción.

Que a Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais constitúe o marco xeral de regulación sobre o noso comportamento cara a eles como seres vivos dentro do noso entorno de convivencia e cuxo obxectivo é implementar mecanismos legales co fin de fomentar a protección animal e previr o alto grado de abandono de animais no noso país, establecendo un marco común en todo o territorio español, implicando aos poderes públicos e á cidadanía no respecto a todos os animais.

Pola súa parte, as administracións locais, no marco do previsto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, constitúen un elemento fundamental para facer efectivas as disposicións previstas nesta lei, pois non solo constitúen o primeiro contacto entre a cidadanía e a Administración senón que afrontan a problemática que, directa e indirectamente, conleva o abandono animal, no marco do exercicio das competencias en materia de medioambiente e protección da salubridade pública.

Que a responsabilidade da xestión, coidado e salvagarda de animais en situación de abandono pertence ás Administracións Públicas e son as entidades de protección animal as que suplen en moitas ocasións dita xestión, asumindo os custos e o mantemento dos animais. Neste senso, non debe esquecerse a recente reforma do código civil, no cal, agora, a relación da persoa e o animal (sexa este de compañía, doméstico, silvestre ou salvaxe) ha de ser modulada pola calidade de ser dotado de sensibilidade, de modo que os dereitos e facultades sobre os animais han de ser exercitados atendendo ao benestar e a protección do animal, evitando os malos tratos, o abandono e a provocación dunha morte cruel ou innecesaria.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias a protección do medio ambiente, recoñece a importancia do labor que a Asociación Protectora de Animais Gatocan desenvolve, sobre todo no que se refire aos coidados e xestión de animais en situación de desamparo con implicacións na sanidade pública e no medio ambiente así como na labor educativa e de sensibilización cara a cidadanía.

Que sendo de interés para ambas as dúas partes establecer as bases dunha colaboración co fin último de procurar mecanismos, ao obxecto de conxugar os intereses provinciais de protección da salubridade pública e a mellora do medio natural, co relativo a garantizar a protección e a defensa dos animais de compañía que se encontren en situación de desamparo,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Protectora de Animais Gatocan (a entidade beneficiaria, en adiante) para o cofinanciamento da ampliación de instalacións da Protectora de Animais Gatocan para a protección de animais domésticos da provincia da Coruña (1ª fase), tal como aparece definida a mesma no proxecto técnico redactado polo

arquitecto Don Emilio Cortés Varela, Colexiado N.º 780

A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como a preceptiva Licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total de execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desglósase co seguinte detalle:

OBRA AMPLIACIÓN DE INSTALACIÓNS DA PROTECTORA DE ANIMAIS GATOCAN (1ª Fase)	
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	174.279,97 €
GASTOS XERAIS	22.656,40 €
BENEFICIO INDUSTRIAL	10.456,80 €
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	43.552,57 €
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	**250.945,74 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento do proxecto, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **65.000,00 €,** que equivale ao 25,902% de coeficiente de financiamento.

2. No caso de que os gastos xustificados non acadasen os importes totais previstos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (25,902%) da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da obra, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e , xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxetos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección de obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampoco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0520/17221/781, do orzamento xeral para o 2024, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade,

sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contratos de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Se o importe das obras supera 40.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade benficiaria estartá obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuizo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto será redactado en galego.

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

a. Copia do contrato e do expediente de contratación.
b. Certificación de obra subscrita polo Técnico-director e polo contratista.
c. Factura expedida polo contratista.
d. Certificación de aprobación da mesma polo órgano competente.
e. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

f. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Coa derradeira certificación de obra, deberase aportar:

a. Acta de recepción

b. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula quinta

c. Declaración da adscrición dos bens adquiridos á finalidade para a cal se outorgou a subvención durante un período mínimo de cinco anos.

d. Reportaxe fotográfico das obras realizadas.

VII. TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 01.06.2024 e o 30.11.2024

2. Unha vez rematadas as obras, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación aportada.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuizo do anterior, o incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3. Para os supostos de retraso na adquisición ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 01 de xuño de 2024, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de xullo do 2025.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter realizada a obra e presentada a xustificación antes do día 31 de xullo de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2025. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á cuantía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando sustancialmente o obxecto da subvenvión concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten naturaleza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____de_____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña Pola Asociación Protectora de Animais Gatocan
Asdo: **Asdo:**

Secretaria Xeral da Deputación Provincial A Coruña
Asdo."

31.- Aprobación do proxecto da obra Reforzo do pavimento na DP 4604 entre o punto quilométrico 12+000 ao punto quilométrico 16+450 (TOQUES E SOBRADO) incluído no Plan de Conservación 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- APROBAR o Proxecto técnico denominado Reforzo do Pavimento na DP 4604 Entre PQ 12+000 ao PQ 16+450 (Toques e Sobrado) de agosto de 2024 que se integra no Plan de Acondicionamento - Conservación en Vías provinciais 2024, cun orzamento total de **337.853,08 €** con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/61900 que se detalla a continuación:

CÓDIGO 2024.1110.0039.0
DENOMINACIÓN REFORZO DO PAVIMENTO NA DP 4604 ENTRE PQ 12+000 AO PQ 16+450 (TOQUES E SOBRADO)
CONCELLO TOQUES E SOBRADO
PRAZO DE EXECUCIÓN 3 MESES
ORZAMENTO

Execución material	234.636,49 €
13,00 % Gastos Xerais	30.502,74
6,00 % Beneficio Industrial	14.078,19
Suma	279.217,42 €
21,00 % IVE	58.635,66
Presupuesto Execución por Contrata	**337.853,08 €**

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

O Sr. Calvelo Martínez sale do Salón de Plenos.

De acordo co artigo 61 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña, o Presidente acorda unha interrupción da sesión.

O Presidente reanuda a sesión incorporándose o Sr. Calvelo Martínez.

32.- Aprobación técnica do proxecto da obra Mellora da seguridade viaria na DP 2502 en Vilaboa (VALDOVIÑO) incluído no Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 1 deputado (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, acorda:

"1.- **Aprobar técnicamente** o proxecto MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP-2502 EN VILABOA (VALDOVIÑO) PLAN DE INVESTIMENTOS EN VIAS PROVINCIAIS 2024 cun orzamento total de **384.568,24 €** con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/60900 que se detalla a continuación:

CÓDIGO 2024.1110.005.0

DENOMINACIÓN MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP-2502 EN VILABOA (VALDOVIÑO)
CONCELLO VALDOVIÑO
PRAZO DE EXECUCIÓN 5 MESES
ORZAMENTO

Execución material	267.079,82 €
13,00 % Gastos Xerais	34.720,38
6,00 % Beneficio Industrial	16.024,79
Suma	317.824,99 €
21,00 % IVE	66.743,25
Presupuesto Execución por Contrata	**384.568,24 €**

2.- INICIAR os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da obra anteriormente referenciada, ascendendo o **orzamento da expropiación** e bens afectados á cantidade de **36.311,36 €.**

3.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

4.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

(A Sra. Novo Gómez abandona o Salón de Plenos) .

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos a mocións. Hai unha primeira que presenta o Grupo Provincial Popular en relación ás medidas do Goberno central que supoñen un encarecemento a Galicia das xestións sostibles municipais.

Hai unha moción que presenta tamén o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE sobre esta mesma materia en relación á suba do canon que aboan os concellos a Sogama e se lles parece, procedemos ao debate conxunto das mesmas.

1.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, en relación ás medidas do Goberno central que supoñen un encarecemento a Galicia das xestións sostibles municipais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados deste ano, a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) procedeu a actualizar o canon de 2024 tralas medidas aplicadas polo Estado no marco da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, como, por

exemplo, os impostos ao vertido e á incineración. Uns tributos que representaron o pasado ano unha contía de 9,1 millóns de euros que a empresa pública soportou cos seus propios recursos, apoiando aos concellos para non gravar as arcas municipais.

Ademais, a través dunha orde ministerial, publicada a mediados de 2023, o Goberno central suprimiu a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, comprometida ata o ano 2026, momento no que finalizaría a súa vida útil, e diminuíu a retribución á explotación da planta de coxeración, ademais de recuperar o imposto eléctrico do 7%.

Durante o período de exposición da lei estatal de residuos de 2022, a Xunta de Galicia presentou alegacións á implantación dos novos impostos, ao tempo que pediu á Fegamp que as secundara, facendo esta oídos xordos á solicitude trasladada polo Goberno autonómico.

Se ben o Estado e o propio partido socialista escúdanse no argumento de que a aplicación dos impostos ao vertido e á incineración obedece á transposición dunha Directiva europea, o certo é que, na actualidade, a práctica totalidade dos países europeos non instauraron estes tributos.

De cara a 2025, procedeuse ao anuncio de que Sogama prevé establecer unha nova actualización do canon, dada a intención do Estado de dar continuidade a estas medidas. Isto suporía que, dunha media de 66 euros/tonelada que os concellos abonan este ano, grazas á aportación da Xunta, a través dun Fondo de Cooperación Local (FCL) adicional de 12 euros/tonelada (do contrario, serían 78 euros/tonelada), o canon de próximo exercicio ascendería a 108 euros/tonelada.

Por todo isto, o Grupo Provincial do PP presenta as seguintes propostas de acordo:

1.- Esixir ao Goberno central que dea marcha atrás e suprima todos os impostos que gravan a actividade do tratamento de residuos.

2.- Esixir ao Goberno central que recupere a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, ao que tiña dereito ato o final da súa vida útil (2026).

3.- Unha vez que o Goberno central atenda estas peticións, esixir a Sogama que se comprometa a non aplicar a suba prevista para 2025.

2.Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE en relación á suba do canon que os Concellos abonan a SOGAMA pola xestión dos seus residuos.

A sociedade Xestora de residuos de Galicia SOGAMA que xestiona os residuos de 295 concellos galegos estableceu en 2019 a bonificación do 10% no canon de lixo aos Concellos que se comprometeran a reducir o volume de lixo e envases lixeiros así coma a repercutir esta rebaixa nos recibos á veciñanza.

Desta proposta beneficiáronse os Concellos galegos que reduciron a cantidade de lixo xerado cumprindo un dos principios fundamentais na xerarquía de residuos, polo tanto facendo ben os deberes medioambientais.

Na lei de acompañamento dos orzamentos 2023 coñecíamos a intención de SOGAMA

de suprimir esta bonificación amparándose no aumento dos custos de luz e gas da súas instalacións, pero ante a resposta social e por parte dos concellos que esta medida ocasionou, finalmente o goberno galego tivo que recuar e substituíu esta medida pola bonificación do 15% condicionada esta vez especificamente á implantación do contedor marrón e ao traslado aos recibos da rebaixa.

No pasado mes de Xuño de 2024 SOGAMA anunciou a eliminación destabonificación do canon para os meses que quedan de 2024.

A consecuencia disto dende o mes de Xullo a taxa de SOGAMA aos Concellos quedou fixada en 66 euros por tonelada, suprimindo ademais a rebaixa do 15 % da que se beneficiaban 118 municipios pola implantación do contedor marrón.

Esta cantidade de 66 € calculouse facendo unha media cos 68,05 euros de xaneiro a xuño e os 88,05 euros estimados para a segunda metade do ano.

A media serían 78 euros pero lle restan os 12 euros procedentes do fondo de cooperación local.

Neste momento o goberno galego está a aplicar esta suba a pesar do malestar existente nos concellos e anuncia novamente que no ano 2025 incrementará a cota que pasará dos 66 euros actuais a 108 €, o que vai ocasionar un gran impacto nas arcas municipais e en consecuencia tamén no recibo da veciñanza.

O motivo que alega a entidade para xustificar esta suba é o imposto estatal reguladona Lei 7/22, de 8 de abril, de Residuos y suelos contaminados que provoca uns sobrecustos imposibles de asumir, botando a culpa disto ao goberno de España.

A realidade é que esta lei ven regular un imposto que impón unha Directiva Europeado ano 2018 que grava a incineración e o depósito en vertedoiro por ser as formas medioambientalmente menos recomendables para a xestión de residuos e que na actualidade son as formas preferentes de SOGAMA (Incineración 60%; Vertedoiro 21%).

Isto obriga a SOGAMA ter que asumir o imposto pola súa obsoleta xestión e por nonter mudado en todo este tempo (dende o ano 2010) a forma de tratar os residuos.

Pero a pesar desta carga impositiva (cuxa recadación está transferida á Xunta de Galicia) nos orzamentos da Xunta 2024 se estima que a empresa terá uns beneficios anuais de aproximadamente 300.000 € polo que non é certo que sexa deficitaria.

A Xunta non está a cumprir as recomendacións europeas no referente á xestión de residuos e isto fai que esteamos moi lonxe de cumprir os obxectivos de redución e reciclaxe marcados.

Dende o grupo propoñente desta moción denunciamos esta situación e esiximos ao goberno galego que mude a súa política de xestión de residuos cara unha xestión descentralizada con plantas de proximidade; e primando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro, axudando economicamente aos concellos para a implantación do contedor marrón ou formas análogas de tratamento diferenciado dos residuos orgánicos.

E por suposto non grave aos concellos que levan dende o ano 2019 facendo os deberes cumprindo os compromisos medioambientais coa supresión do 15% da bonificación do canon. Nin utilice o fondo de cooperación local, cuxo obxecto é levara cabo investimentos nos diferentes concellos, para compensar o gravame derivado da súa nefasta xestión.

Dende o grupo Socialista da Deputación Provincial da Coruña mostramos a nosa oposición a esta decisión por entender que existen outros mecanismos que evitarían os sobrecustos que unha xestión obsoleta está a producire a vía para asumilos non pode ser repercutilos na cidadanía.

Por todo o sinalado anteriormente, propoñemos ao Pleno desta corporación Provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Manter o canon establecido aos concellos galegos adscritos á xestión de residuos en Sogama de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

2. Manter a anterior bonificación do 15 % deste canon unitario, cos mesmos requisitos, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

3. Que se reparta a contia de 12.100.000 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos, utilizando como criterio de reparto o número de toneladas depositadas por cada concello. Trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraído do Fondo de Cooperación Local.

4-. Que achegue a SOGAMA a cantidade total recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos para implementar bonificacións no canon dos concellos. Deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo, como poden ser:

4.a. Promover a redución da produción de lixo e/ou incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros.

4.b. Trasladar esta rebaixa aos recibos da veciñanza e implantar a recollida separada da materia orgánica.

4.c. Instaurar un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario en concellos.

5.Incrementar as subvencións aos concellos para implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen dos recursos para a implantación da recollida selectiva da fracción orgánica.

6.Que se constitúa unha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio

Ambiente e Facenda e a FEGAMP para determinar as condicións do canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano- e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galicia, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto contedor, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria ou financiando modelos de xestión alternativos.

7.Ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022 para favorecer a xestión de proximidade.

Sr. Presidente

Empezamos coa moción que presenta o Grupo Provincial Popular.

Sr. Amado de la Fuente

Bos días a todos. A mediados deste ano, a Sociedade Galega de Medio Ambiente procedeu a analizar o canon de 2024 tras as medidas aplicadas polo Estado no marco da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, como por exemplo os impostos ao vertido e á incineración, uns tributos que representaron o ano pasado unha contía de 9,1 millóns de euros que a empresa pública soportou cos seus propios recursos apoiando aos concellos para non gravar máis as arcas municipais. Ademais, a través dunha orde ministerial publicada a mediados de 2023, o Goberno central suprimiu a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama comprometida ata o ano 2026, momento no que finalizaría a súa vida útil, e diminuíu a retribución á explotación da planta de coxeración, ademais de recuperar o imposto eléctrico do 7%. Durante o período de exposición da lei estatal de residuos de 2022, a Xunta de Galicia presentou alegacións á implantación dos novos impostos, ao tempo que pediu á Fegamp que a secundara, facendo esta oídos xordos á solicitude trasladada polo Goberno autonómico.

Se ben o Estado e o propio Partido Socialista, escudándose no argumento de que a aplicación dos impostos ao vertido e á incineración obedece a unha transposición dunha directiva europea, o certo é que na actualidade a práctica totalidade dos países europeos non instauraron eses tributos. De cara a 2025, procedeuse ao anuncio de que Sogama prevé establecer unha nova actualización do canon, dada a intención do Estado de dar continuidade a estas medidas. Isto suporía que, dunha media de 66 euros/tonelada que os concellos aboan este ano, grazas á achega da Xunta a través do Fondo de Cooperación Local adicional de 12 euros/tonelada –do contrario, serían 78 euros/tonelada–, o canon do próximo ano ascendería a 108 euros/tonelada. Por todo isto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta as seguintes propostas, de acordo:

Exixir ao Goberno central que dea marcha atrás e suprima todos os impostos que gravan a actividade do tratamento de residuos.

Segundo punto, exixir ao Goberno central que recupere a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama ao que tiña dereito ata o final da súa vida útil, 2026.

E terceiro, unha vez que o Goberno central atenda estas peticións, exixir a Sogama que se comprometa a non aplicar a suba prevista para 2025.

Moitas grazas.

Sra. Veira González

Vale, moitas grazas. En primeiro lugar, bo día a todas e a todos.

Ben, coma todo, o taxazo de Sogama aos concellos por parte da Xunta de Galiza ten unhas causas e ten unhas consecuencias, pero o Partido Popular, na súa moción, coma sempre, responsabiliza de todo o Goberno central, pero obvia bastantes cousas que eu si quería relatar neste debate da moción. En primeiro lugar, obvia a directiva europea que tivo que traspoñer o Goberno do Estado español, obvian que a Unión Europea, diante do incumprimento maioritario dos Estados membros dos obxectivos de reciclaxe da directiva anterior, lanzou unha nova directiva de residuos que establecía importantes modificacións e obxectivos máis ambiciosos. E sabe cando o fixo?, foi en 2018, e estamos en 2024, e os obxectivos fixábanse para 2025 a 2030. Porque, miren, a directiva de 2008 xa establecía unha xerarquía de residuos: prevención, preparación para a reutilización, reciclaxe, valorización para outros fins e eliminación. Falaba de que se debían establecer plans de xestión de residuos e programas de prevención de residuos. E que fixo a Xunta de Galiza en canto a iso?, apostar por Sogama, por Sogama, por Sogama, pola incineración, polo vertido, etc., así sempre.

Introducía daquela uns obxectivos de reciclaxe e valorización que debían alcanzarse para o ano 2020 en relación cos residuos domésticos dun 50%. Pero o Estado español incumpriu estes obxectivos, e as porcentaxes entre comunidades autónomas varían, pero o que si está claro é que Galiza está á cola en reciclaxe. En 2020 Galicia reciclaba un 21%, cando tiña que reciclar un 50%. Pero é que a directiva de modificación, que insisto que se aprobou en 2018, reforza as normas sobre prevención de residuos e, no que respecta á xeración de residuos, debían aprobar medidas que apoiasen os modelos de produción e consumo sostíbeis, fomentasen o deseño, fabricación e o uso de produtos que sexan eficientes no uso de recursos, duradeiros, reparábeis, reutilizábeis, actualizábeis, que tivesen por obxectivo produtos que contivesen materias primas fundamentais, a fin de previr que eses materiais se convertesen en residuos; fomentar a dispoñibilidade de pezas de reposto, manuais de instrución, información técnica ou outros medios que permitisen reparar e reutilizar produtos, sen poñer en risco a súa calidade e seguridade. E tamén dicía que se reducisen as xeracións de residuos alimentarios como contribución aos obxectivos de desenvolvemento sostible das Nacións Unidas para reducir nun 50% os residuos alimentarios per cápita a escala mundial, que fomentasen a redución do contido de substancias perigosas en materiais e produtos e que freasen a xeración de refugallos mariños; e tamén establecía novos obxectivos de reciclaxe de residuos municipais para 2025. Estamos en 2024, reitero, e aprobouse en 2018, e ten que reciclarse un mínimo dun 55% para residuos municipais en peso. Este obxectivo ascendería ao 60% en 2030 e ao 65% para 2035. E os Estados membros debían establecer como moi tarde o 1 de xaneiro de 2025 unha recollida separada de residuos téxtiles e perigosos de orixe doméstica e garantir que, como moi tarde, o 31 de decembro de 2023 os biorresiduos se recollesen de forma separada, ou se reciclasen en orixe; por exemplo, mediante compostaxe.

A directiva –e a isto imos– tamén sinalaba exemplos de incentivos para aplicar a

xerarquía de residuos como taxas en depósitos e vertedoiros e incineración, e sistemas de pago por xeración de residuos. Pero é o imposto á xeración e o depósito previsto na lei estatal de residuos o único motivo polo que Sogama e as contas de Sogama están tensionadas? Non. Primeiro, é certo que se suprimiron as primas ás renovábeis ás que se acollía pola produción de enerxía a partir da queima de residuos e que tiña vixencia até 2026, niso dámoslle a razón pero, aínda que nisto puidesen ter a razón, o certo é que o Goberno galego sabía que isto nalgún momento remataría, e o problema de fondo é que non hai un plan de futuro para a redución e o tratamento do lixo sustentábel, e confirma que Sogama é un proxecto antiecolóxico e fracasado, e que o tensionamento das contas de Sogama –e por isto o taxazo– vén polos custos dos contratos plurianuais asinados nunha deriva suicida da ampliación das instalacións, supostamente coa idea de xestionar todos os residuos producidos en Galiza de maneira centralizada, primando técnicas como a incineración e o depósito en vertedoiro, xusto as técnicas menos sustentábeis e máis penalizadas pola lexislación europea, desbotando sempre outras alternativas moito máis lóxicas, ecolóxicas e adaptadas á realidade galega.

O certo é que hai anos que a Xunta de Galiza non sabe que facer con Sogama e como imputarlles aos concellos o fracaso dun sistema centralizado, obsoleto, moi custoso e antiecolóxico, así como a súa falta de criterio nas políticas ambientais sustentábeis en materia de xestión de residuos. Miren, no outono de 2022, inclúen no borrador de orzamentos para 2023 a eliminación da bonificación dun 10% do canon aos concellos que implementasen a recollida separada dos biorresiduos. Logo dun rexeitamento xeneralizado en vésperas das municipais, Rueda rectifica e anuncia unha bonificación de até un 15% nos concellos con recollida separada de biorresiduos e quinto colector, medida que se comeza a aplicar en 2023. Pero, ollo, chegamos a 2024, a mediados de 2024, pasadas as eleccións municipais e as eleccións galegas, e xa asoman de novo a patiña: o Partido Popular, na Xunta de Galiza, elimina a bonificación e incrementa o canon un 30%, do 68 aos 88. Pensemos que os concellos con bonificación, ou sexa, os que estaban no camiño de facer as cousas ben, pagaban 56 euros por tonelada, e agora para 2025 Sogama, ou sexa, a Xunta de Galicia, anuncia un novo taxazo para 2025 que elevaría a factura aos 108 euros por tonelada. Supoñemos que aos concellos gobernados polo Partido Popular non lles fixo moita graza esta medida, polo que Rueda tivo que anunciar que a Xunta financiaría o 60%. O que non din é de onde van sacar os cartos, o que non din é, como ao final sospeitamos e cremos que vai pasar, que esa factura, tarde ou cedo, acabará chegando aos concellos dunha ou doutra maneira en reducións de fondos doutros tipos e noutros conceptos.

O que non explicou e non está a explicar o Partido Popular, e por iso presenta estas mocións nos concellos, porque estas mocións son unha fuxida cara a diante, o que non está a explicar o Partido Popular e o que non está a explicar Rueda é que medidas van tomar para darlle un xiro á política de residuos, primando e incentivando a recollida selectiva, a reutilización e a reciclaxe para chegar ás porcentaxes que establece a directiva europea. O que hai que abrir –e isto dígoo polas dúas mocións que se presentaron– é un debate sobre o modelo, un debate sobre o modelo, e implementar un gran pacto de país para camiñar cara a un modelo de minimización na xeración de residuos, e ambicioso para aumentar as porcentaxes de reciclaxe e compostaxe. Xa non só para cumprir coas cuestións que establece xa a actual directiva de aplicación nestes momentos, senón para cumprir as exixencias que nos van vir despois, porque isto non é unha volta, non hai volta atrás a isto. Europa cada vez vai ser máis exixente e hai que poñer o acelerador, porque unha das principais contribucións do ser humano ao cambio climático é unha xeración de residuos continuada, coa consecuente imposibilidade

absoluta de xestionalos e que, por outra parte, implica tamén unha utilización desenfreada de recursos naturais.

Desde logo, se hai algunha vontade política de impulsar políticas, nunca mellor dito, medidas para frear o cambio climático e atallar as súas causas, poderiamos comezar por mudar as políticas ambientais en materia de xeración de residuos, porque non hai Galicia B e porque non hai planeta B. Claro que un sempre pode facerlle máis caso ao seu primo catedrático de Sevilla, ou aos seus socios negacionistas do cambio climático e antiobxectivos de desenvolvemento sustentábel. Desde logo, o planeta necesita outra cousa, Galicia necesita outra cousa, necesita un xiro nestas políticas, e vostedes con esta moción o que pretenden é, primeiro, incumprir unha directiva europea, que é bastante grave pero, por outro lado, tamén o que están evitando é un debate profundo sobre Sogama e sobre a xestión de Sogama, están escapando diso, coma sempre acusando o Goberno central. Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas. Estamos ante un capítulo máis desa estratexia do Partido Popular de eludir as súas responsabilidades e culpar sempre o primeiro que pase por alí. Neste caso, xa teñen vostedes a estratexia montada dende hai moito tempo, agora o responsable é o Goberno de España.

Traen unha moción pragada de mentiras e de medias verdades na que, como ben dicía agora e acaba de expoñer a voceira do Bloque Nacionalista Galego, parte dunha premisa falsa, e é que isto se debe a unha lei estatal, cando iso saben vostedes perfectamente que non é verdade, que é a transposición dunha directiva europea aprobada no ano 2018, por certo, cando gobernaba aínda España o Partido Popular, que non presentou ningunha alegación a esa directiva europea, algo que lle bota en cara, por certo, aquí a Federación Galega de Municipios e Provincias, sobre a lei estatal, cando eles non o fixeron a través do seu grupo parlamentario no Parlamento Europeo, nin a través do Goberno de España cando estaban á fronte del co señor Rajoy. Polo tanto, saben perfectamente que esta lei é como consecuencia da obriga imposta por unha directiva europea e non por unha decisión do Goberno de España. Pero, á parte, xa postos a mentir, incluso chegan a dicir na súa moción que, no primeiro parágrafo da segunda folla: “Se ben o Estado e o propio Partido Socialista escúdanse no argumento de que a aplicación dos impostos ao verquido e á incineración obedece a unha transposición dunha directiva europea, o certo é que na actualidade a práctica totalidade dos países europeos non instauraron estes tributos”. Iso é unha verdade a medias, cando non unha mentira, porque hai distintos Estados, ata eu creo que son oito Estados en Europa que corren o risco de incumprir o obxectivo dos residuos urbanos imposto pola UE, entre eles España. Isto dío un informe da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións do 8 de xuño de 2023, di que hai 8 Estados da Unión Europea, entre eles España, que corren o risco de incumprir esa directiva. Pero di, ao mesmo tempo, que hai outros Estados que si están a cumprir, polo tanto, están a cumprir cos compromisos e cos obxectivos fixados nesa directiva, que son Bélxica, Chequia, Dinamarca, Alemaña, Italia, Luxemburgo, Países Baixos, Austria e Eslovenia. Por tanto, non é certo que haxa moitos países que non teñan aplicada esa norma, senón que moitos deles xa a están a cumprir. Por tanto, non é necesario facelo.

E voulles dar un dato: cada galego xera aproximadamente 36,75 quilogramos ao mes de residuos; un alemán, 10 quilogramos; un rumano, 25,8; e un polaco 30. Esa é a

cuestión, que é o que comentaba a voceira do BNG, aquí hai un problema de modelo, de que a Xunta de Galicia, a pesar de coñecer esta directiva europea, xa non só esta, senón a anterior da que procede esta, que é de 2008, que xa dicía que había que camiñar cara á reciclaxe de residuos e ir eliminando ese modelo de incineración e soterramento, dende o ano 2008 non mudou o modelo de Sogama, seguen exactamente co mesmo modelo, a pesar de coñecer esas dúas directivas europeas e agora da nova lei. Por tanto, loxicamente, a directiva europea establece que, loxicamente, o que contamina paga e, polo tanto, non queda outra que, nun modelo que está esgotado e que non cumpre cos requisitos que establece Europa, pois é o que hai.

Por que a Xunta de Galicia non optou por outro sistema? En Alemaña, por exemplo, ten un sistema de reciclaxe con pequenas plantas de reciclaxe; aquí non, aquí óptase, como ben se dicía con anterioridade, por centralizar o modelo nunha única planta. E, claro, onte anuncia o señor Rueda que vai bonificar o 60% dese incremento; e por que non bonifica o 100%?, por que o 60%? Claro, iso facémolo ao mesmo tempo que reducimos, por exemplo, o imposto ao patrimonio para aqueles que teñen un patrimonio de dous millóns de euros, e a Xunta deixa de recadar case 40 millóns de euros. Ben, pois ese incremento total son 48 millóns; con deixar o imposto de patrimonio tal e como o tiñan, e non facerlles ese regalo aos que teñen máis de dous millóns de euros, que non creo que teñan moitos problemas económicos, xa tiña practicamente custeado ese incremento dos custos derivados desa directiva europea que foi transposta a través dunha lei estatal. Pero non, o fácil é dicir que a culpa é do Estado, rebaixarlles os impostos aos ricos e que despois a totalidade dos galegos e as galegas paguen un incremento que case supón cerca do 50% do custo do tratamento de residuos, pasando de 66 euros a 108. Pois esa é a cuestión. Quixérona facer antes e non había desculpa; agora, como xa teñen a desculpa, que é esa lei, froito dunha transposición, como digo, dunha directiva europea, pois xa teñen a quen botarlle culpa, que é ao Goberno do Estado, pero iso é falso, é unha falacia, total e absoluta.

Por tanto, terán vostedes que adoptar algún tipo de medida nese Goberno da Xunta de Galicia que presiden para cambiar ese modelo e para facelo máis rendible e máis sustentable dende o punto de vista económico e apostar máis pola reciclaxe, porque non o están a facer. Hai moi pouco apoio aos concellos, e aquí hai alcaldes e alcaldesas do PP que están sentados e que saben perfectamente que o que estou a dicir é verdade. Hai moi pouco apoio por parte da Xunta de Galicia para os sistemas de reciclaxe, moi pouco. E, se aínda encima esa alcaldía non está gobernada polo PP, hai moito menos aínda. Non imos cumprir cos obxectivos do colector marrón; que fixo a Xunta de Galicia para implementalo? A maioría de concellos que teñen colectores marróns compráronos, por certo, con cargo, moitos deles, ao Plan Único da Deputación. Cantas liñas de axuda houbo da Xunta de Galicia para iso? E a quen lle caeron esas liñas de axuda, porque non foron en concorrencia competitiva nin foron a través dun plan onde se repartiran eses recursos cun criterio obxectivo, que sería o lóxico, en base ao número de veciños que eu teña e das toneladas de residuos que se xeren. Sería o normal, pero non; sacan esas liñas que todos sabemos como funcionan, que caen sempre do mesmo lado, e iso son datos obxectivos, non o estou inventando eu, podemos acudir, se queren vostedes, á documentación oficial da Xunta de Galicia. Por tanto, non se escuden en botarlles a culpa aos demais. Vostedes non queren asumir dende a Xunta de Galicia que ese modelo xa está esgotado, que incumpre a normativa europea e, polo tanto, o que están a pedir é que o Goberno de España, nesta moción o que están a pedir vostedes é que o Goberno de España incumpra a lexislación europea. Claramente é o que están a dicir, porque eliminar esa lei é o que suporía, porque está obrigado a traspoñer esa directiva europea a

lexislación estatal. E vostedes din que non, que non o faga. Ben, pois moi ben, se esa é a solución, se vostedes cren que esa é a solución para dar solución, valla a redundancia, á problemática do tratamento dos residuos en Galicia e para reducir o número de toneladas que xera cada galego e poder estar un pouco no nivel deses países europeos que son países equiparables a España, algúns deles, outros nin sequera iso, como Malta, sinceramente, nós non compartimos esa visión que teñen vostedes desta problemática e como se aborda. Outra cousa é que vostedes unha vez máis, agora si, se escuden en que hai unha lei e que, polo tanto, é Pedro Sánchez o culpable unha vez máis de todos os males desta comunidade autónoma, pero os que rebaixan os impostos aos ricos, reducindo os ingresos da Xunta de Galicia son vostedes, non somos nós. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Amado de la Fuente

Si, para rematar, simplemente dicir que na vosa exposición me parece ben que confundades certas cousas. Cando se xeran residuos é porque hai unha lei de envases en España que tamén había que modificar, porque gran parte do problema que temos en España nos residuos vén polos envases que teñen os alimentos na lei de envases, e aí hai grandes produtores que van asociados a través de Ecoembes e Ecovidrio, que teñen moito que falar e teñen que falar tamén da financiamento. Se falamos de directivas europeas e imos traspoñelas todas, traspoñémolas todas, non só aquelas que nos interesan e, sobre todo, cun mínimo de lealdade institucional, contestar as alegacións e as cuestións que formulou a Xunta ante esta lei, que a data de hoxe aínda non se cuestionaron.

Falan do modelo de Sogama; probablemente hai modelos mellores e coñecidos, pero cal propoñen vostedes? Hai unha contestación ao Bloque Nacionalista Galego no Parlamento de Galicia por parte do Ministerio, onde di que o modelo húmido-seco non é aplicable tampouco. E dígoo porque en Galicia son os dous únicos modelos que existen, o modelo húmido-seco e o modelo Sogama. E curiosamente, está aquí a contestación do Parlamento, di que non existe ese modelo que se poida aplicar. Entón, dende Sogama o que se vai intentar seguir facendo é seguir investindo en tecnoloxía. Máis de 100 millóns de euros se investiron nos últimos anos en tecnoloxía para minimizar o efecto das partículas contaminantes. O que se vai seguir facendo é seguir tendo unha sociedade pública e coas contas saneadas, que saben vostedes que é a única condición para poder ter usabilidade, e seguir fomentando a reciclaxe a través de campañas de financiamento, porque, xa lle digo, falar e vir aquí e non presentar un modelo alternativo tamén é moi fácil.

Dende aquí dar as grazas ao presidente Rueda pola bonificación que lle fai a este tema e que atendeu a sensibilidade dos galegos. Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

É curioso que diga vostede agora que a responsabilidade dunha lei estatal de envases, pero na súa moción non propón esa modificación. Vostede acaba de dicir aquí que hai que modificala, e traen unha moción e resulta que non fala diso. Home, pois, se o problema en gran medida é unha lei estatal de envases, vostede na súa moción agora terá que incluír unha addenda cun novo punto, solicitando ao Goberno do Estado que se modifique esa lei, pero iso non o pide. Entón, ou non fai vostede os deberes ou non os fai quen fai a moción. Algo falla. Porque o seu principal argumento agora mesmo acaba de

ser ese, contándonos a milonga de que Sogama inviste moito en tecnoloxía. Home, por favor, e xa para rematar, a guinda do pastel, dicindo que o señor Rueda, grazas pola súa preocupación sobre este tema e atendendo ás demandas dos galegos e das galegas, que é?, subirlles un corenta e pico por cento o recibo do lixo. Vostede cre que iso é unha demanda dos galegos e das galegas? Vostede atopa moitos veciños da Coruña, na cidade na que vostede é concelleiro, ou calquera outra cidade, que o paren pola rúa dicindo que queren pagar un 40% máis no recibo dos residuos. Eu penso que iso... Na Coruña porque efectivamente está Nostián; podo dicir calquera outra provincia, aquí hai máis alcaldes. Hai algún alcalde, alcaldesa ou concelleiro que lle pidan os seus veciños pagar máis? Que eu saiba non, polo tanto non se está atendendo ningún tipo de solicitude da veciñanza de Galicia, ningún. A única que atenden vostedes, sabe cal é? a dos que ten máis de dous millóns de euros facendo que paguen menos impostos e polo tanto recadando menos e polo tanto facendo que a Xunta teña que detraer recursos dos concellos a través deses impostos para a súa veciñanza ou a través do Fondo de cooperación local, que hai que ter cara para dicir na moción que grazas a que a Xunta aboe este ano... grazas á achega da Xunta a través do Fondo de cooperación. Pero se o Fondo de cooperación é noso; grazas de que?, se levan con el conxelado un montón de anos, incrementalo non como o POS, con vostedes 20 millóns, con nós cen. E vostede benefíciase diso, pero non o di. Esa é a diferenza, ten un Fondo de cooperación minguado. As velutinas, si vaino pagar a Xunta; de onde o quitan?, do Fondo de Cooperación. Ou aqueles concellos que teñen institucións penitenciarias, paga máis recursos a Xunta, a través de que? do Fondo de Cooperación; por tanto, pagamos nós, os concellos, e a Xunta invita. Unha vez máis outra falacia nesta moción. Xa está ben, xa está ben de maltratar o municipalismo, xa está ben. E, se os que están aí asentados, por moi do PP que foran, defenderan por riba de todo os intereses dos veciños e veciñas, estarían votando moitas cousas que propoñemos aquí en moitas ocasións para eliminar ese desleixo da Xunta Galicia co municipalismo neste país, que nos leva a asumir recursos, con recursos propios, competencias que son deles sen que se nos dea nin un céntimo, e iso vainos a todos no peto, tamén aos veciños de Arteixo e aos de moitos concellos do Partido Popular, non só do Partido Socialista ou do BNG, a todos, porque quero, o que pasa é que non se pode nomear. ...Si, e o Fondo de Cooperación local tamén, e o Fondo de Cooperación local tamén, a diferenza é que vostedes mantéñeno conxelado e nós multiplicámolo por 5, esa é a diferenza.

Sr. Presidente

Un momento, Bernardo. De forma ordenada; despois, se queres intervir, tes a palabra, Bernardo.

Sr. Fernández Piñeiro

Xa está, xa rematei a miña intervención. Non sei se van facer a addenda a esta moción con esa modificación da lei que vostede aduciu como responsabilidade en gran medida da situación que temos en Galicia co tratamento dos residuos.

Sr. Amado de la Fuente

Non, falei da lei de residuos porque é algo que vostedes nomearon cando falaron dos quilos que producen os españois. É algo que está demostrado que a lei de residuos afecta a todos os españois, non só aos galegos, debido precisamente á súa implantación, e que sería necesaria unha modificación. Pero non é asunto este o de Sogama, aquí

vimos falar de Sogama, non da lei de residuos. Eu o único que puxen foi o exemplo que puxeron vostedes dos 35 quilos que produce cada español. Noutros países que teñen menos produción vén precisamente porque as cousas van con distintas embalaxes ou menos embaladas. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Procedemos á votación. Primeiro votamos a do Partido Popular.

Sr. Fernández Piñeiro

Na nosa moción propoñemos unha pequena modificación.

Sr. Presidente

Non, non.

Sr. Fernández Piñeiro

Non se pode? Nin eliminación dun punto tampouco?

Sr. Presidente

Conxuntamente non.

Sr. Fernández Piñeiro

Refírome á que imos votar agora. Polo que dicía o presidente, antes de proceder á votación...

Sr. Presidente

Primeiro acabamos a votación esta que estaba.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados/as (PP)
Votan en contra: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Decae a moción.

Sr. Presidente

E agora procedemos á votación da seguinte moción do Partido Popular; non, do Partido Socialista, onde formulas eliminar un punto.

Sr. Fernández Piñeiro

Modificar o punto número 4. Dígolles agora como quedaría. Sería eliminar o punto 4. Só o que é o punto 4 en si e manter o punto 4.a 4.b e 4.c.

Eu tiña pensado debater agora outra, pero, se se van votar porque o debate xa está feito, propóñoo agora, cal é o problema?

Sr. Presidente

Concretamente...

Sr. Fernández Piñeiro

Sería eliminar o punto 4 dos acordos da moción do Partido Socialista e substituílo por "instar a Xunta a". Punto 4.a: promover a redución. É dicir, o punto 4.a, 4.b e 4.c quedaría exactamente igual. Só eliminariamos o que é o punto 4 en si e substituiriámolo por "instar a Xunta de Galicia".

Sr. Presidente

Moi ben. Procedemos entón á votación?

Sra. Secretaria

Pero están claros os termos da votación?

Sr. Presidente

Si, están; tan claros que van votar en contra.

Sr. Fernández Piñeiro

Punto 4, elimínase como tal o punto 4, primeiro parágrafo do punto 4, e substitúese por "instar a Xunta de Galicia a", dous puntos, e manteriamos o punto 4.a, 4.b e 4.c. ...Que terceiro punto?... Non, modifícase o punto 4, dixen. Dous puntos, claro, dous puntos, dous puntos. Estamos espesos hoxe.

Sr. Presidente

Listo, procedemos á votación. A favor, Gelo, fe cega, fe cega.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (9 do PSOE e 6 do BNG)
Votan en contra: 13 deputados/as (PP)
Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE en relación á suba do canon que os Concellos abonan a SOGAMA pola xestión dos seus residuos.

A sociedade Xestora de residuos de Galicia SOGAMA que xestiona os residuos de 295

concellos galegos estableceu en 2019 a bonificación do 10% no canon de lixo aos Concellos que se comprometeran a reducir o volume de lixo e envases lixeiros así coma a repercutir esta rebaixa nos recibos á veciñanza.

Desta proposta beneficiáronse os Concellos galegos que reduciron a cantidade de lixo xerado cumprindo un dos principios fundamentais na xerarquía de residuos, polo tanto facendo ben os deberes medioambientais.

Na lei de acompañamento dos orzamentos 2023 coñecíamos a intención de SOGAMA de suprimir esta bonificación amparándose no aumento dos custos de luz e gas da súas instalacións, pero ante a resposta social e por parte dos concellos que esta medida ocasionou, finalmente o goberno galego tivo que recuar e substituíu esta medida pola bonificación do 15% condicionada esta vez especificamente á implantación do contedor marrón e ao traslado aos recibos da rebaixa.

No pasado mes de Xuño de 2024 SOGAMA anunciou a eliminación destabonificación do canon para os meses que quedan de 2024.

A consecuencia disto dende o mes de Xullo a taxa de SOGAMA aos Concellos quedou fixada en 66 euros por tonelada, suprimindo ademais a rebaixa do 15 % da que se beneficiaban 118 municipios pola implantación do contedor marrón.

Esta cantidade de 66 € calculouse facendo unha media cos 68,05 euros de xaneiro a xuño e os 88,05 euros estimados para a segunda metade do ano.

A media serían 78 euros pero lle restan os 12 euros procedentes do fondo de cooperación local.

Neste momento o goberno galego está a aplicar esta suba a pesar do malestar existente nos concellos e anuncia novamente que no ano 2025 incrementará a cota que pasará dos 66 euros actuais a 108 €, o que vai ocasionar un gran impacto nas arcas municipais e en consecuencia tamén no recibo da veciñanza.

O motivo que alega a entidade para xustificar esta suba é o imposto estatal reguladona Lei 7/22, de 8 de abril, de Residuos y suelos contaminados que provoca uns sobrecustos imposibles de asumir, botando a culpa disto ao goberno de España.

A realidade é que esta lei ven regular un imposto que impón unha Directiva Europeado ano 2018 que grava a incineración e o depósito en vertedoiro por ser as formas medioambientalmente menos recomendables para a xestión de residuos e que na actualidade son as formas preferentes de SOGAMA (Incineración 60%; Vertedoiro 21%).

Isto obriga a SOGAMA ter que asumir o imposto pola súa obsoleta xestión e por nonter mudado en todo este tempo (dende o ano 2010) a forma de tratar os residuos.

Pero a pesar desta carga impositiva (cuxa recadación está transferida á Xunta de Galicia) nos orzamentos da Xunta 2024 se estima que a empresa terá uns beneficios anuais de aproximadamente 300.000 € polo que non é certo que sexa deficitaria.

A Xunta non está a cumprir as recomendacións europeas no referente á xestión de

residuos e isto fai que esteamos moi lonxe de cumprir os obxectivos de redución e reciclaxe marcados.

Dende o grupo propoñente desta moción denunciamos esta situación e esiximos ao goberno galego que mude a súa política de xestión de residuos cara unha xestión descentralizada con plantas de proximidade; e primando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro, axudando economicamente aos concellos para a implantación do contedor marrón ou formas análogas de tratamento diferenciado dos residuos orgánicos.
E por suposto non grave aos concellos que levan dende o ano 2019 facendo os deberes cumprindo os compromisos medioambientais coa supresión do 15% da bonificación do canon. Nin utilice o fondo de cooperación local, cuxo obxecto é levara cabo investimentos nos diferentes concellos, para compensar o gravame derivado da súa nefasta xestión.

Dende o grupo Socialista da Deputación Provincial da Coruña mostramos a nosa oposición a esta decisión por entender que existen outros mecanismos que evitarían os sobrecustos que unha xestión obsoleta está a producire a vía para asumilos non pode ser repercutilos na cidadanía.

Por todo o sinalado anteriormente, propoñemos ao Pleno desta corporación Provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Manter o canon establecido aos concellos galegos adscritos á xestión de residuos en Sogama de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

2. Manter a anterior bonificación do 15 % deste canon unitario, cos mesmos requisitos, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

3. Que se reparta a contia de 12.100.000 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos, utilizando como criterio de reparto o número de toneladas depositadas por cada concello. Trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraído do Fondo de Cooperación Local.

4. Instar á Xunta de Galicia a:

4.a. Promover a redución da produción de lixo e/ou incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros.

4.b. Trasladar esta rebaixa aos recibos da veciñanza e implantar a recollida separada da materia orgánica.

4.c. Instaurar un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario en concellos.

5.Incrementar as subvencións aos concellos para implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos

concellos non dispoñen dos recursos para a implantación da recollida selectiva da fracción orgánica.

6.Que se constitúa unha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP para determinar as condicións do canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano- e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galicia, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto contedor, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria ou financiando modelos de xestión alternativos.

7.Ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022 para favorecer a xestión de proximidade.

Sr. Presidente

Hai unha seguinte moción que presentan grupos provinciais do PSdeG-PSOE e BNG, relativa á situación da educación na provincia da Coruña.

3.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG relativa á situación da Educación na Provincia da Coruña

No ano 2023 sindicatos e Xunta de Galicia asinaron un acordo no que se fixaban uns criterios de referencia para a agrupación de varios cursos nunha mesma aula para a fixación de novas ratios máximas de alumnado por aula.

Aceptábase que a agrupación de cursos distintos nunha mesma aula só se levaría a cabo se a suma dos diferentes niveis daba lugar a un grupo máximo de 14 alumnos (se todos eran do mesmo ciclo) e de 12 (se eran de ciclos distintos).

Porén, segundo veñen denunciando dende as federacións de ANPAS numerosos centros de ensino da provincia, maioritariamente de zonas rurais, se estarían a producir agrupamentos de alumnado de cursos distintos que incumprirían eses criterios.

Ademais, que en varios casos non se respectan as novas ratios máximas de alumnado por aula nin se ten en conta a presenza de alumnado dunha discapacidade maior do 33 % (que debería contar coma dous alumnos) e de alumnado cun grado de discapacidade maior a ó 65 % ou un grado de dependencia de II ou III (que debería contar como tres).

Esta situación prodúcese na inmensa maioría en centros situados en núcleos rurais da nosa provincia, os cales sempre contan cun mínimo de recursos para o alumnado, relegándoos a ser nenas e nenos de segunda, as familias séntense desprotexidas á hora de ofreces ás súas fillas e fillos unha educación de calidade.

É máis, vimos como nestes días a propia Federación de Mulleres Rurais de Galicia solicitoulle á Xunta de Galicia que antes de que o día 11 de setembro arrinque o curso escolar 2024/25 mellore a dotación de recursos humanos e materiais nas escolas rurais

galegas a través de políticas activas centradas na loita contra o despoboamento do interior de Galicia. Para esta organización, o recente anuncio da modificación de cocientes na agrupación de nenos no nivel infantil e primaria, unido a á falla de persoal de apoio para nenos e nenas con necesidades especiais, está provocando unha diminución na calidade da educación e discriminación respecto a o que sucede nas zonas urbanas.

A Federación denunciou tamén que este ano a Consellería de Educación anunciou o peche de seis centros rurais, que se suma aos dos de anos anteriores.

A Consellaría de Educación, pola súa banda, sinala que "non existe ningún incumprimento" que "como cada ano por estas datas, avalíanse os datos e organízanse as unidades escolares en función das matrículas centro a centro. Isto inclúe a toma de decisións sobre agrupamentos naqueles casos onde o número de alumnos é moi baixo, pero isto, si se fai, é a posteriori e tardiamente mantendo aos familias na incerteza de onde escolarizará aos seus nenos e nenas.

Esta situación prodúcese pola reducida dotación de recursos, especialmente humanos, para a escola pública, e nomeadamente nas zonas rurais. Unha falta de profesorado que prexudica ao conxunto do alumnado e aos propios docentes, cunha carga de traballo e saturación por riba do normal e do soportable. Non se pode traballar igual nunha aula só con alumnado de primeiro curso, que traballar noutra con alumnado de primeiro e segundo ou traballar noutra con alumnado de primeiro, segundo e terceiro, sobre todo cando no momento da programación do próximo curso existe incerteza de como será a organización e a dotación de recursos.

Esta incerteza fai que, como sucedeu o ano pasado, as familias que non teñen garantida a escolarización no centro do seu concello decida trasladar aos nenos a cidades próximas coa conseguinte despoboamento dos centros de ensino e do rural.

Por todo o sinalado anteriormente, propoñemos ao Pleno desta corporación Provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS:
PRIMEIRO: Instar á Xunta de Galicia á non limitación de matricula nos primeiros cursos de cada ciclo e realizar o desdobre de unidades necesaria así como a dotación de recursos humanos e materiais que fagan posible o cumprimento das ratios máximas.

SEGUNDO: Instar á Xunta de Galicia a dotar de persoal de apoio e especialistas que permitan en todos os casos e centros dar apoio ao alumnado con necesidades especiais e que permita a verdadeira integración do alumnado con necesidades educativas especiais.

TERCEIRO: Instar á Xunta de Galicia a crear un plan específico para facer fronte ao mantemento da calidade educativa no medio rural que permita a supervivencia dos centros escolares nos concellos da Provincia da Coruña que se enfrontan a un importante reto demográfico.

Sr. Fernández Piñeiro

Vou dar lectura. No ano 2023 sindicatos e Xunta de Galicia asinaron un acordo no que se fixaban os criterios de referencia para a agrupación de varios cursos nunha mesma aula para a fixación de novas ratios máximas de alumnado por aula. Aceptábase que a agrupación de cursos distintos nunha mesma aula só se levaría a cabo se a suma dos diferentes niveis daba lugar a un grupo máximo de 14 alumnos e todos eran do mesmo ciclo e de 12 se eran de ciclos distintos. Porén, segundo veñen denunciando dende as federacións de ANPAS, numerosos centros de ensino da provincia, maioritariamente de zonas rurais, estaríanse a producir agrupamentos do alumnado de cursos distintos que incumprían eses criterios. Ademais, en varios casos non se respectan as novas ratios máximas de alumnado por aula nin se ten en conta a presenza de alumnado dunha discapacidade maior do 33%, que debería contar como dous alumnos, e do alumnado cun grao de discapacidade maior ao 65%, o grao dependencia 2 ou 3, que debería contar como 3.

Esta situación prodúcese na inmensa maioría en centros situados en núcleos rurais da nosa provincia, os cales sempre contan cun mínimo de recursos para o alumnado, relegándoas a ser nenas e nenos de segunda, as familias séntense desprotexidas á hora de ofrecerlles ás súas fillas e fillos unha educación de calidade. É máis, vimos como nestes días a propia Federación de Mulleres Rurais de Galicia solicitoulle á Xunta de Galicia que, antes de que o día 11 de setembro arrinque o curso escolar 24-25, mellore a dotación dos recursos humanos e materiais nas escolas rurais galegas a través de políticas activas centradas na loita contra o despoboamento do interior de Galicia. Para esta organización o recente anuncio da modificación de cocientes na agrupación de nenos no nivel Infantil e Primaria, unido á falla de persoal de apoio para nenos e nenas con necesidades especiais, está provocando unha diminución na calidade de educación e discriminación respecto ao que sucede nas zonas urbanas.

A Federación denunciou tamén que este ano a Consellería de Educación anunciou o peche de seis centros rurais, que se suman aos dos anos anteriores. A Consellería de Educación, pola súa banda, sinala que non existe ningún incumprimento e, como cada ano por estas datas, avalíanse os datos e organízanse as unidades escolares en función das matrículas, centro e censo. Isto inclúe a toma de decisións sobre agrupamentos naqueles casos onde o número de alumnos é moi baixo, pero isto, se se fai, é *a posteriori* e tardiamente, mantendo as familias na incerteza de onde escolarizará os seus nenos e nenas.

Esta situación prodúcese pola reducida dotación de recursos, especialmente humanos para a escola pública e nomeadamente nas zonas rurais. Unha falta de profesorado que prexudica o conxunto do alumnado e os propios docentes, cunha carga de traballo e saturación por riba do normal e do soportable. Non se pode traballar igual nunha aula só con alumnado de primeiro curso que traballar noutra con alumnado de primeiro e segundo ou traballar noutra con alumnado de primeiro, segundo e terceiro, sobre todo cando no momento da programación do próximo curso existe incerteza de como será a organización e dotación de recursos. Esa incerteza fai que, como sucedeu o ano pasado, as familias que non teñen garantida a escolarización no centro do seu concello, decida trasladar os nenos a cidades próximas, co conseguinte despoboamento dos centros de ensino do rural.

Por todo o sinalado anteriormente, propoñemos ao Pleno da Corporación a

adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Instar a Xunta de Galicia á non limitación de matrícula nos primeiros cursos de cada ciclo e realizar o desdobre de unidades necesarias, así como a dotación de recursos humanos e materiais que fagan posible o cumprimento das ratios máximas.

Segundo: Instar a Xunta de Galicia a dotar de persoal de apoio e especialistas que permitan en todos os casos e centros dar apoio ao alumnado con necesidades especiais e que permita a verdadeira integración do alumnado con necesidades educativas especiais.

Terceiro: Instar a Xunta de Galicia a crear un plan específico para facer fronte ao mantemento da calidade educativa no medio rural que permita a supervivencia dos centros escolares nos concellos da provincia da Coruña que se enfrontan a un importante reto demográfico.

Sr. Caamaño López

Señor presidente, compañeiros e compañeiras da Deputación, bo día. Tócame a min responder a esta moción que presentan os grupos provinciais do PSdeG e do Bloque Nacionalista Galego, e teño que recoñecer que estou agradecido por que me toque a min, simplemente por dúas razóns: unha porque realmente a educación é un tema dunha importancia fundamental na vida social, e outra tamén porque, a nivel persoal a educación forma parte da miña traxectoria profesional, persoal, da miña propia identidade, como lle pasará a algún dos deputados aquí presentes. Por tanto, os problemas que afectan ao mundo da educación son problemas que, polo menos no meu caso, tamén sinto como propios, e é un gusto ter un espazo para discutilos e tentar buscar solucións.

Penso que todos somos conscientes, evidentemente tamén nós, das dificultades e incluso das debilidades inherentes ao sistema educativo, moitas delas cun carácter estrutural e de que, por tanto, hai moitas cousas que temos que mellorar. Agora ben, tamén penso que en Galicia, e a Xunta de Galicia está facendo, este ano penso que con máis claridade que nunca, un esforzo considerable na procura de mellorar o noso sistema educativo, algo que queda reflectido xa en dous datos básicos: este ano destínanse a educación 3.000 millóns de euros, que é o orzamento máis alto da historia por cuarto ano consecutivo e somos unha das comunidades que máis inviste en educación.

Todo este esforzo, en primeiro lugar desde un punto de vista económico, parece, polo menos polos datos que temos, que está dando bos resultados. Galicia está ben situada en varios campos, como matemáticas, comprensión lectora... nalgunhas cuestións que todos coñecen. Ademais, nos últimos anos conseguiuse baixar o fracaso escolar ata un 9,1% e aumentar a empregabilidade da FP ata un 85%, que chega case ao 100% na FP dual. Evidentemente, en todo se pode mellorar e penso que esa é a liña que se está seguindo.

Neste curso, ademais, como anticipaba antes, iniciouse un proceso de transformación sen precedentes, un proceso no que ocupa un lugar moi importante o acordo de mellora ao que fan referencia na súa moción e que asinaron hai case un ano a Consellería de Educación e algúns sindicatos, salvo un. Isto é importante telo en conta, porque en realidade, e a pesar dalgunhas das críticas presentes na súa moción, e quizá tamén a

pesar dalgunhas dificultades que están xurdindo, o que se está facendo é tentando cumprir ese acordo do xeito máis eficaz posible, sen crear máis prexuízos dos que o sistema de por si xa ten, especialmente no mundo rural. Incluso con base a acordo, acábase de poñer en marcha tamén o Plan Mega, o Plan de mellora educativa en Galicia, cun investimento de máis de 77 millóns de euros precisamente para avaliar as posibles debilidades dos centros, asegurar o éxito escolar, a inclusión e a equidade e o desenvolvemento integral do alumnado.

En calquera caso, eu creo que o relevante aquí, polo que din na moción, é o acordo ao que se refiren que se aprobou hai case un ano e, en base a ese acordo, pois voume referir só a tres cuestións que son as que aparecen na súa moción: a dos ratios, a do profesorado e a do ensino no rural. Vou ser breve.

En canto aos ratios, temos que dicir que neste curso escolar Galicia ten unha baixada histórica de ratios que vai permitir reducir o número de alumnos por clase nun 20%. Isto o que significa é que se poida mellorar a atención que reciben. De feito, a pesar dalgunhas críticas, repito, esta medida tamén a valoraron positivamente os sindicatos. Agora ben, seguindo o propio acordo, o que se está facendo é mellorar as ratios de xeito progresivo, comezando por cuarto de Infantil, onde se pasou de 25 a 20. Coa aplicación das melloras, vanse poder manter abertas 204 aulas que, doutro xeito, pecharían por falta de alumnado. Calcúlase que serán 900 en 3 anos.

En segundo lugar, en canto ao profesorado. Neste curso temos 3.289 alumnos menos no ensino, pero non obstante contamos coa cifra máis alta de profesorado de historia, máis de 31.000 profesores, con moitos profesionais dedicados ademais á atención á diversidade. De feito, o 93,6% do alumnado con necesidades educativas especiais está matriculado en centros ordinarios, que é un 10% máis que a media estatal, e iso penso que é algo significativo de cara á inclusión. Neste tema, unha medida pioneira é precisamente a ponderación do alumnado con necesidades educativas especiais a efectos de ratios, que pasan de contar por 2 ou 3 en función do grao de discapacidade, como ben din na súa moción, e isto tamén supón ter que facer un reforzo educativo importante. Todo isto tradúcese en que non se van reducir aulas nin profesorado en ningunha etapa, é dicir, temos menos alumnos, pero no entanto temos máis aulas e máis profesores.

E, por último, en canto ao ensino no rural tamén se están a implementar medidas extraordinarias para manter estable a rede de centros, especialmente pensando no rural. Este ano por primeira vez non se van pechar escolas con 5 alumnos cando presenten unha evolución de matrícula positiva e isto está permitindo manter abertos varios centros neste curso. Ademais, comezouse a reducir o número máximo de alumnos agrupados en aulas de Infantil, que pasa de 18 a 14. E é que, certamente, non podemos entender o sistema educativo galego sen o rural, onde están 4 de cada 10 centros e 2 de cada 10 alumnos. Aínda así, e o que é máis importante, Galicia funciona como distrito único educativo, onde, porén, deben existir as mesmas oportunidades, servizos, programas e resultados e diferenzas en recursos pedagóxicos entre o rural e o urbano. Por iso se inviste un 28% máis nas zonas rurais, debido precisamente ás súas peculiaridades. Fixémonos que en transporte escolar ou comedor Galicia multiplica por 3 a media do gasto a nivel nacional. O 93% dos concellos galegos ten un centro de Infantil e Primaria, fronte ao 55% de España, e o 95% do alumnado de Infantil e Primaria conta cun servizo educativo no seu concello.

O Sr. Lage Tuñas sale do Salón de Plenos.

De acordo co artigo 61 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña o Presidente acorda unha interrupción da sesión.

O Presidente reanuda a sesión incorporándose o Sr. Lage Tuñas.

Sr. Caamaño López

Si, rematando. Que hai dificultades?, evidentemente que as hai, na moción, ao inicio aparecen algunhas e sobre todo hainas normalmente cando se inicia un curso escolar, onde é preciso tamén facer axustes, pero creo que se está nun bo camiño e que, a nivel xeral, Galicia está facendo ben as cousas.

Nós non apoiaremos esta moción, non evidentemente porque non queiramos que os problemas se solucionen, senón porque pensamos, e ese é o compromiso da Xunta, que se está a cumprir do xeito máis rigoroso posible co acordo acadado no seu día e que, ademais, se está a traballar da forma máis eficaz posible por solucionar os problemas habituais ao comezo dun novo curso escolar.

Ao final, cando falamos de educación, o máis importante son os nenos, as nenas, os estudantes e as estudantes, e eu creo que é de agradecer tamén neste tempo a actitude, o diálogo que se produciu coas distintas entidades, porque, cando hai colaboración –isto tamén sucede entre grupos políticos– e non só confrontación, pois todo é máis fácil, sobre todo nun tema de tanta relevancia, tan transversal e tan básico na vida social como é o tema da educación. Grazas.

Sra. Veira González

A verdade é que o Partido Popular sempre con estas mocións, como con outras de sanidade, vén aquí, e dígoo con respecto, pero a vomitar datos sobre a súa grandísima política en materia educativa e logo está a realidade, a realidade que vivimos as nais que temos fillos nos centros públicos de ensino, despois está a realidade do profesorado que intenta facer o seu traballo nos centros de ensino, e está a realidade, efectivamente, que viven os nenos e as nenas no noso país. Vostedes sempre falan de que se crea moitísimo profesorado, de que se atende moi ben as necesidades especiais, de que se fai todo estupendamente pero, se se fai todo estupendamente, por que fai falta un Plan de mellora do ensino en Galiza, se todo está moi ben?, por que se ten que crear ese plan? A min gustaríame sabelo.

A realidade é que os docentes e as docentes intentan facer o seu traballo nas mellores condicións, pero a Xunta de Galiza non llelo pon nada fácil. E, para comezar, a estabilidade dos cadros de persoal nos propios centros educativos, os propios claustros, porque a realidade é que non hai unha estabilidade que permita que haxa un proxecto educativo nos centros de ensino. Os cambios son absolutamente continuos, porque en realidade non hai unha estabilidade laboral dentro do profesorado. Falan vostedes, que xa non sei nin como se atreven, das necesidades especiais e de como se atenden os nenos e nenas con necesidades especiais ou específicas de atención educativa dentro do ensino galego. E que é absolutamente incríbel, porque hai cinco anos a realidade é que os centros educativos tiñan os seus profesionais de pedagoxía terapéutica, de audición e linguaxe, etc., e os centros agora xa están acostumados a ter que compartir

mesmo nas cidades –porque non só pasa no rural– a compartir estes profesionais; estes profesionais, cando teñen que estar nun centro e noutro, ao final non poden atender a realidade de cada un dos centros nos que están, porque non dá tempo material nin físico para atender as necesidades de cada un dos nenos en cada un dos centros. Esa é a realidade que se vive diariamente nos centros en Galiza, e vostedes veñen aquí con datos que ademais non son certos. Vostedes din que se aumentaron as prazas de profesorado, non, mire, as 1.256 persoas que hai traballando e que vostedes alegan en moitas ocasións no ensino en Galiza a maiores, non son prazas a maiores, son persoas que aprobaron a súa oposición, pero eran prazas que se estaban ofrecendo con interinidades e que agora son de xente que aprobou unha oposición.

Miren, vostedes ademais veñen aquí a gabarse de que hai unha ratio menor en Galicia e de que hai menos nenos por profesor en Galicia. Miren, iso é un dato moi perverso, porque en realidade vostedes o que están utilizando é unha realidade demográfica no noso país que é que cada vez hai menos nenos dicindo que efectivamente así tocan a menos nenos por profesor, pero obvian que hai un montón de centros onde as aulas están masificadas; obvian como se contan os nenos que hai por aula; obvian que a vostedes dálles igual que nunha clase haxa 10 nenos con necesidades educativas especiais, como se fose o mesmo que houbese 25 nenos sen necesidades de atención educativa especial como se non a tivesen, contan exactamente o mesmo para vostedes; por non falar, falaba vostede de que o importante son os nenos, a cantidade de situacións que se viven no ensino diariamente de desatención dos nenos, sobre todo os que teñen peores situacións, falemos socioeconómicas, falemos do ámbito intrafamiliar, podemos falar, efectivamente, das necesidades específicas ou se hai unha discapacidade. Hai unha desatención por parte da Xunta de Galiza destes menores absoluta, e iso impide que ao final o ensino público teña a función que ten que ter, que é de corrector das desigualdades sociais, e en Galicia en particular tampouco é corrector das desigualdades en materia territorial, porque vostedes non están atendendo o rural, non é certo. A cantidade de unidades que se veñen eliminando desde 2009, desde que gobernan vostedes no rural é ben importante. E vostedes poden retorcer o que queiran as cifras, pero a realidade é que hai un montón de núcleos de poboación no noso país que onde tiñan unha escola agora non teñen unha escola, porque vostedes as eliminan e así non hai maneira de que en realidade haxa unha implantación territorial da xente no noso país, porque ao final se teñen que mudar porque non hai servizos, e isto é por culpa das políticas que implementan vostedes, e de ninguén máis, e non poden vostedes culpar a ninguén, aquí non teñen a quen culpar. E, se necesitan medios económicos, xa llo dixo o voceiro do Partido Socialista, podían implementar outra política fiscal en Galicia que consistise en recadar máis impostos de quen máis ten, porque evidentemente fan falta medios económicos para soster o ensino, pero vostedes tampouco os queren recadar, porque queren atender as necesidades doutros, pero non as necesidades dos servizos públicos do noso país. Neste caso estamos falando de ensino, pero xa temos falado noutras ocasións de sanidade.

Polo tanto, en definitiva, o que queremos é que se aprobe esta moción e non deixamos de renunciar desde o Grupo Provincial do BNG a exixirlle á Xunta que cumpra co seu deber, que cumpra co rural e que cumpra co ensino público do noso país. Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, dicía o representante do Partido Popular ao final da súa intervención que non

ían votar esta moción porque crían que se estaba cumprindo co pactado, entre outras cousas, e iso non é verdade. Non votan a moción porque lle reclama algo á Xunta de Galicia, que é o que fan sempre con todas as mocións que se traen a este Pleno reclamando calquera cousa por nimia que sexa á Xunta de Galicia ou poñendo de manifesto un déficit na xestión da Xunta de Galicia, que non será perfecta porque ninguén o é. Pois ese é o motivo polo que vostedes votan en contra, non é porque se teña cumprido co pactado nin moitísimo menos.

Din vostedes que todo funciona moi ben, que efectivamente hai problemáticas, pero que patatín e patatán. Despois, como ben dicía a voceira do BNG, soltan vostedes datos a ver se pasa, como dicir "Galicia é unha das comunidades que máis inviste en educación", iso é mentira. Os datos oficiais remitidos polas autonomías ao Ministerio establecen que, de 17, Galicia ocupa o posto número 11. Home, pois se nunha carreira hai 17 participantes e un queda de 11, entre os primeiros non quedou, polo menos na miña aldea, non sei se por aí diante pois si, pero sería algo sorprendente. Por tanto, non está nas que máis invisten. Está no posto número 11 dun listado de 17, cando, ademais, tendo en conta á parte da argumentación que vostede poñía sobre a mesa, da dispersión poboacional, da cantidade de núcleos de poboación que ten Galicia, que case ten tantos como o resto do Estado, debería ser a que máis investise. Porque, loxicamente, tratándose dun servizo público que non se pode valorar nin moito menos medir con criterios economicistas, loxicamente para poder achegar a educación a todos eses núcleos e loitar contra ese despoboamento do rural do que a Xunta tanto fala pero que non aborda con ningún tipo de medida concreta, deberían investir vostedes máis en educación, precisamente para que esa dispersión ou eses núcleos poboacionais poidan estar atendidos cun servizo básico como é o da educación e non facer, pois o que está acontecendo na actualidade, que moitos deles acaban quedando sen poboación porque non teñen recursos, entre eles o da educación, que é fundamental para manter os máis novos neses lugares.

E despois di vostede que isto pouco máis que funciona moi ben, que non se reduce, que se contrata máis xente, e vostedes contrataron 400 profesionais, case todos eles sufragados con cargo ao PROA; por certo, o PROA, onde o Estado, achega cartos para contratar, aí non falan do Goberno de España, que casualidade, aí esqueceuse. E deses 400, a maior parte deles están contratados para suplir os docentes que non puideron iniciar o curso por distintos motivos, ao mesmo tempo que reducen casualmente, algo que é importantísimo, como son os especialistas en audición e linguaxe e pedagoxía terapéutica.

Mire, nós estes días estamos percorrendo a provincia, reuníndonos con distintos colectivos e ANPAS e entidades relacionadas coa educación, e hai moitos concellos desta provincia onde se reduciron especialistas. Hai cidades en Galicia que teñen ata un 14% de rapaces e rapazas con necesidades especiais, é un número elevadísimo, e están desatendidos pola Administración. Contábannos onte en Laxe dun centro educativo, non en Laxe, senón nesa comarca de Bergantiños, que tiña antes dous especialistas en pedagoxía terapéutica e agora ten un a media xornada, cos mesmos nenos. Pois ese é un exemplo da sensibilidade que ten a Xunta de Galicia coa educación e, sobre todo, coa educación naqueles sectores que máis o necesitan, que son as persoas, os rapaces e rapazas con necesidades especiais, aos que en gran medida teñen abandonados. E iso hai que dicilo así, e non o dicimos nós.

E voulle ler só algúns dos casos desa suposta boa xestión, que xa vai ver vostede

que non o di o Partido Socialista, non o di este voceiro, nin o grupo provincial, nin sequera o meu partido en ningún outro ámbito. Dino as ANPAS e as asociacións de nais e pais.

- En Rianxo, Asociación de Nais e Pais do CEIP José María Brea Segade saíron con pancartas ao exterior do centro para pedir que se cumpra a ratio de alumnos por profesor. Non se cumpre.
- No CEIP Castelao manifestáronse o día de inicio de curso para reivindicar a falta de profesorado, especialmente no apoio educativo.
- A ANPA do CEIP de María Diéguez, de Asados, realizou a recollida de firmas para expresar o rexeitamento ante os recortes sufridos para demandar un especialista en pedagoxía terapéutica e outro en audición e linguaxe.
- En Boiro no IES A Cachada, as protestas centráronse na axenda o primeiro día do curso escolar, por ter pasado, segundo explican, de tres profesores especialistas a un, cando a previsión é que inicien o curso 102 nenos con algún tipo de dificultade. Súmanse ás protestas outros centros da zona, como Santabaia, Crespón, Cabo Abanqueiro e o CEIP de María Diéguez, de Asados, porque teñen necesidades para cubrir as prazas de pedagoxía terapéutica, audición e linguaxe.
- En Ferrol, no IES Ferrol Vello iniciaron este mércores unha folga de tres días para protestar pola redución do profesorado nas aulas. Explican que a redución do cadro de profesorado provocou a eliminación da rama de letras.
- No CEIP Ledicia de Caranza protagonizaron este martes unha cacerolada para protestar pola decisión da Xunta de non facer desdobres nos cursos de Primaria; denuncian que a ratio de 20 alumnos por clase non se cumpre en segundo e cuarto de Primaria, e piden un profesor de apoio.
- En Brión, no CEIP de Pedrouzos, onde as familias fixeron visible o seu malestar polos recortes do profesorado.
- Santiago de Compostela, outro exemplo, o CEIP Quiroga Palacios, a ANPA explica que se supera o límite máximo de estudantes por aula nos cursos de quinto e sexto.
- En Laxe, onde estivemos onte no Cabo da Area, protestan pola non asignación de especialistas de audición e linguaxe e pedagoxía terapéutica.
- En Cee, pola redución de profesorado especialista en audición e linguaxe terapéutica, no colexio de Vila de Cee.
- En Fisterra, no CEIP Areouta de Sardiñeiro, os pais decidiron non enviar o mércores día 11 os seus fillos ás clases para protestar polos recortes no centro, onde suprimiron unha praza de pedagoxía terapéutica, ademais de que non se poden facer os dobres necesarios.
- En Miño, no Castro Baixoi, sen profesorado, sen espazos, sen atención á diversidade e sen horario legal, tal e como advirten os propios docentes, que protestaron conxuntamente coas familias ou representantes da ANPA.
- Na Laracha, no IES Agra de Leborís e no CEIP Otero Pedrayo, as familias non só non levaron a cabo actos reivindicativos pola redución do número docentes, senón que optaron por non enviar os seus fillos á clase o primeiro día de curso.

Estes son datos facilitados polas comunidades educativas destes centros, que podo ler máis. Se non é verdade, pois falen vostedes coas ANPAS dos centros. Pero en todo caso esta é información que trasladan eles, non o dicimos nós; as ANPAS e persoal deses centros. Entón non sei, entre a realidade que traslada vostede, que é a da Xunta

de Galicia, e a que trasladamos nós, o alcalde da Laracha di aquí que iso non é certo, ben pois que fale cos representantes da ANPA dos centros educativos do seu concello para poder aclaralo. Pero en todo caso acabo de lerlle unha restra deles, e isto é información que pode vostede coller o teléfono, chamar a todos eses representantes e falar desta cuestión.

Por tanto, ben, pois que quere que lle diga? Sempre nos presentan vostedes unha realidade idílica e despois aqueles que a sofren din o que din. Ben, pois que quere que lle diga? En todo caso, queda claro, nós xa sabiamos desde un principio que vostedes non ían votar esta moción, dá igual o que dixera. Só reclamar calquera cuestión á Xunta de Galicia, aínda que empecemos na exposición de motivos dicindo que a xestión era marabillosa, pero que faría falta contratar e que instamos a Xunta a contratar máis persoal, xa sabiamos que ían votar en contra, porque todo que sexa reclamarlle ao Partido Popular na Xunta de Galicia sabemos que a vostedes non lles gusta, non sei por que; pero, ben, teñen esa manía, que lle imos facer! Nada máis. Moitas grazas.

Sr. López Varela

Simplemente unha aclaración. A verdade é que cando se refire con datos do concello da Laracha se empezaron as clases correctamente, se os alumnos todos, tanto do IES como de Infantil e Primaria asistiron ás clases, asistiron ás clases. Vostede eu creo que confunde datos do curso pasado con este curso, por iso, rógolle que aclare esa situación antes de traer aquí unha cousa que non é verdade.

Sr. Caamaño López

Ben, está claro que os datos son os que son. Despois, vostede, señor Bernardo, a expresión típica súa de humor. Hai un ensaio que é moi bo de Celestino Fernández de la Vega, *O segredo do humor*, e dicía que o humor hai que tomalo moi en serio, e escoitando realmente hai que tomar en serio o que vostede diga, aínda que sexa disfrazado ás veces de certo humor estraño, porque, mire, eu estou tamén na ANPA do colexio das miñas nenas, á señora Veira teño que dicirlle que tamén os do PP levamos os nosos fillos a colexios públicos, no meu caso dúas nenas no ámbito rural, coñecemos tamén o que iso supón, as dificultades, dificultades concretas, a miña nena, en concreto o autobús pasoulle, deixouna na parada comigo alí mirando para o aire; pois, mira, esqueceuse. Non foi o señor Rueda que se esqueceu de vir co autobús por Mazaricos, é dicir, foi un fallo.

Digo que hai moitas reivindicacións, moitas cuestións que aparecen aí na moción que vostede di, que probablemente sexan cuestións que están sucedendo algunhas delas, máis ou menos certas algunhas, pero certamente hai dificultades nalgunhas aplicacións e moitas cousas que hai que mellorar. Niso se está, e penso que o acordo acadado é un impulso para iso e hai que recoñecer o valor positivo que ten, porque ao final o que tenta é mellorar a educación. O plan Mega que criticaba, pois mire o plan Mega ten varios valores importantes: serve para reforzar o sistema, serve para avalialo e ver tamén as debilidades; iso é moi importante no sistema educativo, porque o que non se avalía, desvalorízase, dicimos normalmente no ámbito educativo. Por tanto, iso é o que pretendemos facer, simplemente por unha cuestión básica, que é a de mellorar.

E os do Partido Popular tamén defendemos a educación. Vanse cumprir 30 anos, creo que foi no 96 cando a Unesco publicou un informe titulado "A Educación esconde, -

ou agacha, non sei como se di en galego, agacha un tesouro", e realmente penso que a educación é un tesouro e, como tal, debemos coidala e protexela. Creo que niso estamos, con todas as dificultades. Aquí hai moitos alcaldes e todos son conscientes das dificultades ou da contradición, ou da antinomía por utilizar, por dedicarme á filosofía, esa linguaxe kantiana, aínda que noutro sentido da antinomía, entre recursos limitados e necesidades ilimitadas. Eu penso que se está facendo un esforzo enorme de optimización dos recursos, sobre todo pensando na educación dos nenos e nenas, que ao final é pensar no futuro de Galicia e no futuro do noso país. Hai problemas, hai dificultades, penso que no inicio dun curso escolar sempre isto pode producirse e estou convencido de que se fará todo o posible por que a cousa vaia mellorando e o acordo se poida cumprir do xeito máis rigoroso posible. Grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Eu, de vostede, non falaría de transporte. Penso que é un tema que non lle interesa moito falar del, porque, se comenta o do autobús, que quere que lle diga? É un auténtico desastre o transporte metropolitano en Galicia con todos os contratos, transporte escolar, falamos longo e tendido, manifestacións de todo tipo, xente queixándose, redución de liñas, cargáronse a conselleira, etc. Penso que ese é un tema que eu, de vostede, neste caso non metería de "rondón", é mellor pasar por enriba.

Di vostede que os alcaldes somos conscientes das dificultades; e tanto que somos conscientes. Somos tan conscientes que estamos pagando nós o mantemento e conservación, conserxería e limpeza de centros que non son nosos, que son da Xunta de Galicia, que nos impón os custos derivados dunha competencia autonómica e que non nos dá recursos para poder asumilos, mire vostede ata que punto somos conscientes das dificultades. E somos tan conscientes incluso que na pandemia, cando se triplicaban os custos das desinfeccións, pasando de media, no meu concello, por exemplo, de 3.000 a 9.000 euros ao mes, a Xunta de Galicia non nos achegou nin un céntimo. Mire ata que punto somos conscientes desas dificultades, e somos conscientes das dificultades tamén nas que se atopan moitos centros, que dentro dese aproveitamento que fai a Xunta de Galicia de que a conservación e mantemento dos centros lles corresponde aos concellos un centro que non é meu. Que diría eu se mañá de repente o centro de formación do meu concello non, non, o mantemento e conservación que o asuma a Xunta; e a limpeza e a conserxería tamén, e eu deixo de gastalo, que é o que fai a Xunta de Galicia cos concellos, o que pasa é que, como nós somos máis responsables ca eles, acabamos asumíndoo, ata que nos cansemos, que chegará un día en que nos cansemos. E entón teremos que volver a aquel pacto local que era tan malo, que establecía que a Xunta de Galicia se ía facer cargo dos centros educativos, desgraciadamente, chegaron vostedes ao Goberno e acabouse. Tivemos sorte algúns que o (inaudible) naquel momento cos centros sanitarios; outros aínda ata hai 4 ou 5 anos seguían pagando as conserxerías, limpeza e demais nos centros sanitarios. Por que ten que pagar un concello os custos dun edificio que non é seu nunha materia que non é da súa competencia? Ben, pois igual poderiamos falar tamén diso. Por tanto, di vostede que hai dificultades, claro que hai moitas, para uns hai máis que para outros, porque a uns non lles baixamos os impostos aos ricos, repito. Para argumentar despois que, claro, que hai dificultades, pero os recursos son os que son. Ben, pois podían ter vostedes máis recursos, non renuncien a eles, porque eses que teñen máis de dous millóns de patrimonio seguramente non leven os seus fillos aos colexios públicos, teñen cartos suficientes para pagar noutros sitios. Esa é a diferenza entre uns e outros.

Claro, despois di vostede que se ten que tomar en serio o que digo a pesar do humor. Home, eu intento tomar en serio todo o que din vostedes aquí, incluso ás veces sexa humorístico ou non. Pero, en todo caso, nun tema como este, como a educación, que vostede dicía que era tan importante para unha sociedade, loxicamente eu tómoo moi en serio, como todos e todas os que estamos aquí sentados, de aí nace a vontade desta moción que hoxe traemos aquí, porque as cousas non están ben, non se están a facer ben e vostedes están deixando de lado unha parte importante da poboación que ten necesidades especiais. E non o dicimos nós, dino os pais e nais deses alumnos, que en moitos casos están moitos deles ao bordo de ter problemas, incluso psicolóxicos, por todo o estrés que lles xeran esas situacións e esa indefensión e indefinición que ten neste caso a Xunta de Galicia a este respecto. Nada máis. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: 13 deputados/as
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG relativa á situación da Educación na Provincia da Coruña.

No ano 2023 sindicatos e Xunta de Galicia asinaron un acordo no que se fixaban uns criterios de referencia para a agrupación de varios cursos nunha mesma aula para a fixación de novas ratios máximas de alumnado por aula.

Aceptábase que a agrupación de cursos distintos nunha mesma aula só se levaría a cabo se a suma dos diferentes niveis daba lugar a un grupo máximo de 14 alumnos (se todos eran do mesmo ciclo) e de 12 (se eran de ciclos distintos).

Porén, segundo veñen denunciando dende as federacións de ANPAS numerosos centros de ensino da provincia, maioritariamente de zonas rurais, se estarían a producir agrupamentos de alumnado de cursos distintos que incumprirían eses criterios.

Ademais, que en varios casos non se respectan as novas ratios máximas de alumnado por aula nin se ten en conta a presenza de alumnado dunha discapacidade maior do 33 % (que debería contar coma dous alumnos) e de alumnado cun grado de discapacidade maior a ó 65 % ou un grado de dependencia de II ou III (que debería contar como tres).

Esta situación prodúcese na inmensa maioría en centros situados en núcleos rurais da nosa provincia, os cales sempre contan cun mínimo de recursos para o alumnado, relegándoos a ser nenas e nenos de segunda, as familias séntense desprotexidas á hora de ofreces ás súas fillas e fillos unha educación de calidade.
É máis, vimos como nestes días a propia Federación de Mulleres Rurais de Galicia solicitoulle á Xunta de Galicia que antes de que o día 11 de setembro arrinque o curso

escolar 2024/25 mellore a dotación de recursos humanos e materiais nas escolas rurais galegas a través de políticas activas centradas na loita contra o despoboamento do interior de Galicia. Para esta organización, o recente anuncio da modificación de cocientes na agrupación de nenos no nivel infantil e primaria, unido a á falla de persoal de apoio para nenos e nenas con necesidades especiais, está provocando unha diminución na calidade da educación e discriminación respecto a o que sucede nas zonas urbanas.

A Federación denunciou tamén que este ano a Consellería de Educación anunciou o peche de seis centros rurais, que se suma aos dos de anos anteriores.

A Consellaría de Educación, pola súa banda, sinala que "non existe ningún incumprimento" que "como cada ano por estas datas, avalíanse os datos e organízanse as unidades escolares en función das matrículas centro a centro. Isto inclúe a toma de decisións sobre agrupamentos naqueles casos onde o número de alumnos é moi baixo, pero isto, si se fai, é a posteriori e tardiamente mantendo aos familias na incerteza de onde escolarizará aos seus nenos e nenas.

Esta situación prodúcese pola reducida dotación de recursos, especialmente humanos, para a escola pública, e nomeadamente nas zonas rurais. Unha falta de profesorado que prexudica ao conxunto do alumnado e aos propios docentes, cunha carga de traballo e saturación por riba do normal e do soportable. Non se pode traballar igual nunha aula só con alumnado de primeiro curso, que traballar noutra con alumnado de primeiro e segundo ou traballar noutra con alumnado de primeiro, segundo e terceiro, sobre todo cando no momento da programación do próximo curso existe incerteza de como será a organización e a dotación de recursos.

Esta incerteza fai que, como sucedeu o ano pasado, as familias que non teñen garantida a escolarización no centro do seu concello decida trasladar aos nenos a cidades próximas coa conseguinte despoboamento dos centros de ensino e do rural.

Por todo o sinalado anteriormente, propoñemos ao Pleno desta corporación Provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS:
PRIMEIRO: Instar á Xunta de Galicia á non limitación de matricula nos primeiros cursos de cada ciclo e realizar o desdobre de unidades necesaria así como a dotación de recursos humanos e materiais que fagan posible o cumprimento das ratios máximas.

SEGUNDO: Instar á Xunta de Galicia a dotar de persoal de apoio e especialistas que permitan en todos os casos e centros dar apoio ao alumnado con necesidades especiais e que permita a verdadeira integración do alumnado con necesidades educativas especiais.

TERCEIRO: Instar á Xunta de Galicia a crear un plan específico para facer fronte ao mantemento da calidade educativa no medio rural que permita a supervivencia dos centros escolares nos concellos da Provincia da Coruña que se enfrontan a un importante reto demográfico."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Es una pregunta y a continuación un ruego. Es un tema que no es como los anteriores que, evidentemente nos incumbe a todos, pero no tenemos competencia en los otros temas que hemos tratado, en este sí. Es un tema de competencia estrictamente de esta Diputación y expresamente de la diputada de Vías y Obras. Y es una pregunta, y a continuación un ruego, referida a la DP-3201 de Curtis, de ampliación y mejora del vial provincial "DP-3201 dende o cruce coa AC-231 ata Santaia e A Carregosa". Esta es una cuestión que se aprobó en el año 21 en esta casa, tuvo que hacer alguna modificación el proyecto, ya hace tiempo que ese proyecto ha sido modificado con todos los informes preceptivos, aprobados, etc., y la cuestión es que esta obra no se ha licitado ni se ha contratado.

Claro, aquí hemos hablado en muchas ocasiones y hemos tratado hoy en los anteriores puntos de las mociones sobre los recursos y la capacidad económica que tiene cada Administración. En este caso el dinero está consignado, en esta casa hay más de 300 millones de euros en el banco, esta obra es aprobada desde el año 21 y aquí no se ha movido ni un milímetro de la situación que había. Esto trae consigo una serie de problemática en el Concello de Curtis, hay un problema de seguridad vial importante, con una densidad de tráfico importante, en su momento así se entendió en esta casa, se aprobó este proyecto, el dinero está consignado, el proyecto está aprobado y yo pido, por favor, que está bien, los debates políticos son interesantes e importantes y tendremos más en adelante, y yo creo que es enriquecedor, pero que nos pongamos a lo que tenemos que estar en este Gobierno provincial, que es ejecutar esos trescientos y pico millones de euros, en este caso dinero consignado, aprobado con todos los informes preceptivos, y vamos a empezar a ejecutar el presupuesto para no quedar en el pírrico 40% de todos los años. Nada más y gracias.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Moi bo día a todos e a todas. Ben, señor Evaristo, tomo nota desta petición; é un proxecto antigo, sei, constábame que tiña algún inconveniente dalgunha..., entón vou velo con detalle e nos próximos días poñereime en contacto para aclarar e ver este asunto. De acordo? Grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:44 horas.